

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e nove de xuño de dous mil doce, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Antonio Mouriño Villar, don José Manuel Freire Couto, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez e don Eladio Mangana Novoa, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno e dona Mónica Vázquez Blanco, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xoán Xosé Jardón Pedras, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 31 DE MAIO DE 2012.

O Sr. presidente pregúntalles ós membros asistentes se existe algunha observación que formular ó borrador da acta da sesión anterior, correspondentes á ordinaria do día 31 de maio de 2012, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formula ningunha obxección, declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR EN DEMANDA DA REDUCCIÓN DE TARIFAS FERROVIARIAS NO TRAXECTO OURENSE-SANTIAGO DE COMPOSTELA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Pérez Rodríguez para defende-la moción.

D. Antonio Pérez Rodríguez, do Grupo Popular, dá lectura á moción, co seguinte contido: *“O pasado dez de xuño coñecemos polos medios de comunicación o anuncio realizado pola ministra de Fomento do Goberno de España, no que daba conta da redución do custo do traxecto do Avant entre A Coruña e Santiago, pasando de 11’90 euros a 6’75 euros, unha*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

rebaixa do 43 %. Xustificouse tal decisión na demanda dos usuarios e en estudos técnicos que aseguran que, coa rebaixa, aumentará o número de viaxeiros. O Grupo Popular considera que a rebaixa da política de prezos tamén contribuiría ó aumento do número de viaxeiros entre Ourense e Santiago de Compostela. Cómpre sinalar que coas novas tarifas ente A Coruña e Santiago o prezo aproximado por quilómetro (79 km) sería de 0'09 euros, mentres que en Ourense estamos a pagar pola viaxe a Santiago (100 km) uns 0'15 euros por quilómetro, un dos traxectos máis caros de España. En virtude do exposto, e para que non exista discriminación dos viaxeiros ourensáns respecto dos usuarios da liña que se desprazan dentro da provincia da Coruña, propoñémoslle ó Pleno da Deputación Provincial de Ourense o seguinte acordo: 1º.- Solicitalle a Renfe que reduza as tarifas no traxecto do Avant entre Ourense e Santiago de Compostela, tal e como fixo no traxecto do Avant entre A Coruña e Santiago de Compostela. 2º.- Solicitalles á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e ó Ministerio de Fomento apoio expreso a esta demanda, absolutamente razoable para os intereses dos ourensáns”.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do Grupo do BNG, anuncia que van apoia-la moción, e tamén que vai propoñer unha emenda de adición se se considera oportuna. Hai que partir de que as posibilidades de conexión de Ourense coa capital de Galicia son moi custosas, tanto se escollémo-la autoestrada de peaxe A-53 como o tren, cos prezos que se acaban de reflectir. Recoñecen que aínda que o tren Avant pode ser un avance, non o é tanto se temos en conta eses prezos desproporcionados, que son os máis caros do Estado español, aínda que estean bonificados. Se as viaxes non se complementan non son efectivas, xa que os horarios non se adaptan ós usuarios, agás os luns pola mañá en dirección Compostela ou os venres pola tarde en dirección Ourense, o resto da semana non se cubre nin o 20% das prazas existentes. Todo isto malia ser un investimento multimillonario ó que se lle debería quitar outra utilidade, cuns prezos máis accesibles para os cidadáns e incluso fomenta-lo uso deste medio de transporte que non é contaminante. A súa proposta é para incluír un punto a maiores, se lles parece ben ó Grupo Popular e ó deputado que presenta esta moción, nos seguintes termos: *A Deputación solicita do Ministerio de Fomento unha adaptación de horarios na conexión Ourense-A Coruña, tendo en conta as necesidades e horarios dos potenciais usuarios: empregados públicos con destino en Santiago, estudantes, traballadores, etcétera.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, está de acordo coa emenda de adición que presenta o BNG, porque era algo que tamén tiñan pensado expoñer xa que cren que os horarios non se adecúan moi ben ás necesidades reais dos usuarios. Anuncia o voto a favor do seu grupo, pois están de acordo coas reivindicacións que se fan na moción. O seu grupo sempre pediu o reequilibrio territorial e que sexa unha realidade e non unha frase oca de contido, como o demostra o goberno da Xunta de Galicia un día si e outro tamén con esta provincia, secundada polo actual goberno central. Se fosen mal pensados utilizarían unha frase que utilizou o Sr. Álvarez Dobaño no pasado Pleno, na que se facía mención ó *tufillo electoral*, pero en principio van crer na realidade, que non é outra que os señores do Grupo Popular non só pensan igual que os do Grupo Socialista –polo menos nesta moción ponse de manifesto- en que tanto o goberno da Xunta como o goberno central o están facendo moi mal, senón que, ademais, a esta provincia en particular están a tratala lamentablemente. Só esperan que o Sr. Núñez Feijoo, que presume de ourensán, ou a Sra. Pastor, que presume de galega aínda que non o demostra, cumbran o que reivindica o Grupo Popular desta Deputación, xa que todos son do mesmo partido político. Espera que o Grupo Popular siga con estas boas intencións para a provincia, aínda que lamenta que noutras reivindicacións solicitadas pola oposición o Grupo Popular vote en contra. O Grupo Socialista sempre apoiará as reivindicacións que se fagan para a provincia.

D. Antonio Pérez Rodríguez, do Grupo Popular, concorda coa achega que fixo o portavoz do BNG e o seu grupo acepta a emenda de adición. Tamén están de acordo co que manifestou o portavoz do BNG en que o traxecto Ourense-Santiago, tanto por autoestrada como no tren Avant, é moi caro. Esta moción está pensada para que aumenten os viaxeiros do tren cun abaratamento do prezo da viaxe. Todos entendemos que esta moción vai no sentido do reequilibrio territorial e esta Deputación e o seu presidente non só falan del, senón que o demostran cos feitos. O Grupo Popular da Deputación nunca dixo que o goberno da Xunta ou o goberno central o estean facendo mal, é algo que dixo o portavoz do Grupo Socialista e pídelle que non lles atribúa cousas que non din. Como aclaración di que a ministra, que se está preocupando por esta Comunidade e por esta provincia, é galega de facto, pero naceu en Zamora.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, pensa que o presidente desta Deputación ten que defende-los intereses da nosa provincia como se demostra con esta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

moción, pero o problema é que quen non nos defende son o presidente da Xunta ou a Sra. ministra, porque só hai que ve-las voltas que se lle está dando á estación do Ave en Ourense. Quere crer nas boas intencións, xa que outras veces, en épocas electorais, ó mellor as intencións son outras. Non entra a valorar onde nace cada persoa, pero si valora os compromisos que se cumpren. Lembra debates neste Pleno en relación co Ave, onde se falaba dos compromisos do anterior ministro que era galego e eses compromisos están aí, e outros pasaron de pedir cousas e compromisos a agora estar calados, e non se refire a ningún desta Deputación, senón que se refire ó presidente da Xunta. Entenden que esta reivindicación é xusta e que o reequilibrio territorial non é xusto coa provincia de Ourense.

D. Antonio Pérez Rodríguez, do Grupo Popular, manifesta que as mocións que se presentan neste Pleno son para debatelas e o labor dos deputados é aprobalas ou non. O anterior ministro de Fomento, o Sr. Blanco, non cumpriu ningún compromiso con esta provincia; outra cousa son os compromisos que asumiu dona Ana Pastor, que son unha realidade, xa que podemos ver no BOE que hai unha achega de 1.000 millóns de euros para o Ave tramo Ourense. No BOE do 11 de xuño sae un convenio marco que asina a Xunta de Galicia co Estado de varios millóns de euros, para execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais.

D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do Grupo do BNG, sente non aterse ó regulamento pero quere intervir novamente para agradece-lo apoio á súa emenda de adición.

O **Sr. presidente** intervén para dicir que non falan de reequilibrio senón que reivindicán o equilibrio territorial, xa que entende que o reequilibrio procede cando houbo equilibrio e sempre estivemos nunha situación de desvantaxe.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Popular, coa emenda de adición proposta polo Grupo do BNG, e por unanimidade dos vinte e cinco deputados provinciais, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1.- Solicitalle a Renfe que reduza as tarifas no traxecto do Avant entre Ourense e Santiago de Compostela, tal e como fixo no traxecto do Avant entre A Coruña e Santiago de Compostela.
- 2.- Solicitalles á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e ó Ministerio de Fomento apoio expreso a esta demanda, absolutamente razoable para os intereses dos ourensáns.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

3.- Solicitar do Ministerio de Fomento unha adaptación de horarios na conexión Ourense-A Coruña, tendo en conta as necesidades e horarios dos potenciais usuarios: empregados/as públicos con destino en Santiago, estudantes, traballadores, etcétera.

3º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA PROVINCIAL DE CREACIÓN DO FICHEIRO AUTOMATIZADO DE PARTICIPANTES EN ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DE EMPREGO DO INORDE.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Patrimonio, Goberno e Réxime Interior.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e por unanimidade dos vinte e cinco deputados provinciais, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza provincial de creación do ficheiro automatizado Participantes en Acciós de Promoción de Emprego do INORDE, aprobada por acordo do seu Consello Reitor en data 21 de xuño de 2012, co seguinte contido:

Artigo 1.- Obxecto.

Esta ordenanza ditada ó abeiro do artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos, ten por obxecto a creación do ficheiro automatizado de datos do INORDE denominado: Participantes en Acciós de Promoción de Emprego.

Artigo 2.- Finalidade e uso previsto

O ficheiro automatizado de datos de Participantes en Acciós de Promoción de Emprego ten como finalidade a xestión dos datos das persoas asesoradas ou participantes en actividades de formación e apoio a emprendedores, empresarios e persoas en busca de emprego.

Artigo 3.- Persoas ou colectivos afectados.

O ficheiro automatizado de datos de Participantes en Acciós de Promoción de Emprego integrará datos de carácter persoal dos participantes en acciós de promoción de emprego.

Artigo 4.- Recollida de datos.

A recollida de datos realizarase por medio de comunicación oral, escrita ou telemática mediante formularios cubertos polo/a interesado/a tanto en soporte papel como informático ou electrónico.

Artigo 5.- Estrutura básica do ficheiro.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

A continuación preséntase a estrutura básica do ficheiro, indicando os datos de carácter persoal concretos:

- Datos de carácter identificativo: Nome, apelidos, NIF, enderezo, teléfono, correo electrónico, imaxe/voz,
- Outro tipo de datos: circunstancias sociais, económicos, financeiros e de seguros, transacción de bens e servizos, características persoais, académicos e profesionais e detalles de emprego, información comercial.

Artigo 6.- Cesión de datos

A cesión de datos que contén este ficheiro, sen necesidade de consentimento da persoa afectada, soamente se poderá realizar a favor doutras administracións públicas ou da Administración de Xustiza, cando estas precisen os ditos datos para o exercicio das súas competencias, ó abeiro da lexislación vixente.

Os datos serán cedidos, en todo caso, á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e ó Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia SA (BIC Galicia), dependente da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

Artigo 7.- Responsable do ficheiro

Será responsable do ficheiro automatizado, para os efectos previstos na Lei orgánica de protección de datos, o INORDE.

Artigo 8.- Dereitos sobre o ficheiro

Os dereitos de acceso e rectificación, cancelación e oposición que a lexislación vixente lles recoñece ós interesados exercitaranse mediante solicitude dirixida ó presidente do INORDE, que se tramitará a través da xerencia.

Artigo 9.- Nivel de seguridade

Aplicaráselle o ficheiro de Participantes en Accións de Promoción de Emprego as medidas do nivel de seguridade básico.

Artigo 10.- Sistema de tratamento

O tratamento do ficheiro será mixto.

Disposición final.- Esta ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte ó da súa publicación no BOP, sempre que transcorresen os prazos previstos na lexislación de réxime local, ou, no seu defecto, ó día seguinte de que transcorreran os ditos prazos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

2º.- Somete-lo dito acordo a información pública, polo prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no BOP, para a presentación de reclamacións e suxestións. As ditas reclamacións e suxestións serán resoltas polo Pleno desta Deputación Provincial. No caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

4º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA PROVINCIAL DE CREACIÓN DO FICHEIRO AUTOMATIZADO DE AXENTES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DO INORDE .-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Patrimonio, Goberno e Réxime Interior.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e por unanimidade dos vinte e cinco deputados provinciais, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza provincial de creación do ficheiro automatizado de Axentes de Promoción Económica do INORDE, aprobada por acordo do seu Consello Reitor en data 21 de xuño de 2012, co seguinte contido:

Artigo 1.- Obxecto.

Esta ordenanza ditada ó abeiro do artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos, ten por obxecto a creación do ficheiro automatizado do INORDE denominado: “Axentes de Promoción Económica”.

Artigo 2.- Finalidade do ficheiro e uso previsto

A finalidade do ficheiro é xestionar os datos dos axentes de promoción económica ou axentes de emprego e desenvolvemento local que prestan servizo no INORDE, co fin de poder ser identificables polos usuarios ós que dirixen as súas accións.

Artigo 3.- Persoas ou colectivos afectados.

O ficheiro automatizado de datos de Axentes de Promoción Económica integrará datos de carácter persoal dos axentes de promoción económica que prestan servizo no INORDE.

Artigo 4.- Recollida de datos.

A recollida de datos realizarase por medio de comunicación oral, escrita ou telemática mediante formularios cubertos polo/a traballador/a tanto en soporte papel como informático ou electrónico.

Artigo 5.- Estrutura básica do ficheiro.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

A continuación preséntase a estrutura básica do ficheiro, indicando os datos de carácter persoal concretos:

- Datos de carácter identificativo: Nome, apelidos, NIF, enderezo, teléfono, enderezo electrónico, número de Seguridade Social/mutualidade, imaxe/voz, sinatura/pegada
- Outro tipo de datos: circunstancias sociais, información comercial, económicos, financeiros e de seguros, transacción de bens e servizos, características persoais, académicos e profesionais e detalles de emprego.

Artigo 6.- Cesión de datos

A cesión de datos que contén este ficheiro, sen necesidade de consentimento da persoa afectada, soamente se poderá realizar a favor doutras administracións públicas ou da Administración de Xustiza, cando estas precisen os ditos datos para o exercicio das súas competencias, ó abeiro da lexislación vixente.

Os datos serán cedidos, en todo caso, á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e ó Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia SA (BIC Galicia), dependente da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

Artigo 7.- Responsable do ficheiro

Será responsable do ficheiro automatizado, para os efectos previstos na Lei orgánica de protección de datos, o INORDE

Artigo 8.- Dereitos sobre o ficheiro

Os dereitos de acceso e rectificación, cancelación e oposición que a lexislación vixente lles recoñece ós interesados exercitaranse mediante solicitude dirixida ó presidente do INORDE, que se tramitará a través da xerencia.

Artigo 9.- Nivel de seguridade

Aplicaráselle o ficheiro de: Axentes de Promoción Económica as medidas de seguridade do nivel básico.

Artigo 10.- Sistema de tratamento

O tratamento do ficheiro será mixto.

Disposición final.- Esta ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte ó da súa publicación no BOP, sempre que transcorresen os prazos previstos na lexislación de réxime local, ou, no seu defecto, ó día seguinte de que transcorreran os ditos prazos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

2º.- Somete-lo dito acordo a información pública, polo prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no BOP, para a presentación de reclamacións e suxestións. As ditas reclamacións e suxestións serán resoltas polo Pleno desta Deputación Provincial. No caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

5º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA ESPECIAL DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO “ESCOLA DE EQUITACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE”.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do BNG, di que o BNG nunca entendeu moi ben, desde o ámbito das competencias, como a Deputación se puxo a prestar estes servizos. Ó longo destes anos de funcionamento téñense demostrado uns servizos catalogados de ruinosos e cun claro perfil antieconómico. Lembra que hai uns anos se gastaron nese centro un montón de miles de euros para adecua-las súas instalacións, cre que con fondos europeos. Agora establécese este procedemento para a súa xestión indirecta, cunha serie de obrigas que chaman a atención. O adxudicatario vai ter tres obrigas moi sinxelas: compra-los cabalos (no prego figura equinos) por 8.000 euros, comprar toda a maquinaria polo prezo de 16.000 euros e satisfacer un canon mensual de 750 euros, que dá un total anual de 9.000 euros durante 10 anos. A dúbida que lles xorde é qué se fai co persoal, porque están adscritos a esa escola un total de 16 traballadores, e a empresa adxudicataria non vai te-la obriga de subrogar a ese persoal. Pregúntase cal é o aforro e cal é a motivación, porque ó adxudicatario vánselle entregar unhas instalacións con todo tipo de servizos, os animais, a maquinaria, 18 hectáreas de terreo, etcétera. No prego só se fala de dous criterios de adxudicación: un é a valoración do proxecto de explotación da Escola de Equitación de Vilamarín, de 0 a 45 puntos (dun total de 50), a xuízo dun comité de expertos designado con tal fin, con especial consideración do interese social da proposta e da súa viabilidade; o segundo criterio, é o canon ofertado pola explotación da Escola de Equitación de Vilamarín, adxudicándose 5 puntos ó maior canon ofertado e ós

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

demais a que corresponda de acordo coa regra que se reflicte no prego. Tráese esta proposta ó Pleno para adoptar este acordo, pero a súa adxudicación se vai someter á Xunta de Goberno, pregúntase por qué non se fai tamén no Pleno.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, coincide coas dúbidas que se expoñen. Anuncia a abstención do seu grupo, aínda que é certo que este grupo sempre pediu a transferencia a outras administracións, ou outro tipo xestión destas competencias, impropias da Deputación. Están de acordo con isto, pero non con que se empece a traspasar competencias que, dentro do malo, sexan as menos lesivas para a Deputación. A Escola de Equitación non tiña persoal adscrito (ou iso é o que lles dixeron nas comisións) e cunha boa demanda de usuarios que pagaban o servizo, polo tanto non ten nada que ver con “granxas ou con outros departamentos” desta casa, que ademais de non prestar ningún servizo que se poida valorar, teñen unha carga de persoal excesiva, como se ten dito en moitas ocasións. Con isto quere dicir que se empezamos polas menos lesivas imos ter que apandar coas que prestan servizos improdutivos e co seu persoal, porque ningunha outra administración ou ningunha outra empresa ou ente similar vai querer facerse cargo. O Grupo Socialista ten dúbidas máis que razoables de que este prego de condicións sexa beneficioso para a Deputación, pois chámalle-la atención as cantidades que se manexan, como por exemplo o seu alugueiro de 750 euros ó mes, cando non hai moito que se investiu unha cantidade de diñeiro importante nesas instalacións. Outro exemplo son os prezos da maquinaria, xa que calquera cidadán pode comprobar que o prezo que se oferta pola maquinaria está taxado dez veces menos do seu valor no mercado de segunda man. Tamén lles xorden dúbidas en relación con quen formará parte do comité de expertos. Reitera o que dixo o Sr. Jardón en canto a que se trae a este Pleno o prego pero despois se vai adxudicar en Xunta de Goberno. Tal e como está este prego dedúcese que será un traxe a medida, e nese sentido o seu grupo quere por enriba de todo que, se nos desfacemos de competencias impropias da Deputación, non o fagamos a prezo de saldo, senón intentar que o malgasto que se produciu anteriormente se poida ver recuperado o máis posible. O anterior presidente da Deputación dicía que podía estar de acordo en desfacernos destas competencias pero que nunca o faría a prezo de saldo e que quen as levase debería paga-lo que se investiu nelas. Seguro que todos lembramos que dicía textualmente “quen coma a carne que leve os ósos”. Por todo isto o seu grupo se vai abster, porque entenden que as cousas se poden facer doutro xeito, aínda que están de acordo co traspaso destas competencias pero non coa forma.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

Espera que se somos capaces de facer algunha transferencia máis de equinos ou doutro tipo de granxas, coincidan o fondo e a forma, e se é así terán o apoio do Grupo Socialista.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que con este expediente de contratación estamos a cumprir co plan estratéxico da Deputación (Plan Ourense 92) que presentou o Sr. presidente para os anos 2012-2015, a cuxa presentación non asistiron. Este expediente vaille supor á Deputación, por un lado un aforro de 200.000 euros ó ano, que é o que se pretende, e por outro lado vaille supor uns ingresos –cuestionados pola oposición– de 750 euros ó mes, máis o IVE incrementado no IPC correspondente cada ano. Estase cuestionando un procedemento de libre concorrência antes de facelo, porque o Sr. Gómez dixo que se estaba a facer un traxe a medida e dille que se sabe para quen é o traxe que o diga publicamente e non sementar dúbidas porque si. Os servizos técnicos da Deputación fixeron un prego adaptado á lexislación vixente e cuns prezos baseados en informes técnicos e á alza. Para rematar di que lle gustaría que o Sr. Gómez na súa segunda intervención lle matizase ó do traxe á medida.

D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do Grupo do BNG, preguntase en qué aforramos, porque acaba de darse unha cifra global de 200.000 euros pero segue tendo a dúbida. Pregunta en qué partidas se aforra e cal é o número de traballadores adscritos a ese Centro Escola de Vilamarín. Pregunta tamén que se vai facer co Centro Ecuestre de Antela, porque ese é o banco malo. Non dubida de que é un procedemento aberto de libre concorrência cun sistema á alza, o que cuestiona é o fondo. Anuncia que o seu grupo vai votar en contra porque non se inclúe a xestión do persoal, absteríanse se se incluíse a xestión do persoal para que fose subrogado nesa contratación pública.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que non pasa nada por chamarlles ás cousas polo seu nome e por dicir que se vai privatiza-lo servizo. É consecuente co que manifesta neste Pleno e por iso non foi á presentación do Sr. presidente, porque non estaba de acordo coas formas nas que se presentou, e non vai a ningún sitio de *aplausómetro*, e algún día dará datos do que causou ese *aplausómetro* e outros nesta Deputación. Como grupo maioritario da oposición ten dereito a sabe-lo que se fai e a que se lle presenten os asuntos en tempo e forma, porque el non é palmeiro de ninguén. No punto seguinte da orde do día deste Pleno referirase ós bos criterios dese Plan estratéxico. En canto ó traxe a medida di que fala do fondo, só faltaría que legalmente non se cumprisen as condicións, pero xórdelle a dúbida de por qué ese comité de expertos non avalía primeiro o prego e pon as

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

condicións necesarias para que sexa ó máis adecuado posible ós prezos de mercado. O que quixo dicir era que se podía deducir que era un traxe a medida, non que non sexa legal e de libre concorrência, pero non quixo insinuar que fose para alguén en concreto. É consciente de que se aforra con isto, pero tamén de que se perde patrimonio polos investimentos que se teñen feito.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, como se di popularmente “pau se remas pau se non remas”. A oposición leva ano tras ano dicindo que hai que desfacerse destas competencias impropias e cando o fai cuestiónase por qué o fai e só se poñen reparos. Con respecto ó traxe a medida só pediu que se aclarase por qué se dixo iso e alégrase da aclaración, porque con esas palabras o que se podía deducir era que a Deputación xa tiña o cliente. Pide que se deixe corre-lo proceso administrativo, que se examine o expediente e logo dici-lo que teñan que dicir, pero non se poden cuestiona-las cousas antes de que empecen. Se os deputados socialistas non foron á presentación do Plan Ourense 92 foi porque non lles deu a gana e alí aplaudiu quen quixo, xa que estaban invitados tódolos grupos políticos e moitos colectivos. A valoración que se fai dos equinos e da maquinaria non é un capricho do equipo de goberno nin do seu presidente; esta valoración está feita polos técnicos. Con respecto ó aforro, xa falou dunha cantidade estimada de 200.000 euros. En relación co persoal, cóstanlle dous peóns fixos e o resto do persoal é contratado ó que non se lle renovará o contrato. O comité de expertos examinará tecnicamente o proxecto de explotación e resolverá o concurso a Xunta de Goberno, entre outras cousas, por operatividade e axilidade administrativa, xa que o expediente está a disposición da oposición en todo momento. Non lle doen prendas nin teñen medo en dicir que se vai privatiza-lo servizo, xa que ven se-lo mesmo que externalizar.

O **Sr. presidente** manifesta que esta medida forma parte dunha das accións propostas no Plan para desenvolver nos vindeiros meses, na que se daba conta con respecto á Escola de Equitación que se renunciaba á súa xestión directa e intentábase a súa externalización, que é o que se está a facer coa presentación deste prego de cláusulas administrativas e particulares para a prestación deste servizo. Ese plan foi presentado o 1 de xuño, foron invitadas moitas persoas e entre elas estaban os grupos políticos desta Corporación, foron persoas de dous grupos políticos e dun non apareceu ninguén, non sabe se por prohibición ou por qué, pero as cuestións políticas cada un as interpreta como queira, subxectiva ou obxectivamente. O certo é que dúas horas despois da presentación do plan o Grupo Socialista pediu unha convocatoria urxente da Xunta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

de Portavoces para coñece-lo plan. Non era un *aplausómetro* nin *asubiómetro* senón que en función do que se presenta se pode estar a favor ou en contra, o certo é que se anunciou que se ía facer e estase facendo. En relación cos 750 euros mensuais, manifesta que se está a falar dunha cantidade mínima. A externalización deste servizo (moi valorado polos usuarios) supón un aforro nos capítulos I e II, persoal e gasto corrente, de aproximadamente 200.000 euros. Adxudicárase na Xunta de Goberno por axilidade administrativa, e con respecto á comisión de expertos di que non ten ningún inconveniente en que por parte de cada un dos grupos políticos proponían un experto para formar parte desa comisión, propondo como data límite para esa proposta o próximo venres, 6 de xullo.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15), a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación administrativa especial da prestación do servizo denominado “Escola de Equitación da Deputación de Ourense”, cuxo contido é o seguinte:

I.- OBXECTO, XUSTIFICACIÓN DAS NECESIDADES PARA SATISFACER E CÓDIGO CPV

De conformidade co disposto nos artigos 22 e 86 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro de 2011 (en adiante TRLCSP), o obxecto deste prego de cláusulas administrativas particulares é regular a contratación administrativa especial da prestación do servizo denominado “Escola de Equitación da Deputación de Ourense”, mediante a explotación das instalacións destinadas para tal fin, sitas no termo municipal de Vilamarín.

Para a explotación deste servizo a Deputación Provincial porá a disposición do adxudicatario as parcelas da súa propiedade actualmente adscritas á explotación agropecuaria de Vilamarín cunha superficie dunhas 18 ha, xunto coas edificacións anexas, o mobiliario e o equipamento hípico que se describen de forma detallada no anexo a este prego.

O adxudicatario quedará obrigado a adquirir da Deputación os equinos que se relacionan no anexo a este prego polo importe de 8.000,00 €, debendo efectua-lo ingreso da dita cantidade nas arcas provinciais no prazo máximo de 30 días contados desde a formalización do contrato, constituíndo a falta de ingreso da dita cantidade en prazo, causa de resolución do contrato por incumprimento do adxudicatario. Para estes efectos, coa perfección do contrato producirase a baixa dos ditos semoventes do inventario provincial de bens.

Así mesmo o adxudicatario quedará obrigado a adquirir da Deputación a maquinaria agrícola que se relaciona no anexo a este prego polo importe de 16.000,00 €, debendo efectua-lo ingreso da dita cantidade nas arcas provinciais no prazo máximo de 30 días contados desde a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

formalización do contrato, constituíndo a falta de ingreso da dita cantidade en prazo, causa de resolución do contrato por incumprimento do adxudicatario. Para estes efectos, coa perfección do contrato producirase a baixa dos ditos equipos do inventario provincial de bens.

Coa convocatoria desta licitación preténdese darlles cumprimento ás directrices fixadas polo plan estratéxico da Diputación de Ourense para el período 2012-2015.

Código CPV: 80513000-3 (Servizos de escolas de hípica)

II.- TRAMITACIÓN E PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN

A prestación do servizo denominado “Escola de Equitación da Deputación de Ourense”, contratarase mediante procedemento aberto (artigos 157 ó 161 do TRLCSP) e en trámite ordinario (artigos 109 e 110 do TRLCSP).

III.- NATUREZA

Este contrato cualifícase como contrato administrativo especial, de conformidade co disposto no artigo 19.2 do TRLCSP, pola súa vinculación ó fomento dos intereses peculiares da provincia na súa dimensión de realización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Todo isto ó abeiro do disposto nos artigos 36.1.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

IV.- FINANCIAMENTO: SISTEMA DE RETRIBUCIÓN E CANON PARA ABOARLLE Á ADMINISTRACIÓN

O adxudicatario retribuirase exclusivamente cos prezos percibidos dos usuarios, de acordo coa propia oferta presentada por el mesmo no plan de explotación. As ditas tarifas serán obxecto de revisión anual, en atención á variación experimentada polo Índice de Prezos ó Consumo no ano natural inmediatamente anterior a aquel en que se produza a revisión, considerándose para tales efectos os datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística.

Establécese como canon mínimo para abonar polo prestador do servizo á Deputación a cantidade de 750 € mensuais (impostos incluídos), podendo ser mellorado o dito importe polos licitadores na súa oferta. O canon ofertado será igualmente obxecto de revisión anual polo mesmo procedemento establecido para as tarifas pola prestación do servizo.

V.- DURACIÓN DO CONTRATO

O prazo de prestación do servizo será de 10 anos, contados desde o día seguinte ó da formalización, en documento administrativo, do correspondente contrato. Este prazo poderase prorrogar por períodos anuais ata unha duración máxima, incluídas as prórrogas, de 15 anos.

Ó termo do contrato, a totalidade das obras, instalacións e equipamentos obxecto deste contrato –excepto os semoventes e a maquinaria agrícola de titularidade do adxudicatario– reverteranlle á Deputación en perfecto estado de conservación e libres de calquera carga ou gravame, de conformidade coa oferta formulada relativa ó Plan de mantemento e conservación das instalacións e equipos, do proxecto de explotación.

VI.- GARANTÍA PROVISIONAL

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

Non se esixe garantía provisional para participar neste expediente tendo en conta o seu su carácter potestativo, de conformidade co disposto no artigo 103 do TRLCSP.

VII.- GARANTÍA DEFINITIVA

O importe da garantía definitiva para constituír polo adxudicatario, en calquera das modalidades previstas no artigo 96.1 do TRLCSP, establécese a tanto alzado no importe de 9.000 €.

En todo caso, axustarase ó disposto nos artigos 55 e seguintes do RXLCAP, así como ós modelos que figuran nos anexos do expresado regulamento.

A dita garantía constituirase no prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte ó da recepción do requirimento efectuado polo órgano de contratación co dito fin. En caso de demora presumirase que o licitador retira a súa oferta e se procederase consonte co disposto no artigo 151.2 do TRLCSP.

VIII.- CONDICIÓN DOS LICITADORES.

Poderán participar na licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acrediten a súa solvencia económico-financiera e técnica ou profesional, non se encontren comprendidos en ningunha das prohibicións para contratar previstas no artigo 60 do TRLCSP e dispoñan da habilitación empresarial ou profesional necesaria para a execución da prestación que constitúe o obxecto deste contrato (artigo 54.1 e 2 do TRLCSP).

No suposto de persoas xurídicas dominantes dun grupo de sociedades, poderanse ter en conta ás sociedades pertencentes ó grupo, para os efectos de acreditación da correspondente solvencia da persoa xurídica dominante, sempre e cando este acredite que ten efectivamente á súa disposición os medios das ditas sociedades necesarios para a execución dos contratos.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constituán temporalmente para o efecto, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acredita-la súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato ha de ostenta-la plena representación de todos eles fronte á Administración e que asumen o compromiso de constituírse en Unión Temporal de Empresas (artigo 24 RXLCAP). O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

IX.- DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR

As proposicións serán secretas e presentarase en tres sobres pechados ou libros separados e asinados polos licitadores ou persoa que os represente:

SOBRE NÚMERO 1. Levará a mención “Documentación administrativa do procedemento aberto para a contratación administrativa especial da prestación do servizo denominado “Escola de Equitación da Deputación de Ourense, presentada por..... coa sinatura do licitador ou persoa que o represente e indicación do nome, apelidos ou razón social da empresa.

No interior do sobre farase constar, en folio independente, o seu contido enunciado numericamente.

O sobre deberá conte-la seguinte documentación, de acordo co disposto no artigo 146 do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

TRLCSP:

1. Aquela que acredite a personalidade do empresario: tratándose de persoas xurídicas acreditarase, ben mediante a escritura de constitución e de modificación, se é o caso, inscritas no Rexistro Mercantil, ben mediante escritura ou documento de constitución, modificación, estatutos ou acto fundacional, inscrito, se é o caso, no correspondente rexistro oficial, acompañadas da correspondente escritura de poder, validada polo secretario da Deputación ou polos seus servizos xurídicos e do NIF do apoderado.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do RXLCAP, en función dos diferentes contratos.

No suposto de concorrer un empresario individual será suficiente a achega do NIF e, se é o caso, a escritura de apoderamento debidamente legalizada, ou as súas fotocopias debidamente autenticadas.

2. Xustificación da solvencia económico-financiera mediante a presentación dunha declaración apropiada de entidade financeira, de conformidade co disposto na letra a) do artigo 75 do TRLCSP.

3. Xustificación da solvencia técnica mediante a presentación dunha relación dos servizos similares prestados polos licitadores nos últimos tres anos, de conformidade co disposto na letra a) do artigo 78 do TRLCSP, en relación co artigo 68 do dito texto legal. Para estes efectos non se considerarán solventes os licitadores que non acrediten a prestación de polo menos un servizo de natureza análoga nos últimos tres anos.

4. Xustificación de non encontrarse o licitador, incurso en ningunha das prohibicións de contratar co sector público do artigo 60 do TRLCSP, con expresa mención de encontrarse ó corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente, presentada consonte co disposto no artigo 73 do TRLCSP.

5. Para as empresas estranxeiras, declaración expresa de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto poidan derivarse deste contrato, con renuncia ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponderlles. As empresas estranxeiras non comunitarias, ademais, deberán acreditar que teñen aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e que estean inscritas no Rexistro Mercantil.

Toda a documentación presentarase en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada.

SOBRE NÚMERO 2. Figurarán nel a seguinte inscrición: “Proposición económica I, relativa ós criterios de adxudicación ponderables en función dun xuízo de valor, do procedemento aberto para a contratación administrativa especial da prestación do servizo denominado “Escola de Equitación da Deputación de Ourense”, presentada por..... coa sinatura do licitador ou persoa que o represente e indicación do nome, apelidos ou razón social da empresa: Este sobre incluirá o PROXECTO DE EXPLOTACIÓN, co seguinte contido mínimo:

- ✓ Recursos humanos e organigrama xeral de persoal.
 - Os licitadores detallarán e xustificarán na súa oferta o deseño do cadro de persoal que consideran adecuada para a realización de tódolos traballos que abrangue o contrato, especificando organigrama xeral, postos de traballo, funcións e categorías do persoal e a repercusión na creación de emprego.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

- O organigrama irá acompañado dunha memoria explicativa da organización dos servizos, sinalando as misións de cada categoría e as funcións e responsabilidades de cada posto.
- Con relación ós medios humanos, os licitadores terán en conta as necesidades do cadro de persoal para responder a períodos de vacacións, baixas, substitucións, etcétera., co fin de garantir adecuadamente a prestación do servizo en calquera momento.
- ✓ Plan de mantemento e conservación das instalacións e equipos.
 - Os licitadores elaborarán unha proposta detallada do plan de mantemento e conservación co fin de manter en bo estado de aspecto, conservación, funcionalidade e rendemento, tanto a obra civil como as instalacións fixas, a maquinaria móbil e os equipos auxiliares. Así mesmo, incluírase neste plan de mantemento e conservación un plan de limpeza das instalacións.
- ✓ Plan de seguridade e saúde
 - Elaborarase unha proposta de plan de seguridade e saúde para o centro no que se describirán os principais riscos laborais asociados á explotación e as medidas de prevención correspondentes.
- ✓ Plan de emerxencias
 - Los licitadores deberán achegar un plan de prevención de incendios e outras emerxencias, que estableza o protocolo de actuacións para realizar fronte ás posibles situacións anómalas ou atípicas que poden producirse na prestación do servizo.
- ✓ Estudo de viabilidade económico-financiera:
 - Deberá incluír tódolos elementos e documentación necesarios para xustificar a viabilidade da oferta formulada, de forma que, a existencia de contradicións relevantes na documentación presentada, a omisión de datos esenciais ou o establecemento de orzamentos de imposible ou moi difícil cumprimento, a xuízo motivado da administración, darán lugar ó rexeitamento da oferta presentada. En todo caso o documento incluírá as tarifas aplicables ós diferentes servizos ofertados e a demanda prevista para eles.
- ✓ Memoria de actividades
 - Os licitadores incluírán neste documento de forma detallada o conxunto de prestacións que se comprometen a realizar en execución deste contrato con especificación do horario de apertura e uso das instalacións.

A omisión de calquera dos documentos anteriores ou das súas determinacións esenciais, ocasionará o rexeitamento da oferta no seu conxunto

SOBRE NÚMERO 3. Figurará nel a seguinte inscrición: Proposición económica II, relativa ós criterios de adxudicación avaliados de forma automática, do procedemento aberto para a contratación administrativa especial da prestación do servizo denominado “Escola de Equitación da Deputación de Ourense”, presentada por..... coa sinatura do licitador ou persoa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

que o represente e indicación do nome, apelidos ou razón social da empresa, que incluíra a plica, de conformidade co seguinte modelo:

Don/a ..., con domicilio en ..., NIF número. ..., en nome propio (ou en representación de ..., como acredita con ...), informado/a do expediente e condicións para a contratación da prestación do servizo “Escola de Equitación da Deputación de Ourense”, comprométese á súa execución, con suxeición ás bases aprobadas e á lexislación sectorial aplicable, comprometéndose a aboarlle á Deputación en concepto de canon pola explotación do servizo a cantidade de € mensuais (impostos incluídos).

Lugar, data e sinatura.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en agrupación temporal con outras, se o fixo individualmente. A contravención deste principio dará lugar automaticamente ó rexeitamento de tódalas que presentou.

Os sobres presentaranse pechados no rexistro da Deputación e poderán estar lacrados ou precintados. Poderán igualmente enviarse por correo nas condicións previstas no artigo 80.4 do RXLCAP.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración, conforme co artigo 145.1 do TRLCSP.

Este prego de cláusulas administrativas particulares forma parte do expediente de contratación que será aprobado polo órgano de contratación competente, previamente á apertura do procedemento de licitación e adxudicación.

X.- MESA DE CONTRATACIÓN

A mesa de contratación estará integrada, de conformidade co disposto no apartado 10 da D.A. 2ª do TRLCSP, do seguinte modo:

- Presidente: o vicepresidente da Deputación, D. Rosendo Luís Fernández Fernández.
- Vogais: o secretario, D. Francisco Cacharro Gosende, a interventora, D.ª Mónica Legaspi Díaz, o xerente do Centro Ecuéstre, D. Ángel Gumersindo González González, o xefe do Servizo de Agricultura e Gandería, D. Manuel Ángel Rodríguez Rodríguez e o xefe do Servizo Provincial de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, D. Javier Martínez de Anta.
- Secretario: o xefe do Negociado Provincial de Subministracións e Servizos da Sección de Contratación, D. Fernando Rodríguez Rodríguez.

XI.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E SOLICITUDES DE INFORMACIÓN

As proposicións presentaranse en sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, no rexistro xeral da Deputación en días e horas de oficina, ata as 14.00 horas do vixésimo (20º) día natural contado desde o seguinte ó da publicación do anuncio de licitación no Diario Oficial de Galicia. Se o último día do prazo de presentación da documentación coincidise en sábado ou festivo, entenderase prorrogado o dito prazo ó primeiro día hábil seguinte. O anuncio de licitación publicarase igualmente no BOP de Ourense e as bases íntegras no perfil do contratante (www.depourense.es).

Os licitadores poderán solicitar do órgano de contratación, dentro dos cinco primeiros días do prazo de presentación de proposicións e documentación, canta información adicional e documentación complementaria estimen necesaria para a presentación das súas ofertas,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

debedo serlles facilitada con, polo menos, seis días de antelación á finalización do prazo de presentación de ofertas (artigo 92.1 do RXLCAP, en relación co artigo 158.2 do TRLCSP).

Os gastos de publicidade serán por conta do adxudicatario ata o importe máximo de 3.000,00 €.

A documentación poderá igualmente remitirse por correo, nas condicións previstas no artigo 80.4 do RXLCAP. De conformidade co artigo 80 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, se as proposicións se enviasen por correo, o licitador deberá xustificar ante esta Administración a data e hora de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax ou telegrama no mesmo día, no que se reflicta a hora na que se fixera entrega da oferta na Oficina de Correos.

XII.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E APERTURA DE PROPOSICIÓN

O acto licitatorio desenvolverase nos termos seguintes:

O día seguinte hábil (excepto sábados), a aquel en que finalice o prazo de presentación de proposicións, constituirase a mesa de contratación para a cualificación dos documentos presentados en tempo e forma no sobre número 1, formalizándose a acta correspondente. Se non existisen deficiencias que corrixir, a apertura do sobre número 2, efectuarase o mesmo día, ás 12,00 horas, na sala de xuntas do Pazo Provincial.

Noutro caso, a mesa de contratación, se observase defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarallo verbalmente ós interesados. Sen prexuízo do anterior, as circunstancias deberán facerse públicas a través de anuncios do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para a corrección ou rectificación dos defectos ou omisións ante a mesa de contratación, procedéndose á apertura en acto público do sobre número 2, o quinto día hábil posterior (excepto sábados) ó do vencemento do prazo de presentación de proposicións, ás 12,00 horas, na sala de xuntas do Pazo Provincial.

Unha vez examinada e cualificada a documentación que conste no sobre 2, procederase á apertura, en acto público, do sobre número 3, dándolles conta previamente ós licitadores da puntuación obtida por cada un deles en canto ó sobre 2 e, se é o caso, do rexeitamento da oferta presentada pola omisión de documentos ou determinacións esenciais ou pola existencia de defectos esenciais no estudo de viabilidade de calquera das explotacións. A apertura do sobre 3 efectuarase na sala de xuntas do Pazo Provincial, ás 12,00 horas do día que determine a mesa, que será comunicado telefonicamente ós licitadores na mañá do día inmediatamente anterior á celebración do acto.

No suposto de envío de documentación por correo que faga imposible a cualificación da documentación e a apertura de proposicións nas datas sinaladas, o secretario da mesa de contratación comunicaralles ós licitadores, á maior brevidade posible, as novas datas fixadas para tales actos.

XIII.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Para os efectos da adxudicación deste contrato, teranse en conta os seguintes criterios, coa ponderación que se indica para cada uno deles:

- 1.- Valoración do proxecto de explotación da Escola de Equitación de Vilamarín, 0 a 45 puntos, a xuízo motivado do Comité de Expertos designado con tal fin, con especial consideración do interese social da proposta e da súa viabilidade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012

2.- Canon ofertado pola explotación da Escola de Equitación de Vilamarín de 0 a 5 puntos, asignándosele 5 puntos ó maior canon ofertado e ós demais a que corresponda de acordo coa seguinte regra.:

$$\text{Puntuación A} = \frac{\text{Canon ofertado por A} \times 5 \text{ puntos}}{\text{Maior Canon ofertado}}$$

En todo caso asignaráselles 0 puntos a aquelas ofertas que só igualem o canon mínimo de 750 € mensuais (impostos incluídos) e serán rexeitadas as que oferten un canon por importe inferior.

XIV.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

A mesa de contratación, trala solicitude e análise do ditame do comité de expertos designado conforme coas normas do TRLCSP para a análise e cualificación das ofertas obtidas no sobre 2 e, se é o caso, dos informes, técnicos ou xurídicos, que estime pertinentes relacionados co obxecto do contrato, presentaralle as proposicións coa acta correspondente e a proposta que estime pertinente ó órgano de contratación para a adxudicación do contrato.

Unha vez vista a proposta da mesa, o órgano de contratación clasificará as ofertas presentadas e admisibles por orde decrecente, en atención ós criterios de adxudicación e requiriralle ó licitador que presentase a oferta que no seu conxunto resulte economicamente máis vantaxosa, para que dentro dos dez días hábiles seguintes ó da recepción do dito requirimento achegue os xustificantes de estar ó corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e coa seguridade social e de constitución da garantía definitiva esixible. De non cumpríntase o dito requirimento en tempo e forma, entenderase que a oferta foi retirada, requiríndose a documentación indicada do seguinte licitador de conformidade coa orde de clasificación das ofertas. Cumprido o requirimento e no prazo máximo de cinco días hábiles, o órgano de contratación ditará resolución motivada adxudicando o contrato, sen que poida declararse deserto o expediente cando exista algunha oferta admisible (artigo 151.3 do TRLCSP).

Non obstante o anterior e antes da adxudicación, o órgano de contratación poderá, mediante resolución motivada, renunciar á celebración do contrato ou desistir do procedemento, nos termos regulados no artigo 155 do TRLCSP.

A adxudicación seralles notificada ós licitadores e publicada no perfil do contratante (<http://www.depourense.es>).

XV.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato, en documento administrativo e, se é o caso, en escritura pública, materializarase dentro do prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ó da recepción da notificación polos licitadores do acordo de adxudicación. De conformidade co disposto no artigo 154 do TRLCSP, a formalización publicarase, en todo caso, no perfil do contratante e se a contía do contrato fose igual ou superior a 100.000 € publicarase ademais no BOP de Ourense.

XVI.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

O prestador do servizo denominado “Escola de Equitación da Deputación de Ourense”, terá os dereitos e obrigacións que se relacionan:

A) Dereitos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

1. A ser respectado por terceiros na súa condición de contratista e a obte-lo apoio e protección necesaria da administración para a realización da actividade en condicións de normalidade e para ol cesamento das perturbacións que se poidan producir.
2. Á percepción das contraprestacións pactadas pola prestación do servizo.
3. A propoñerlle á Administración cantas modificacións estime necesarias respecto da execución do contrato, para a súa consideración polo órgano de contratación.

B) Obrigacións

1. Presta-lo servizo coa continuidade e regularidade debidos nos termos establecidos na súa oferta, sen prexuízo das instrucións ditadas posteriormente polo órgano de contratación. En todo caso a realización de novas actividades non contempladas no proxecto de explotación do servizo requirirá da autorización previa da Deputación.
2. Adquirir e repoñer tódolos elementos precisos para a posta en marcha das instalacións e contratar ó persoal necesario co dito fin, sendo ó seu cargo o pago dos salarios e emolumentos de toda índole que lle correspondan ó persoal.
3. Permitir que en calquera momento os servizos técnicos da administración poidan inspecciona-lo estado de conservación das instalacións e a explotación do servizo e subministrar canta información lle sexa requirida polos ditos servizos.
4. Indemnizar a terceiros polos danos que poida produci-lo funcionamento do servizo por causa imputable ó contratista ou ó persoal ó seu servizo.
5. Manter en perfecto estado de conservación, hixiene e limpeza a construción, servizos e instalacións, efectuando as reparacións que fosen precisas para o efecto.
6. Manter, á súa costa, a vixilancia permanente das instalacións.
7. No allear ni gravar ningún tipo de bens afectos ó servizo que houbese de reverter á administración, salvo autorización expresa desta.
8. Satisface-los tributos legalmente establecidos, incluídos os que correspondan en concepto de IBI polos bens cedidos
9. Aboa-los gastos por mantemento do material e instalacións, subministracións de auga e enerxía eléctrica, recollida de lixo, saneamento, telefonía, seguros de carácter obrigatorio para vehículos e maquinaria e os demais que resulten precisos para o bo funcionamento do servizo.
10. Obter, á súa costa, tódalas autorizacións necesarias para a explotación do servizo.
11. Cumpri-las disposicións legais e regulamentarias vixentes, en especial as laborais, en tódolos seus aspectos, incluídos a previsión e Seguridade Social en vigor. En consecuencia, o contratista deberá formaliza-la protección respecto ás continxencias de accidentes de traballo e de enfermidade do persoal ó seu servizo coa mutualidade laboral correspondente. Así mesmo, o contratista observará rigorosamente a lexislación sanitaria e sobre seguridade e saúde no traballo e prevención de riscos laborais.
12. Formalizar cunha compañía de seguros, unha póliza que cubra a todo risco os inmobles que comprendan as instalacións, e de responsabilidade civil fronte terceiros, incluídos os danos por incendio, coas seguintes coberturas:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

- Inmobles (continente e contido): 200.000. €
 - Responsabilidade civil: 300.000 €
13. Velar pola boa orde do servizo, ditando as instrucións precisas, sen prexuízo dos poderes de policía da administración titular deste.
 14. Levar un libro de reclamacións de acordo coa normativa vixente.
 15. Levar unha contabilidade clara da actividade obxecto deste contrato.
 16. Cumprir-las demais obrigacións ó seu cargo dimanantes deste prego ou que sexan de aplicación.
 17. Designar un delegado da empresa con capacidade para exercer-la súa representación nos actos derivados do cumprimento das obrigacións do contrato e para organizar e executar-las servizos e dita-las instrucións para o seu desenvolvemento. Este delegado actuará á súa vez como representante e único interlocutor válido ante o Inorde respecto á xestión da prestación do servizo.

A Deputación ostenta as prerrogativas e obrigacións que se establecen no TRLCSP, dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na citada Lei e no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas e, en particular, as seguintes:

A) Dereitos

1. Á reversión das obras, instalacións e equipamentos vinculados ó contrato, libres de calquera carga ou gravame, ó día seguinte da súa terminación, cesando no aproveitamento dos bens, poñendo todos eles a disposición da administración en perfecto estado de conservación e mantemento –excepto os semoventes e a maquinaria agrícola de titularidade do adxudicatario-.
2. A inspeccionar, en calquera momento, o servizo, as súas obras e instalacións.
3. A resolve-lo contrato antes do seu vencemento, se o aconsellaren circunstancias de interese público. Salvo cando a resolución estea baseada en causas imputables ó adxudicatario, procederá o resarcimento de danos e indemnización de prexuízos, de acordo coas disposicións legais vixentes. En tales supostos o adxudicatario comprométese a abandonar e deixar libres as instalacións no prazo dun mes, a partir da notificación do acordo de resolución. Noutro caso, perdería automaticamente o dereito a resarcimento e indemnización, sen prexuízo das accións legais que puidese emprende-la Deputación.

B) Obrigacións

Outorgarlle ó adxudicatario a protección adecuada para que poida presta-lo servizo en condicións de normalidade.

Os acordos que dite o órgano de contratación, tralo informe previo da Asesoría Xurídica, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de modificar por razóns de interese público o contrato con suxeición ó disposto nos artigos 105 ó 108, 219 e 282 do TRLCSP e 158 a 162 do RXLCAP.

XVII.- CUMPRIMENTO DEFECTUOSO

En caso de cumprimento defectuoso das obrigacións que lle incumben ó adxudicatario do que resulte unha perturbación grave e non reparable por outros medios do funcionamento do servizo obxecto de contratación, a administración poderá optar entre a resolución do contrato ou a intervención (secuestro) do servizo ata que aquela desapareza, debendo o contratista indemnizar á administración, en todo caso, polos danos e perdas que por tal causa se lle irrogasen.

XVIII.- EXTINCIÓN DO CONTRATO E REVERSIÓN DAS INSTALACIÓNS

O contrato extinguirase polo transcurso do prazo ou por resolución deste.

Ó termo do servizo, ben sexa por cumprimento do prazo ou por calquera outra causa, as obras e instalacións afectas ó servizo reverteranlle á Deputación en pleno dominio e libres de cargas e en condicións de conservación e funcionamento adecuados. Reverteralle igualmente á Deputación o mobiliario aportado polo concesionario.

XIX.- GASTOS

O adxudicatario quedará obrigado a paga-lo importe dos gastos de publicidade da licitación ata o importe máximo de 3.000,00 € e de cantos outros gastos se deriven dos trámites de preparación, adxudicación, formalización e execución do contrato, incluídos todo xénero de tributos e prezos públicos estatais, autonómicos ou locais e en particular os gastos por consumo de auga potable, enerxía eléctrica, saneamento, recollida de residuos, telecomunicacións e demais vinculados ó normal funcionamento e explotación da instalación.

XX.- CÓMPUTO DE PRAZOS

Conforme co disposto na D.A. 12ª do TRLCSP, tódolos prazos que se sinalen en días enténdense naturais, a no ser que expresamente se faga constar que se trata de días hábiles.

XXI.- CONFIDENCIALIDADE

Sen prexuízo das disposicións do Texto refundido da Lei de contratos del sector público, relativas á publicidade da adxudicación e á información que se lles debe dar ós candidatos e ós licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ó formula-las ofertas, en especial con respecto ós secretos técnicos ou comerciais e ós aspectos confidenciais delas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento. De igual modo, o contratista deberá respecta-lo carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle dera o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información.

XXII.- NORMATIVA APLICABLE E FORO XURISDICCIONAL

En todo o non previsto neste prego, rexerá, en canto á preparación, adxudicación efectos e extinción do contrato, o disposto no TRLCSP e nas súas disposicións de desenvolvemento e no RXLCAP; supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e no seu defecto as normas de dereito privado (artigo 19.2 do TRLCSP). Serán vinculantes para o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

adxudicatario as ordes e instrucións ditadas polos funcionarios D. Ángel Gumersindo González González e D. Manuel Ángel Rodríguez Rodríguez, que gozarán da condición de responsables do contrato para os efectos do disposto no artigo 52 do TRLCSP

En particular resultará de aplicación a normativa estatal e autonómica sectorial vixente nesta materia, de acordo coa orde constitucional de distribución de competencias.

As controversias que puidesen xurdir entre as partes no ámbito deste contrato, se tramitarán, de se-lo caso, ante la xurisdición contencioso-administrativa (artigo 21.1 do TRLCSP).

XXIII.- EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

O expediente de contratación no que se integra o presente prego, será sometido a aprobación da Corporación Provincial e queda depositado na sección de Contratación do Servizo de Investimentos para que os licitadores e demais interesados, poidan examinalo e formula-las observacións e reclamacións que estimen pertinentes, sen que a interposición destas produza per se, efectos suspensivos sobre a tramitación do expediente.

2º.- Ordena-la apertura da fase de adxudicación, mediante a publicación dos pertinentes anuncios de licitación no DOG e no BOP e das bases íntegras no perfil do contratante.

3º.- Delegar na Xunta de Goberno a adxudicación deste expediente, sen prexuízo de que se lle dea conta á Corporación Provincial na primeira sesión que teña lugar.

6º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA ESCOLA DE ARTES E OFICIOS.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do BNG, no Plan que presentou o Sr. presidente dise textualmente: suspende-la actividade da Escola Provincial de Artes e Oficios, polo menos durante o período 2013-2015. Parécelles unha contradición que agora se traia a este Pleno a aprobación inicial dunha ordenanza reguladora da Escola de Artes e Oficios, porque supón que isto quere dicir que se vai continuar coa actividade e fixar uns prezos públicos ou taxas que ata o de agora non había. Pregunta se se vai proceder a esa suspensión definitiva durante o período mencionado ou se vai continuar como todo parece indicar coa aprobación inicial desta ordenanza.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, dille ó Sr. presidente que lle terá que explicar onde el lle prohibiu entrar a alguén a algún sitio. Na quenda de rogos e preguntas falará máis do *aplausómetro*. Este punto evidencia que cando o Sr. presidente

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

presentou ese plan non tiña nin idea do que estaba a facer. Na Xunta de Portavoces preguntou que ía pasar con esta escola e o Sr. presidente respondeu que a finais de decembro ou principios de xaneiro ían quedar suspendidas as actividades eventualmente, e que se poderían retomar noutra época. Pero agora hai que recuar e aprobar esta ordenanza reguladora, porque non existía e non se cobraba nada por asistir á Escola. Isto non tería pasado se, como di o Grupo Popular, se consultase cos técnicos e facendo as cousas a modiño, porque vai pasa-lo mesmo con moitas outras cuestións que se terían que ter consultado cos técnicos desta casa. Ninguén lle pediu que corra tanto á hora de presenta-lo plan e agora non ter que darlle á volta a algo que se anunciou hai quince días.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que todos dispoñen do Plan Ourense, uns para falar del dun xeito e outros doutro. Neste plan dise textualmente: suspende-la actividade da Escola de Artes e Oficios polo menos durante o período 2013-2015. Isto dío o plan e tamén o grupo de goberno e o segue a dicir. O Sr. presidente mantivo unha reunión con alumnos e profesores da Escola, e nesa xuntanza acordaron que se realizase esta ordenanza, que é un instrumento formal, e esperar un tempo por se eses trescentos matriculados que hai agora con todo gratis ata o momento, sufragando os gastos a través desta ordenanza seguen interesados na prestación do servizo. A misión do plan non é suprimir porque si ningún servizo, senón que temos que axustar e redimensiona-los servizos desta Deputación con motivo do Plan de Axuste que se aprobou pola grave crise económica que estamos a sufrir todos, e non podemos estar a facer demagoxia unha e outra vez. Reitera que esta ordenanza é consecuencia dunha xuntanza cos profesores e alumnos, onde se concluíu que pode haber unha solución económica que permita a continuidade deste servizo.

D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do BNG, pensa que non se está a facer demagoxia, e precisamente porque o BNG non ten esa intención se vai abster neste punto e porque ese “polo menos” deixa aberta a dúbida. Parécelle ben que se chegase a esta conclusión na xuntanza cos alumnos e cos profesores e poder seguir prestando o servizo se é viable economicamente.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que á parte da discusión política tenlle un aprecio persoal ó Sr. Álvarez Dobaño e reconece que lle tocou un *papelón* ó ter que defender algunhas cuestións deste presidente (o anterior non o poñía nestas cuestións tan complicadas). Con este asunto estalle facilitando o debate e reitera a pregunta de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

por qué tanta presa en presenta-lo plan. Anuncia a abstención do seu grupo e di que non fan demagogia, xa que nunca dixeron que non se aplicasen prezos públicos ou taxas que case son obrigatorias e deben contribuír ó autofinanciamento do servizo. Pregunta por qué o Sr. presidente non se reuniu cos profesores e cos alumnos antes de presenta-lo plan. Pensa que o Plan estratéxico se tería que facer con outro tipo de tranquilidade e con outro tipo de connotacións e contando coa oposición, e así non se estaría debatendo isto agora, e intentaríamos arranxa-la desfeita que temos e se antes todo era gratis haberá que sabe-lo por qué, porque moitos deputados do Grupo Popular xa estaban aquí antes de chega-lo novo presidente. Pide que non se manipule o que di o seu grupo porque ó final, por moito que se diga, é unha contradición co que se anunciou hai uns días e seguramente non será a única.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que no propio ditame da comisión informativa correspondente dise textualmente o seguinte: *o réxime establecido pola ordenanza permitirá verifica-la demanda social deste servizo, ó establecer prezos públicos e, en consecuencia, poder tomar unha decisión definitiva no seu momento sobre a continuidade ou non da escola*. Non se está a incumprir para nada o plan de reestruturación presentado polo Sr. presidente, que esixe un desenvolvemento como calquera plan, suxeito a matices. Este plan baséase en liñas xenéricas e mestras e a oposición aínda está a tempo de achegar propostas e non estar á caza. O aforro con este asunto aproxímase ós 200.000 euros tamén. Non podemos esquecer que hai pouco tódolos concellos (agás algún como o que goberna o Sr. Jardón que non ten débedas) aprobaron plans de axuste que levan consigo obrigacións. Reitera que con insto non se está a incumpri-lo Plan Ourense 92, senón que despois dunha xuntanza con membros da escola (alumnos, profesores, pais ..) concluíuse o que se di no ditame. Imos aprobar un instrumento formal que permita cobrar uns prezos públicos, e en función da demanda saberase se a escola é viable economicamente ou non. Para concluír dille ó Sr. Gómez que o aprecio é recíproco e que se alegra de que cando debaten aquí saiban manter unha cousa á marxe da outra.

O **Sr. presidente** celebra o aprecio recíproco que teñen o Sr. Álvarez Dobaño e o Sr. Gómez Pérez. O Plan Ourense 92 contempla 43 accións; non está a vender nada, simplemente dixo o que se ía facer nos 34 meses que quedaban. Todos dispoñen do Plan e todos poden criticar, perfilar e loar, se fose o caso, no suposto de que se cumpran. As catro accións anunciadas para este mes estanse a cumprir segundo o cronograma establecido e calquera o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

pode verificar. Manifesta que nunca dixo que para decembro ou para xaneiro se ían suspender as actividades, porque un curso lectivo vai de setembro a xuño e ninguén entendería que se suspendese na metade do curso. En todo caso o plan recolle a suspensión da actividade 2013-2015 e o curso empeza en setembro de 2012. A medida foi perfectamente estudada, supoñía un gasto para a Deputación de 198.000 euros por curso lectivo, e coa aprobación desta ordenanza veremos realmente a funcionalidade e a virtualidade do labor social que pode chegar a desenvolver-la Escola de Artes e Oficios.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora da Escola de Artes e Oficios, co seguinte contido:

Artigo 1º. Definición e obxecto.-

1. A Escola Provincial de Artes e Oficios constitúe un servizo público de carácter cultural e educativo de titularidade da Deputación Provincial de Ourense, desenvolto ó abeiro da competencia atribuída ó goberno provincial para a realización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de educación e cultura, de conformidade co disposto no artigo 118.d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

2. O obxecto principal da Escola Provincial de Artes e Oficios o constitúe o ensino con carácter non regrado das artes aplicadas e oficios artísticos, así como a realización de actividades complementarias do dito obxecto principal, tales como concursos, exposicións e outras análogas. As actividades concretas que integrarán o servizo determinaranse anualmente conforme co previsto no artigo 3.

3. A Escola Provincial de Artes e Oficios é un establecemento dependente da administración provincial e carente de personalidade xurídica, integrándose, para tódolos efectos, na Deputación Provincial de Ourense, a cuxos órganos de goberno corresponde, en exclusiva, a adopción dos actos e disposicións precisos para o seu funcionamento, e, en particular, de calquera acto administrativo con efectos fronte terceiros.

Artigo 2º. Réxime de xestión.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

A Escola Provincial de Artes e Oficios poderá xestionarse mediante calquera dos modos de xestión previstos na lexislación de réxime local.

Artigo 3º. Programación anual da Escola.-

4. As actividades que desenvolverá a Escola determinaranse antes do 15 de setembro de cada exercicio, para un período máximo de doce meses. A programación anual será aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, a proposta da Dirección da Escola, e incluírá as determinacións seguintes:

- Accións formativas que se desenvolverán, incluíndo o seu calendario e a relación de recursos humanos e materiais necesarios para a súa impartición.
- Prazos e procedemento de inscrición para a participación nas accións formativas.
- Outras actividades previstas
- Prezos públicos dos servizos previstos, fixados de conformidade co establecido no artigo 4, sempre e cando a facultade para a súa fixación fose delegada na Xunta de Goberno.

A programación poderá suxeita-lo efectivo desenvolvemento das accións previstas ó cumprimento de determinadas condicións de carácter obxectivo, e, en particular, á existencia dun número mínimo de alumnos matriculados na acción formativa.

Igualmente, a programación poderá establecer requisitos específicos de acceso das persoas interesadas ás accións formativas ou doutro tipo que leve a cabo a Escola. Estes requisitos deberán ter unha xustificación obxectiva e en ningún caso poderán ser discriminatorios. En particular, non se considerará discriminatoria a restrición de acceso a determinadas actividades a persoas pertencentes a colectivos específicos precisados dunha especial atención por parte das administracións públicas.

2. A programación aprobada será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial.

3. A programación anual poderá ser modificada por razóns de oportunidade ó longo da súa vixencia.

Artigo 4º.- Prezos públicos dos servizos prestados pola Escola de Artes e Oficios.

1. Os servizos prestados pola Escola de Artes e Oficios serán gravados mediante prezos públicos de xeral aplicación, que se determinarán mediante as seguintes regras:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

- a) Dado o carácter de interese cultural, social e educativo das actividades desenvolvidas pola Escola, os prezos non terán que cubrir integramente os custos do servizo. Non obstante o anterior, deberán cubrir cando menos e como regra xeral, o 40 % dos custos do servizo, agás naqueles casos en que se trate de servizos dun marcado carácter social dirixidos especificamente a colectivos especialmente desfavorecidos.
 - b) Na fixación dos prezos públicos por accións formativas poderase esixir unha tarifa en pagamento único en concepto de matrícula e unha tarifa de pagamento periódico polos servizos efectivamente recibidos.
 - c) Na fixación das tarifas poderán establecerse bonificacións dirixidas a persoas con baixo nivel de renda ou pertencentes a colectivos especialmente desfavorecidos.
 - d) Os prezos públicos esixiranse en réxime de autoliquidación, que se realizará no momento da inscrición nas actividades gravadas. O pagamento dos prezos públicos será requisito inescusable para a admisión nas actividades ou servizos gravados, e o cesamento no seu pagamento determinará a suspensión automática no dereito á recepción do servizo.
 - e) A fixación dos prezos dos diferentes servizos e actividades poderá delegarse na Xunta de Goberno, suposto no que se incluírá na programación anual da Escola.
 - f) O pagamento dos prezos poderá realizarse en efectivo ou mediante domiciliación en entidade de crédito. A Presidencia poderá autorizar outros medios de pagamento.
2. O acceso ás exposicións organizadas e xestionadas pola Escola será gratuíto.

Artigo 5º. Procedemento de inscrición e baixa nas actividades incluídas na programación anual.

- 5. A inscrición nas actividades da Escola realizarase mediante instancia dirixida á Presidencia, nos modelos que se establezan para o efecto, nos prazos establecidos na programación anual, podendo presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Os solicitantes deberán cumprir-las requisitos que, se é caso, estableza a programación anual para a actividade de que se trate.

Concluído o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia resolverá sobre as inscricións solicitadas, mediante decreto que non será obxecto de notificación individualizada,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

publicándose no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense.

2. A Presidencia, de oficio, e trala tramitación previa de expediente contradictorio con audiencia dos interesados, poderá declara-la baixa forzosa dos usuarios que vulneren as normas básicas de convivencia no desenvolvemento das accións ou de calquera xeito perturben o seu normal funcionamento.

3. Os interesados poderán, en calquera momento, causar baixa voluntaria en calquera acción na que participen, comunicándollo á dirección da Escola.

4. A baixa nas accións nas que participen os usuarios non dará dereito á devolución dos prezos públicos aboados en concepto de matrícula, nin ós correspondentes ós servizos xa prestados ou ós servizos correspondentes ó período de facturación no que se produza a dita baixa.

5. No non previsto na presente ordenanza, serán de aplicación as previsións que estableza a programación anual e, no seu defecto, as normas xerais de procedemento administrativo común.

Disposición Derradeira

A presente ordenanza entrará en vigor a partir do décimo quinto día hábil contado a partir do día seguinte o da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

2º.- Someter este acordo a información pública, polo prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no BOP, para a presentación de reclamacións e suxestións. As ditas reclamacións e suxestións serán resoltas polo Pleno desta Deputación Provincial. No caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

7º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DOS CRÉDITOS ORZAMENTARIOS E DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2012, MEDIANTE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO E CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do Grupo do BNG, di que cando se someteron a aprobación os orzamentos de 2012 o seu grupo dicía que era o primeiro orzamento dunha lexislatura que se iniciaba e que non era o mesmo que as outras lexislaturas posto que había que adaptarse á situación actual, con determinadas problemáticas ás que esta Deputación permanece allea. Este é o expediente n.º 3, supón que haberá máis, hai un plan de axuste en vigor e de obrigado cumprimento. Este suplemento de crédito faise porque hai un incremento de 454.000 euros no orzamento de gastos e aínda que se fai con remanente de Tesourería non estamos aforrando. O BNG sempre dixo que as subvencións nominativas deberían ser excepcionais, pero nesta Deputación son a norma e neste expediente se destinan 149.000 euros a estas subvencións. Pregunta se a partida de concesión de créditos extraordinarios relativa a subvencións a entidades deportivas, vai destinada a clubs de base para o fomento do deporte ou para clubs profesionais, porque se é así non o compartirían. Tamén pregunta polo destino dos 140.000 euros que se consignan para atencións benéficas e sociais e se se regula dalgún xeito.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que pleno tras pleno estamos a tratar expedientes de modificación de créditos. Entende que hai que facer modificacións orzamentarias, incluso para aumenta-lo orzamento (desas vense poucas), pero non está disposto a repeti-lo debate dos orzamentos, porque é papel mollado. Hai suplementos de crédito para gastos correntes dos que xa se falou no debate dos orzamentos e aínda non pasaron seis meses. Sendo consciente de que hai que facer modificacións hai que entender que os orzamentos non son rigorosos. No pasado pleno houbo outra modificación que non ten que ver con esta, aínda que ían mesturadas subvencións nominativas, e agora facemos outra modificación de case un millón de euros e iso que se fala de que a Deputación está a facer uns plans maravillosos e extraordinarios para aforrar. Pregunta para que son os 60.000 euros da partida de axudas de custo do persoal e pregunta tamén quen fixo as previsións do orzamento porque cre que hai unha falta de previsión total. Pregunta tamén pola concesión de créditos extraordinarios para fomento do deporte, porque se dixo que se ía retirar. En canto as subvencións nominativas, pode entender que algunhas que se dan son de carácter excepcional e necesarias, pero unha vez examinadas as deste expediente -e á parte da cor política que sempre coincide (99.9%) co PP)- non entende como se pode dar unha subvención nominativa para xornadas culturais da festa do porco celta e da emigración cando, como di o Partido Popular,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

España non está para festas. O seu grupo segue mantendo que a excepcionalidade non se pode converter en norma e xa sabe que lle van dicir que hai unha subvención para un concello do Partido Socialista, pero no anterior pleno xa dixo que aínda que ía unha subvención para o seu concello o corpo lle pedía votar en contra. Pide que igual que se fixo o plan estratéxico tamén se faga un regulamento para estas subvencións, porque as subvencións para actuacións de aforro enerxético deberían ser para tódolos concellos porque todos pagan a mesma tarifa de luz e teñen problemas, non só os do Partido Popular (no Pleno anterior concedeuse outra subvención coa mesma finalidade para outro concello do PP). Pídelle ó Sr. presidente, xa que presume de que vai cambiar esta dinámica, que faga unha liña de subvencións á que poidan optar tódolos concellos da provincia. Anuncia que van votar en contra deixando moi claro que non están de acordo con este tipo de subvencións.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que este expediente é unha consecuencia normal da acción de goberno. En canto ó incremento de gasto corrente hai que ter claros os conceptos; cando se liquida o orzamento dun exercicio pode haber un remanente ou superávit de Tesourería que ten que servir para algo. Na comisión informativa a Sra. interventora xa apuntou por qué non se dotaron suficientemente as partidas cando se aprobou o orzamento en canto ó gasto do consumo eléctrico, por iso se suplementan agora as partidas para gastos de enerxía eléctrica. Os gastos xurídicos son consecuencia de determinados preitos que lles hai que pagar ós profesionais. En canto ás axudas de custo, mentres non se aplique o novo horario que se prevé de xornada intensiva, tal como se negociou cos sindicatos, hai que paga-las axudas de custo e quilometraxe. Con relación ás subvencións nominativas fálase de excepcionalidade, non vai entrar en consideracións particulares de cada concello, e o que está claro é que esa excepcionalidade responde a que hai que aprobar unha determinada cantidade de diñeiro para un proxecto concreto e completo, que pode ser discutible como todo, pero non se pode sacar unha liña de subvencións como por exemplo para balnearios, porque se podería interpretar de moitas maneiras. En canto ás cantidades que se dotan como créditos extraordinarios para entidades deportivas, fomento do deporte e para atencións benéficas e sociais, acción social, de 150.000 e 140.000 euros, respectivamente, son para libre concorrència e poderanse presentar tódolos que reúnan os requisitos esixidos nas bases que se elaboren. En canto ó número de expedientes parece ser que ónde gobernamos predicamos dun xeito e onde non gobernamos predicamos doutro, e senón que pregunten no Concello de Ourense cantos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

levan ó día da data. Isto non quere dicir que o orzamento que se aprobou no seu día non sexa rigoroso, o que está claro é que sempre é insuficiente e oxalá que tivésemos máis remanente de Tesourería para poder investilo en vías provinciais.

D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do Grupo do BNG, pensa que os conceptos os manexamos todos. Cre que cando se fala de crédito extraordinario é para atender necesidades que non estaban previstas no orzamento. O domingo vai subi-la enerxía eléctrica un 4% máis, subida que se lles vai aplicar a todos a partir do luns. Parécenlle unha boa decisión as dúas liñas de axuda para acción social e para fomento do deporte por libre concorrencia, e pide que vaian dirixidas ó deporte base que é o que temos que fomentar, porque o deporte profesional ten que ter outras vías de financiamento que non deben se-las públicas. Anuncia o voto en contra do seu grupo.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que estamos falando de actitudes políticas e non vai entrar a valorar se as subvencións que se dean por concorrencia competitiva sexan axeitadas ou non, iso ten que valoralo o grupo de goberno, pero si pide que se fagan e que todos teñan o mesmo dereito para poder competir por elas e poder presenta-los seus proxectos. Evidentemente, se se quita unha liña de subvencións para balnearios só se poderían presenta-los concellos que os tivesen, independentemente da cor política. Reitera que entende que pode haber modificacións de créditos e que a Sra. interventora ten que dotar de carácter legal as cuestións económicas desta casa. Ultimamente aquí se fai alusión a outras administracións próximas e nesta Deputación a responsabilidade da parte económica lévaa o Sr. vicepresidente, segundo o reparto de áreas que fixo o Sr. presidente, e debería defender algunhas das que se especifican nestas medidas orzamentarias, porque no Concello di que este tipo de cuestións rozan a ilegalidade, e debería exercer aquí a súa función, que para iso lle pagamos todos, e se esa responsabilidade é a súa tamén ten a responsabilidade de que se corrixa isto, para que esta casa vaia por mellor camiño.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que non pretendeu converterse non que non é. En canto ó incremento do prezo da luz eléctrica, espera que sexamos capaces de compensa-lo incremento co aforro. As subvencións nominativas son para excepcionalidades que responden a necesidades concretas en momentos concretos e cunha cantidade posible que se pode cuestionar, sobre todo pola oposición, porque forma parte do seu discurso. As decisións de goberno ás veces son dolorosas, e o Sr. Gómez ten experiencia porque

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

hai pouco tivo que aprobar no seu concello unha axuda económica que lle impuxeron, pero iso forma parte da acción de goberno.

O **Sr. presidente**, en relación coa pregunta do Sr. Jardón sobre as cantidades previstas para entidades deportivas e acción social, di que en ambos casos van ser por concorrencia competitiva. No caso das deportivas vaise esixir un labor de canteira para poder ter dereito a concorrer e obter unha subvención. En canto á cor política das subvencións, neste expediente aparecen unha serie de concellos beneficiarios delas e case o 33% das cantidades destinadas a estas subvencións corresponden a un concello gobernado polo Partido Socialista, o que non responde a esas críticas de partidismo na adxudicación das subvencións, porque se nos cinguimos ós datos de maio de 2011 resulta que das 83 maiorías absolutas que botaron as urnas, 13 foron para o Partido Socialista e 65 para o Partido Popular, co que lle correspondería o 15% do importe ó concello socialista e vai co 31,25%. As subvencións nominativas non son un modelo do Partido Popular senón doutras administracións que gobernan os que aquí son oposición. Non fala só do Concello de Ourense, no que aínda non se aprobaron os orzamentos de 2012, e que no último tramo de 2011 levaron a cabo seis modificacións orzamentarias dos meses de xuño a decembro. Na Deputación de Lugo, á que aspiran gobernar PSOE e BNG de xeito conxunto, as subvencións nominativas non son unha excepción, máis ben son unha regra, coñecida por todos. En relación coas que veñen hoxe ó Pleno, en particular a aludida do Concello de Beariz, quere dicir que unha das subvencións nominativas que deu a Deputación de Lugo é para os Turulecos do Incio ou para a Asociación de Amigos do Oso de Salcedo, subvencións nominativas que non foron dadas por concorrencia competitiva.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-la modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTO DE INVERSIÓN

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
450.12/762.01	A concellos nominativas. Cooperación provincial	65.000,00

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

450.12/619.02	Reparación vías municipais. Cooperación provincial	100.000,00
SUMA SUPLEMENTOS DE CRÉDITO GASTOS DE INVESTIMENTO		165.000,00

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
334.13/462.01	A Concellos. Subv. Nominativas. Actividades culturais e recreativas	15.000,00
334.13/489.01	Outras transferencias nominativas. Culturais e recreativas	69.000,00
161.11/221.00	Enerxía eléctrica. Servizo de augas e medio ambiente	3.000,00
323.15/221.00	Enerxía eléctrica. Escola de gaitas	1.000,00
323.16/221.00	Enerxía eléctrica. Escola de danza	1.000,00
334.15/221.00	Enerxía eléctrica. Pazo de Vilamarín	3.000,00
334.16/221.00	Enerxía eléctrica. Centro cultural	4.000,00
342.11/221.00	Enerxía eléctrica. Pazo dos deportes Paco Paz	50.000,00
410.11/221.00	Enerxía eléctrica. Granxas- servizo de agricultura e gandería	5.000,00
419.11/221.00	Enerxía eléctrica. Centro ecuestre Vilamarín	5.000,00
419.12/221.00	Enerxía eléctrica. Explotación agropecuaria Valverde	3.000,00
419.15/221.00	Enerxía eléctrica. Predio O Reino	1.500,00
419.16/221.00	Enerxía eléctrica. Predio Armariz	1.000,00
335.11/226.09	Actividades culturais.	45.000,00
450.12/221.99	Materiais. Cooperación provincial	40.000,00
920.13/226.04	Xurídicos. Asesoría xurídica	70.000,00
453.11/230.20	Axudas custo do persoal. Vías provinciais	60.000,00
241.11/202.00	Arrendamentos de edificios e outras construcións. Fomento do emprego	3.107,27
453.11/221.99	Materiais. Vías e obras provinciais	75.000,00
SUMA SUPLEMENTOS DE CRÉDITO GASTOS CORRENTES		454.607,27

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
241.11/221.00	Enerxía eléctrica. Fomento do emprego	1.000,00
341.11/482.01	Subvencións entidades deportivas. Fomento do deporte	150.000,00
231.11/480.02	Atencións benéficas e sociais. Acción social	140.000,00
161.11/227.30	Mantenimiento fotovoltaicas. Servizo de augas e medio ambiente	3.500,00
341.11/482.00	Axudas a deportistas. Fomento do deporte	630,00
SUMA CRÉDITOS EXTRORDINARIOS		295.130,00

RESUMO

Suma suplementos de crédito.....	619.607,27
Suma concesión de créditos extraordinarios.....	295.130,00
TOTAL.....	914.737,27

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	914.737,27€
---	-------------

2º.- Aprobala modificación das Bases de execución do orzamento, que afectan ó apartado B) da Base 86ª, no que se refire a subvencións que teñen carácter nominativo, engadindo as seguintes ás que figuraban inicialmente:

Con cargo ás aplicacións orzamentarias que se especifican en cada subvención,

Beneficiario	Finalidade	Importe (euros)	Aplicación orzamentaria
Concello de Barbadás	Construción parque infantil	20.000,00	450.12/762.01
Concello de Cortegada	Construción 2ª fase balneario	25.000,00	450.12/762.01
Concello de Trasmiras	Actuacións aforro enerxético e auditoría enerxética	20.000,00	450.12/762.01

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

Concello de Riós	Revitalización e promoción da ruta europea da castaña. Actividades culturais	10.000,00	334.13/462.01
Concello de Beariz	Xornadas culturais da festa do porco celta e da emigración	5.000,00	334.13/462.01
Real Academia Galega	Gastos funcionamento	20.000,00	334.13/489.01
La Región		49.000,00	334.13/489.01

2º BIS.- E modificando o obxecto da subvención concedida pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense con data 11 de maio de 2012 ó Concello de Celanova para equipamento do auditorio, reducindo o gasto en equipamento e realizando unha serie de obras nel, segundo a solicitude remitida polo mesmo en data 8 de xuño de 2012, con cargo á mesma aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

3º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ó público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

8º.- EXPEDIENTE N.º 1/2012 DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA, AUTORIZACIÓN DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS DO INORDE.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG, adianta que van votar en contra sobre todo porque xa no Consello Reitor do INORDE, realizado o día 28 de novembro de 2011, decidiron votar en contra do punto de aprobación do proxecto de orzamentos do INORDE para o ano 2012, por 3 razóns principais: en primeiro lugar, porque o 56% do orzamento se dedicará a gasto de persoal, e máis do 90% dos ingresos proceden da Deputación, o que demostra que non hai capacidade de xestión para a captación de fondos; en segundo lugar, porque a ese exceso de gasto en persoal, xa sinalado, se lle engade unha ausencia de investimentos produtivos; e en terceiro lugar, porque se recorre exclusivamente a mecanismos de subvencións nominativas no canto de utilizar procedementos de concorrencia competitiva.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia o voto en contra do seu grupo porque o INORDE non se corresponde para nada co que debería ser este organismo. Xa o presidente anunciou no seu plan estratéxico que no INORDE tamén se ían facer modificacións ou aparentes cambios de rumbo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que é verdade que se van reformular as competencias do INORDE, pero iso leva o seu tempo, e nese sentido cumprírase o Plan Ourense 92 que para iso se presentou. O caso que nos ocupa é aprobar ou non un expediente de modificación de créditos con cargo ó remanente do ano 2011.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-la modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

PARTIDA	EXPRESIÓN	IMPORTE €
42211/131.00	Retribucións Básicas persoal laboral temporal Veterinaria (3.071,46) Auxiliar Administrativo (6.227,83 €)	9.299,29 €
42211/131.01	Outras remuneracións persoal laboral temporal Veterinaria (8.081,88) Auxiliar Administrativo (14.693,85 €)	22.775,73 €
42211/160.00	Seguridade Social Veterinaria (3.663,87€) Auxiliar Administrativo (6.875,64)	10.539,51 €
42211/212.00	Reparación, mantemento e conservación de edificios e outras construcións	6.000,00 €
42211/627.20	Proxecto Promercado (9.145,86+33.053,42)	42.199,28 €
42211/627.21	Proxecto Estaciones Vivas (41.079,80+30.866,99)	71.946,79 €
42211/627.22	Proxecto CTC 2 (23.775,00+13.112,50)	36.887,50 €
SUMA SUPLEMENTOS DE CRÉDITO		199.648,10 €

CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

PARTIDA	EXPRESIÓN	IMPORTE €
41900/221.13	Pensos convenio seme	5.413,47 €
42211/204.00	Aluguer de vehículos	2.796,60 €
SUMA CRÉDITOS EXTRORDINARIOS		8.210,07 €

RESUMO

Suma suplementos de crédito.....	199.648,10 €
Suma concesión de créditos extraordinarios.....	8.210,074 €
TOTAL.....	207.858,17 €

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	207.858,17 €
---	--------------

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ó público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

9º.- MODIFICACIÓN DA BASE 4ª DO ORZAMENTO DO INORDE PARA O EXERCICIO 2012

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG, manifesta o mesmo argumento que para o punto anterior e que van votar en contra.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia tamén o voto en contra desta modificación.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados do Grupo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da base de execución 4ª do orzamento do INORDE para o exercicio 2012, no seguinte aspecto: modifícase a subvención nominativa prevista por importe de oito mil euros (8.000,00 €) para persoal para a estación dos Peares, modificando o beneficiario da subvención para pasa a se-lo Concello da Peroxa no canto do Consorcio dos Peares.

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ó público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

10º.- RESOLUCIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO CONTRA O ACORDO DO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE POLO QUE SE ACORDOU SOLICITARLLE Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DE URXENCIA PARA O EXPEDIENTE EXPROPIATORIO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ESTRADA PROVINCIAL OU-0502 GUSTEI-OS PEARES (TRAMO PONTE DA BARRA-GUSTEI).-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia que van votar a favor, pero este asunto xa ten vido a este Pleno polo menos 15 veces desde que el é deputado desde hai cinco anos. Pide que esta estrada se realice dunha vez por todas.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Estima-los recursos interpostos polos herdeiros de D. Jesús Iglesias Varela (como propietarios das parcelas n.º 20 e 27 do expediente expropiatorio), D.ª Camila Iglesias Noguero (como propietaria das parcelas n.º 3, 28 e 31) e D. Luís Humberto Cao Fernández (como propietario das parcelas n.º 33 e 48), contra a solicitude á Xunta de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

Galicia da declaración de urxencia relativa ó expediente expropiatorio para a execución das obras de acondicionamento e mellora da estrada provincial “OU-0502 GUSTEI-OS PEARES (tramo Gustei-Os Peares), acordando o desistimento da dita solicitude.

11º.- CONVENIO MARCO PARA ASISTENCIA ÓS CONCELLOS NA XESTIÓN DAS SÚAS REDES DE ESTRADAS.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aproba-lo convenio marco de cooperación e asistencia ós concellos para a xestión das redes municipais de estradas, co seguinte contido:

Primeiro.- Obxecto, contido e condicións.

1. Constitúe o obxecto do presente convenio marco a regulación das condicións xerais para a prestación, pola Deputación Provincial de Ourense, de cooperación e asistencia ós concellos da provincia para a xestión das competencias en materia de defensa das redes municipais de estradas, mediante a delegación á Deputación do exercicio das competencias municipais correspondentes.

En virtude do presente convenio, os concellos adheridos delegan na Deputación Provincial o exercicio das seguintes competencias, referidas ás estradas de titularidade municipal:

a) A incoación, tramitación e resolución dos expedientes de reclamación polos danos sufridos nas estradas (no de caso afección ás estradas por terceiro)

b) A incoación, tramitación e resolución dos expedientes sancionadores (nos casos de infraccións administrativas en materia de uso das estradas e as súas zonas de servidume e afección)

c) A incoación, tramitación e resolución dos expedientes de restitución do medio físico no caso de danos causados ás estradas por terceiros.

d) A execución subsidiaria das ordes de reposición ou reparación do medio físico das estradas danado por terceiros, execución que pode levarse a cabo por administración mediante as brigadas de Vías e Obras da Deputación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

A delegación conferida abrangue a das facultades precisas para xestionar, na súa integridade, os procedementos administrativos correspondentes, incluíndo a resolución dos recursos en vía administrativa, a xestión integral dos procedementos de execución forzosa e o exercicio das accións xudiciais relacionadas co obxecto dos ditos procedementos.

2. O exercicio delegado das competencias municipais indicadas non terá ningún custo para os concellos adheridos. Non obstante, en virtude da dita delegación, o produto das multas e sancións impostas pola administración provincial, así como as cantidades ingresadas en concepto de indemnización por danos ás estradas e polos custos da restitución do medio físico e as multas coercitivas que poidan impoñerse nos procedementos de execución forzosa constituirán un ingreso propio da facenda provincial. Na parte non cuberta polos ditos recursos, o custo do exercicio das competencias delegadas será financiado con cargo ós fondos propios da administración provincial.

3. A efectividade da delegación queda condicionada a que por parte do concello adherido se designe unha persoa responsable, con coñecementos suficientes da rede viaria municipal, que actuará como interlocutor coa Deputación, así como a que se subministre ó Servizo de Vías e Obras da Deputación a cartografía do termo municipal da que se dispoña.

4. A Deputación Provincial comunicaralle periodicamente ó concello os expedientes tramitados, dos que en todo caso se lle remitirá copia á administración municipal unha vez concluída a súa tramitación.

2ª) Procedemento de adhesión ó convenio

Para a adhesión ó convenio, as entidades locais interesadas remitiranlle á Deputación Provincial o acto administrativo de adhesión, adoptado polo Pleno do concello. Para estes efectos, a Presidencia da Deputación poderá aprobar un modelo normalizado de acordo de adhesión.

A adhesión ó convenio será eficaz a partir do mes seguinte ó da data de entrada do documento de adhesión no rexistro xeral da Deputación, sen prexuízo do establecido no apartado 3 da cláusula anterior.

3ª) Comisión de seguimento

Establécese unha comisión de seguimento do convenio con cada entidade asinante, que estará integrada polo xefe do Servizo de Vías e Obras e un representante designado pola entidade local interesada. Actuará como secretario da comisión o secretario xeral da Deputación

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

ou funcionario que legalmente o substitúa, coas funcións propias dun secretario de órgano colexiado conforme co establecido no Título II da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A comisión de seguimento reunirse a pedimento de calquera das partes integrantes, e as súas funcións serán as de seguimento da aplicación do convenio, interpretación e resolución de incidencias. No caso de non acadarse un acordo no seo da comisión, a Deputación Provincial resolverá unilateralmente e con carácter executivo o que proceda, sen prexuízo da posibilidade de impugnación deste acto administrativo pola entidade local interesada conforme co sistema de recursos vixente no noso ordenamento xurídico.

4ª) Vixencia

O presente convenio terá vixencia indefinida para cada concello adherido dende a data de efectividade da adhesión, en tanto non se proceda á súa extinción conforme co establecido na cláusula seguinte.

5ª) Extinción do convenio

O presente convenio extinguirase por denuncia unilateral dos concellos adheridos ou por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. En ámbolos dous casos, a entidade interesada comunicará, cunha antelación mínima dun mes á súa data de efectividade, a súa decisión de resolver-lo convenio, que será executiva sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación pola outra parte.

A liquidación dos convenios resoltos anticipadamente corresponderalle, en todo caso, á Deputación Provincial, mediante resolución da Presidencia adoptada trala audiencia previa da outra parte. Esta resolución será executiva, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación conforme co sistema de recursos legalmente aplicable.

Nos supostos de resolución unilateral anticipada do convenio por causa non imputable á Deputación, a liquidación incluírá unha relación dos gastos sufridos pola Deputación, debidamente xustificadas no expediente.

6ª) Natureza e réxime xurídico

O presente convenio terá natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contencioso - administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

2º.- Ordena-la publicación do presente convenio no BOP para xeral coñecemento, e notificárlle-lo ós concellos da provincia, para os efectos de que procedan á súa adhesión.

12º.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE ESTRADAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Ó 1 DE XANEIRO DE 2012

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame e por unanimidade dos vinte e catro (24) deputados provinciais presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-la relación de estradas da Deputación Provincial de Ourense ó 1 de xaneiro de 2012, segundo a proposta formulada polo Servizo de Vías e Obras do 28 de maio de 2012, co seguinte contido:

COMARCA	NÚM.	DENOMINACIÓN	LONX.(M) 2011	LONXITUDE DAS ESTRADAS DA COMARCA (m)
ALLARIZ-MACEDA	OU-0101	ALLARIZ (N-525) - TABOADELA (OU-320)	8.490	
ALLARIZ-MACEDA	OU-0102	XUNQUEIRA DE AMBÍA (OU-0108) - POLIGONO SAN CIBRAO (OU-0560)	13.440	
ALLARIZ-MACEDA	OU-0103	PADERNE DE ALLARIZ (OU-102) - SANTA CRUZ (OU-0102)	5.200	
ALLARIZ-MACEDA	OU-0104	BAÑOS DE MOLGAS (OU-0108) - SALGUEIROS (OU-0102)	8.036	
ALLARIZ-MACEDA	OU-0105	RIOSECO (OU-101) - O PINTO (OU-536)	5.950	
ALLARIZ-MACEDA	OU-0106	MACEDA (OU-0107) - XUNQUEIRA DE ESPADANEDO (OU-536)	5.513	
ALLARIZ-MACEDA	OU-0107	MACEDA (OU-104) - ALTO DO RODICIO (OU-536)	8.524	
ALLARIZ-MACEDA	OU-0108	ALLARIZ (N-525) - MACEDA (OU-104)	18.070	
ALLARIZ-MACEDA	OU-0109	BAÑOS DE MOLGAS (OU-0108) - ARNUÍDE (OU-1103)	8.320	
ALLARIZ-MACEDA	OU-0110	XUNQUEIRA DE AMBÍA (OU-0111) - CASASOÁ	5.777	
ALLARIZ-	OU-0111	XUNQUEIRA DE AMBÍA (0108) -	10.063	

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

MACEDA		PIÑEIRA (N-525)		
ALLARIZ-MACEDA	OU-0151	O FOXÓN (OU-320) - N-525	1.185	
ALLARIZ-MACEDA	OU-0152	ALLARIZ (OU-320) - ALLARIZ (N-525)	1.100	
ALLARIZ-MACEDA	OU-0153	CERAMICAS (OU-0106) - NIÑODAGUIA (OU-536)	1.604	
ALLARIZ-MACEDA	OU-0154	PIÑEIRA (N-525) - COEDO	824	
		Total Comarca de Allariza-Maceda		102.096
TERRA DE CELANOVA	OU-0201	A MANCHICA (OU-540) - CARTELLE (OU-404)	14.900	
TERRA DE CELANOVA	OU-0202	A MANCHICA (OU-540) - GUNDIÁS (OU-320)	9.400	
TERRA DE CELANOVA	OU-0203	AS MARABILLAS (OU-540) - SANTA BAIA (OU-404)	6.483	
TERRA DE CELANOVA	OU-0204	CELANOVA (OU-540) - A MERCA (OU-0517)	9.500	
TERRA DE CELANOVA	OU-0205	CORVILLÓN (OU-300) - A CORREDOIRA (OU-0202)	9.195	
TERRA DE CELANOVA	OU-0206	VEREA (OU-540) - O FURRIOLO (OU-531)	5.490	
TERRA DE CELANOVA	OU-0207	VEREA (OU-540) - BANGUESES (OU-411)	12.150	
TERRA DE CELANOVA	OU-0208	CELANOVA (OU-0209) - A ARROTEA (OU-0209)	8.700	
TERRA DE CELANOVA	OU-0209	CELANOVA (OU-531) - LEIRADO (OU-0210)	14.300	
TERRA DE CELANOVA	OU-0210	LEIRADO (OU-0209) - PONTEDEVA (OU-0213)	10.100	
TERRA DE CELANOVA	OU-0211	QUINTELA DE LEIRADO (OU-0210) - A FRIEIRA (OU-411)	3.934	
TERRA DE CELANOVA	OU-0212	FUSTÁNS (OU-531) - ABELLÁS (OU-0210)	7.700	
TERRA DE CELANOVA	OU-0213	CRESPOS (OU-414) - PONTE CANTIÑO (OU-193)	7.400	
TERRA DE CELANOVA	OU-0214	OUTOMURO (OU-404) - VILAVIDAL (OU-531)	6.201	
TERRA DE CELANOVA	OU-0215	TOÉN (OU-0519) - A ARNOIA (OU-402)	28.800	
TERRA DE CELANOVA	OU-0251	CELANOVA (OU-540) - VILANOVA (OU-404)	2.616	
TERRA DE CELANOVA	OU-0252	CASETA DE ANSEMIL (OU-540) - ORILLE (OU-0204)	4.688	
TERRA DE CELANOVA	OU-0253	VARIANTE DA ACEA (OU-0206)	404	
TERRA DE CELANOVA	OU-0254	VARIANTE Á CRUZ (OU-0206)	810	
**TERRA DE CELANOVA	OU-0255	VARIANTE A VEREA (OU-0206)	365	
		Total Comarca de Terra de Celanova		163.136
O RIBEIRO	OU-0301	SAN CLODIO (OU-211) - CENLLE (OU-0303)	6.480	

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

O RIBEIRO	OU-0302	ESPOSENDE (OU-211) - CENLLE (OU-0303)	5.040	
O RIBEIRO	OU-0303	VAL DE PEREIRA (OU-211) – MASIDE	15.480	
O RIBEIRO	OU-0304	A ARMADA (OU-404) - ASTARIZ (OU-402)	10.300	
O RIBEIRO	OU-0305	RIBADAVIA - A ARNOIA (OU-402)	2.570	
O RIBEIRO	OU-0306	SAN CRISTOVO (OU-504) - LEIRO (OU-209)	18.580	
O RIBEIRO	OU-0307	LEIRO (OU-504) - CALDELAS (OU-212)	4.380	
O RIBEIRO	OU-0308	O SIFÓN (OU-212) - LÍMITE PROVINCIA PONTEVEDRA	7.970	
*O RIBEIRO	OU-0351	SAN CLODIO-CUÑAS	0	
O RIBEIRO	OU-0352	PONTE SOBRE O RÍO ARNOIA NA ARNOIA	50	
O RIBEIRO	OU-0353	A PONTE ARNOIA (OU-402) – PIÑÓN	3.698	
O RIBEIRO	OU-0354	RAMAL A LAPELA (OU-402)	1.400	
O RIBEIRO	OU-0355	QUINS (N-120) - COVELO	6.200	
O RIBEIRO	OU-0356	ESPIÑEIRO - A HEDREIRA	6.534	
O RIBEIRO	OU-0357	CORCORES - RUBILLÓN	5.220	
		Total Comarca de O Ribeiro		93.902
O CARBALLIÑO	OU-0401	O CARBALLIÑO (OU-0459) - O REINO (OU-154)	9.910	
O CARBALLIÑO	OU-0402	COTELAS (OU-0406) - LÍMITE PROVINCIA PONTEVEDRA	12.690	
O CARBALLIÑO	OU-0403	A DEVESA (OU-0402) - A CORNA (N-525)	5.450	
O CARBALLIÑO	OU-0404	PIÑOR (OU-0402) - LÍMITE PROVINCIA PONTEVEDRA	9.490	
O CARBALLIÑO	OU-0405	MASIDE (N-541) - CEA (N-525)	9.480	
O CARBALLIÑO	OU-0406	CEA - POBADURA	15.820	
O CARBALLIÑO	OU-0407	PIELAS (OU-0406) - VALES (OU-0408)	7.870	
O CARBALLIÑO	OU-0408	COVAS (OU-901) - LÍMITE PROVINCIA DE LUGO	10.850	
O CARBALLIÑO	OU-0409	MASIDE (N-541) - GARABÁS (OU-0405)	3.750	
O CARBALLIÑO	OU-0410	SAN AMARO (OU-0303) - BARBANTES (N-541)	9.860	
O CARBALLIÑO	OU-0411	RAZAMONDE (N-120) - SAN CIBRAO DE LAS (OU-0410)	6.450	
O CARBALLIÑO	OU-0412	PORTO DE EGUAS (OU-208) - SAN AMARO (OU-0303)	2.560	
O CARBALLIÑO	OU-0413	O CARBALLIÑO (OU-208) – GOMARIZ	8.470	
O CARBALLIÑO	OU-0414	A ALMUZARA (N-541) - LEIRO (OU-209)	11.530	

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

O CARBALLIÑO	OU-0415	BRUÉS (N-541) - PORTELA DA CRUZ (PO-235)	25.572	
O CARBALLIÑO	OU-0416	NOGUEIRA (OU-202) - COUSO (OU-164)	25.960	
O CARBALLIÑO	OU-0417	O CARBALLIÑO (N-541) - PARADA DE LAVIOTE (OU-0416)	14.519	
O CARBALLIÑO	OU-0451	RAMAL A ARENTEIRIÑO (OU-0406)	2.400	
O CARBALLIÑO	OU-0452	RAMAL A VILARELLOS (OU-0406)	2.280	
O CARBALLIÑO	OU-0453	RAMAL A BETAR (OU-0406)	2.780	
O CARBALLIÑO	OU-0454	RAMAL A FURCO (OU-0406)	770	
O CARBALLIÑO	OU-0455	RAMAL A VILANFESTA (OU-0407)	710	
O CARBALLIÑO	OU-0456	MANDRÁS - VIDUEDO (N-525)	2.950	
O CARBALLIÑO	OU-0457	AS QUINTAS (OU-0523) - IGREXA DE GARABÁS (OU-0409)	2.245	
O CARBALLIÑO	OU-0458	COSTA DO PORTO (OU-0412) – ANLLO	1.046	
O CARBALLIÑO	OU-0459	RÚA PIÑOR (OU-206) E TRAVESÍA DE ARCOS (OU-0401)	920	
O CARBALLIÑO	OU-0460	TRAVESÍA DO CARBALLIÑO	598	
O CARBALLIÑO	OU-0461	RÚA GALICIA E TRAVESÍA DE MESEGO	2.114	
O CARBALLIÑO	OU-0462	RAMAL A SALÓN (OU-0414)	900	
O CARBALLIÑO	OU-0463	AS LAXAS (OU-0414) - BOBORÁS	4.251	
O CARBALLIÑO	OU-0464	FEÁS (OU-0415) - ALBARELLOS	4.611	
O CARBALLIÑO	OU-0465	RAMAL A RICOVANCA (OU-235)	2.190	
**O CARBALLIÑO	OU-0466	CUSANCA - LÍMITE PROVINCIA DE PONTEVEDRA (OU-235)	2.390	
		Total Comarca de O Carballiño		223.386
OURENSE	OU-0501	TOLDAVIA (N-540) - A PEROXA (OU-0502)	10.700	
OURENSE	OU-0502	GUSTEI (N-525) - OS PEARES (N-120)	18.315	
OURENSE	OU-0503	OS CRUCEIROS (OU-0504) - VILAMARÍN (OU-0527)	13.817	
OURENSE	OU-0504	A CASILLA (OU-0551) - BARRA DE MIÑO (OU-0503)	7.850	
OURENSE	OU-0505	VILARCHAO (OU-0502) - A PEROXA - BARRA DE MIÑO (OU-0504)	18.275	
OURENSE	OU-0506	VELLE (C-546) - SAN MIGUEL DO CAMPO (OU-0508)	6.959	
OURENSE	OU-0507	CASTADÓN (OU-536) - SAN	4.538	

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

		MIGUEL DO CAMPO (OU-0507)		
OURENSE	OU-0508	PONTE DOS GOZOS (OU-536) - PARADA DE SIL (OU-604)	34.000	
OURENSE	OU-0509	LUÍNTRA (OU-0508) - ESGOS (OU-536)	13.204	
OURENSE	OU-0510	CORTIÑAS (OU-0507) - LOÑA (OU-0509)	9.380	
OURENSE	OU-0511	FARAMONTAOS (OU-0508) - LOÑOÁ (OU-0510)	3.037	
OURENSE	OU-0512	COVAS (OU-0510) - COUTADA (OU-0509)	3.800	
OURENSE	OU-0513	RÚA DE RAIRO - O CUMIAL (OU-105)	5.151	
OURENSE	OU-0514	VÍA PRINCIPAL DO POLÍGONO (OU-105)	3.940	
OURENSE	OU-0515	PEREIRAS (OU-0102) A TABOADELA (OU-320)	4.435	
OURENSE	OU-0516	MESÓN DE CALVOS (OU-320) - CRUZ DE RANTE (OU-0517)	5.562	
OURENSE	OU-0517	OURENSE (N-525) - A MERCA (OU-0204)	12.600	
OURENSE	OU-0518	ESCORREGAS (OU-510) - TOÉN (OU-0519)	8.100	
OURENSE	OU-0519	OURENSE (OU-540) - TOÉN (OU-0216)	10.200	
OURENSE	OU-0520	QUINTELA (N-120) - CASTRO DE BEIRO (OU-0521)	6.524	
OURENSE	OU-0521	CABEANCA (OU-0526) - TRASALBA (OU-0522)	8.890	
OURENSE	OU-0522	SANTA CRUZ (N-120) - PARADA (OU-0524)	10.030	
OURENSE	OU-0523	PARADA (OU-0524) - MASIDE (N-541)	9.980	
OURENSE	OU-0524	TAMALLANCOS (N-525) - O VIÑAO (N-541)	11.320	
OURENSE	OU-0525	CAMBEO (N-525) - PONTE DOS FRADES (OU-0522)	9.398	
OURENSE	OU-0526	OURENSE (OU-0551) - AMOEIRO (OU-0524)	12.486	
OURENSE	OU-0527	SOBREIRA (N-525) - SAN MARTIÑO (OU-201)	7.274	
OURENSE	OU-0528	BOUZAS (N-525) - O PILO (N-540)	4.050	
OURENSE	OU-0551	PONTE NOVA - BELLAO	2.760	
OURENSE	OU-0552	SOBRAL (OU-150) - RIBELA (OU-0504)	2.900	
OURENSE	OU-0554	RAMAL ESTACIÓN BARRA DE MIÑO (OU-0505)	300	
OURENSE	OU-0555	OS PEARES (C-545) - NOGUEIRA	5.677	
OURENSE	OU-0556	ALMORFE (C-546) - NOGUEIRA DE RAMUÍN (OU-0555)	4.324	
OURENSE	OU-0557	PONTE SOBRE O RÍO SIL EN SANTO ESTEVO	132	

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

OURENSE	OU-0558	RAMAL Ó MOSTEIRO DE SAN PEDRO DE ROCAS (OU-0509)	809	
OURENSE	OU-0559	ALTO DO CUMIAL (OU-105) - CRUCEIRO (POLÍGONO S.C.) (OU-0514)	560	
OURENSE	OU-0560	VÍA N.º 3 DO POLÍGONO DE SAN CIBRAO (OU-0514)	1.000	
OURENSE	OU-0561	RAMAL A PARADA DE PIÑOR (OU-0519)	900	
OURENSE	OU-0562	RAMAL A TRELLE (OU-0518)	3.000	
OURENSE	OU-0563	RAMAL A SANATORIO DE TOÉN (OU-0518)	700	
OURENSE	OU-0564	MUGARES (OU-0519) - ALONGOS	3.500	
OURENSE	OU-0565	RAMAL A FECHOS (OU-0522)	480	
OURENSE	OU-0566	RAMAL PAZO DE VILAMARÍN (OU-0527)	1.435	
*OURENSE	OU-0567	TRAVESÍA DE VILAMARÍN (OU-0527)	0	
OURENSE	OU-0568	RÚA QUINTIÁN - ALEJANDRO PEDROSA (OU-0526)	1.141	
		Total Comarca de Ourense		303.433
TERRA DE CALDELAS	OU-0601	CASTRO CALDELAS (OU-536) - CHANDREXA (OU-0602)	21.540	
TERRA DE CALDELAS	OU-0602	LEBOREIRO (OU-536) - ENCORO CHANDREXA	20.756	
TERRA DE CALDELAS	OU-0603	VILARIÑO FRÍO (OU-536) - MONTEDERRAMO (OU-0602)	10.640	
TERRA DE CALDELAS	OU-0604	VILARIÑO FRÍO (OU-536) - PARADA DE SIL (OU-0508)	9.920	
TERRA DE CALDELAS	OU-0605	PEDRA DO SOL (OU-0606) - PARADA DE SIL (OU-604)	16.312	
TERRA DE CALDELAS	OU-0606	VALILONGO (OU-536) - A TEIXEIRA (OU-0607)	8.400	
TERRA DE CALDELAS	OU-0607	O IVEDO (OU-903) - A TEIXEIRA (OU-0606)	4.800	
TERRA DE CALDELAS	OU-0651	RAMAL A EMISOR DE TVE EN CABEZA DE MEDA (OU-536)	6.982	
TERRA DE CALDELAS	OU-0652	RAMAL A BOAZO (OU-0606)	2.246	
		Total Comarca de Terra de Caldelas		101.596
TERRA DE TRIVES	OU-0701	CABALAR (OU-636) - VILARIÑO DE CONSO	30.235	
TERRA DE TRIVES	OU-0702	TRIVES - ROZAVALES	6.685	
TERRA DE TRIVES	OU-0703	TRIVES (OU-536) - CHANDREXA	9.032	
TERRA DE TRIVES	OU-0704	RAMAL A CABEZA DE MANZANEDA (OU-0703)	6.891	
TERRA DE TRIVES	OU-0705	ALTO DA CERDEIRA (OU-536) - A MOA	11.870	
TERRA DE TRIVES	OU-0706	OU-536 - SAN XOÁN DE RÍO (OU-0705)	4.400	

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

TERRA DE TRIVES	OU-0751	SOUTIPEDRE - AS ERMIDAS	3.927	
TERRA DE TRIVES	OU-0752	TRIVES - PENA PETADA	5.510	
TERRA DE TRIVES	OU-0753	TRIVES (OU-536) - PAREISÁS	3.987	
TERRA DE TRIVES	OU-0754	ACCESO A PENA FOLENCHA (OU-536)	1.663	
TERRA DE TRIVES	OU-0755	TRIVES (OU-536) - BARRIO	2.560	
		Total Comarca de Terra de Trives		86.760
VALDEORRAS	OU-0801	O BARCO - SOBRADELO	6.330	
VALDEORRAS	OU-0802	SOBRADELO (OU-122) - CASOIO	8.480	
VALDEORRAS	OU-0803	A VEIGA (OU-0804) - A PONTE	14.880	
VALDEORRAS	OU-0804	ALTO DO COVELO (OU-533) - A VEIGA	11.520	
VALDEORRAS	OU-0805	CAMBELA (OU-533) - O BOLO	8.010	
VALDEORRAS	OU-0806	LENTELLAIS (OU-533) - O BOLO	2.590	
VALDEORRAS	OU-0807	VILAMARTÍN (N-536) - SAN VICENTE	8.690	
VALDEORRAS	OU-0808	OU-622 - VILA DE CASTRO	3.238	
VALDEORRAS	OU-0851	O BARCO - N-536	2.052	
VALDEORRAS	OU-0852	N-536 A MILLAROUSO	1.191	
VALDEORRAS	OU-0853	N-536 - CANDEDA	9.869	
VALDEORRAS	OU-0854	ESPIÑO (OU-0803) - LAMALONGA	4.562	
VALDEORRAS	OU-0855	XARES (OU-0803) - SEOANE	2.864	
VALDEORRAS	OU-0856	A VEIGA (OU-0804) - PRADA	11.171	
VALDEORRAS	OU-0857	VARIANTE DE CASTROMAO (OU-0901)	762	
VALDEORRAS	OU-0858	VARIANTE DE PRADOLONGO (OU-0901)	335	
VALDEORRAS	OU-0859	RAMAL CHAO DAS DONAS (OU-0811) - VALDANTA	2.085	
VALDEORRAS	OU-0860	RAMAL VALBUXÁN (OU-0811) – VILASECO	1.633	
VALDEORRAS	OU-0861	OU-533 - CHANDOIRO	2.875	
VALDEORRAS	OU-0862	OU-636 - SEADUR	2.527	
VALDEORRAS	OU-0863	PETIN (OU-636) - CARBALLAL	2.935	
VALDEORRAS	OU-0864	A RÚA-VILELA	1.010	
		Total Comarca de Valdeorras		109.609
VIANA	OU-0901	VIANA - RAMILO	12.730	
VIANA	OU-0902	SANTO AGOSTIÑO - SEVER	12.900	
VIANA	OU-0903	VIANA (OU-533) - LÍMITE PROVINCIA DE ZAMORA	16.740	
VIANA	OU-0904	SEOANE (OU-0903) - BOUZA	8.470	
VIANA	OU-0905	CÁDAVOS (OU-311) – CASTROMIL	4.250	

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

VIANA	OU-0906	A MEZQUITA (OU-311) - A ESCULQUEIRA	5.020	
VIANA	OU-0907	SAN LORENZO (N-525) - PARADA DA SERRA	6.640	
VIANA	OU-0908	VIANA (OU-533) - VILARIÑO DE CONSO	8.290	
VIANA	OU-0951	MOURISCA (OU-533) - A GONZA	5.370	
VIANA	OU-0952	ACCESO A CANDA (N-525)	1.378	
VIANA	OU-0953	ACCESO A TAMEIRÓN (N-525)	5.839	
		Total Comarca de Viana		87.627
VERÍN	OU-1001	CASTRELO DO VAL (OU-113) - GONDULFES (OU-114)	2.590	
VERÍN	OU-1002	CAMPOBECERROS (OU-114) - VEIGA DE NOSTRE	7.480	
VERÍN	OU-1003	SAN CRISTOVO (N-525) - MIRÓS	4.470	
VERÍN	OU-1004	AS VENDAS DA BARREIRA (N-525) - CASTRELO DE ABAIXO	10.290	
VERÍN	OU-1005	VILARDEVÓS (OU-310) - AS VENDAS DA BARREIRA (N-525)	13.520	
VERÍN	OU-1006	VILARDEVÓS (OU-310) - VILARELLO DA COTA	9.370	
VERÍN	OU-1007	MANDÍN - FECES DE CIMA	4.440	
VERÍN	OU-1008	SAN ROQUE (OU-310) - VILAR DE CERVOS	6.750	
VERÍN	OU-1009	CABREIROÁ - VILAR DE CERVOS (OU-1011)	7.320	
VERÍN	OU-1010	OÍMBRA - RABAL (N-532)	6.450	
VERÍN	OU-1011	VERÍN (N-532) - OÍMBRA	3.190	
VERÍN	OU-1012	ALBARELLOS (OU-143) - OÍMBRA	8.940	
VERÍN	OU-1013	OÍMBRA (OU-1011) - VIDEFERRE	13.660	
VERÍN	OU-1014	VERÍN (N-525) - BALNEARIO DE REQUEIXO	5.780	
VERÍN	OU-1015	ALBARELLOS (OU-1012) - MEDEIROS (OU-1016)	7.720	
VERÍN	OU-1016	SAN MARTIÑO (OU-1017) - MEDEIROS	5.730	
VERÍN	OU-1017	REBORDONDO (A-52) - CARZOÁ (OU-1020)	8.880	
VERÍN	OU-1018	REBORDONDO (A-52) - CUALEDRO	6.360	
VERÍN	OU-1019	PENEVERDE (OU-1018) - AS ESTIBADAS (N-525)	2.240	
VERÍN	OU-1020	CUALEDRO (OU-1107) - FRONTEIRA PORTUGUESA	14.120	
VERÍN	OU-1021	VERÍN (N-525) - ARCUCÉLOS (OU-113)	8.425	
VERÍN	OU-1051	TREZ (OU-112) - TORO	5.312	
VERÍN	OU-1052	CERDEDELO (OU-112) - ESTACIÓN FFCC DE PRADO (OU-114)	22.194	

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

VERÍN	OU-1053	CERDEDELO (OU-112) - CAMBA	4.995	
VERÍN	OU-1054	RAMAL A SANGUÑEDO (OU-1002)	2.723	
VERÍN	OU-1055	ACCESO A QUEIRUGÁS (N-525)	2.161	
VERÍN	OU-1056	RAMAL A FLORDERREI (OU-1004)	679	
VERÍN	OU-1057	RAMAL A CASTRELO DE CIMA (OU-1004)	1.379	
VERÍN	OU-1058	RAMAL A PROGO (OU-1005)	475	
VERÍN	OU-1059	SANTA COMBA - ARZOÁ	3.436	
VERÍN	OU-1060	FLARIZ (OU-1016) - A MADANELA	2.888	
VERÍN	OU-1061	LUCENZA (OU-1020) - A XIRONDA	4.618	
		Total Comarca de Verín		208.585
A LIMIA	OU-1101	XINZO - ACCESO AUTOVÍA (A-52)	1.150	
A LIMIA	OU-1102	XINZO (N-525) - VILAR DE BARRIO (Cesión tramo urbano p.q 0+00 a 0+180)	15.360	
A LIMIA	OU-1103	VILAR DE BARRIO - OS MILAGRES (OU-103)	10.670	
A LIMIA	OU-1104	VILA DE REI (N-525) - VILAR DE BARRIO	18.300	
A LIMIA	OU-1105	PORTO ALTO (N-525) – SARREBUS	8.530	
A LIMIA	OU-1106	TRASMIRAS (N-525) - FARAMONTAOS	4.600	
A LIMIA	OU-1107	XINZO (OU-302) - CUALEDRO	12.990	
A LIMIA	OU-1108	BALTAR (OU-304) - CUALEDRO (OU-1020)	11.130	
A LIMIA	OU-1109	BALTAR (OU-1110) - FRONTEIRA PORTUGUESA	6.690	
A LIMIA	OU-1110	BALTAR (OU-304) - RANDÍN (OU-303)	14.760	
A LIMIA	OU-1111	OS BLANCOS (OU-1112) - SANTIAGO DE RUBIÁS (OU-1110)	14.790	
A LIMIA	OU-1112	XINZO (OU-301) - CALVOS DE RANDÍN (OU-302)	24.210	
A LIMIA	OU-1113	GANADE (OU-301) - LOBÁS (OU-1112)	9.830	
A LIMIA	OU-1114	VILAR DE SANTOS (OU-321) - PONTE LIÑARES (OU-301)	12.180	
A LIMIA	OU-1115	SANTA BAIA (OU-1114) – BARRACEL	10.600	
A LIMIA	OU-1116	SANDIÁS (N-525) - VILARIÑO DAS POLDRAS (OU-321)	3.151	
A LIMIA	OU-1151	ACCESO AUTOVÍA (A-52) – ANTELA	2.527	
A LIMIA	OU-1152	TRAVESÍA DE REBORDECHÁ (OU-1107)	1.591	

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

A LIMIA	OU-1153	TRAVESÍA DE MOREIRAS (OU-1107)	1.348	
A LIMIA	OU-1154	OU-1111 - LOURESES (OU-1112)	423	
A LIMIA	OU-1155	PARADA DE RIBEIRA (OU-1112)- OS BLANCOS (OU-1112)	4.468	
		Total Comarca da Limia		189.298
BAIXA LIMIA	OU-1201	BANDE (OU-540) - BARXÉS (OU-1202)	6.652	
BAIXA LIMIA	OU-1202	FARNADEIROS (OU-302) – LOBIOS	21.003	
BAIXA LIMIA	OU-1203	NOGUEIROÁ (OU-1201) - SAN FIZ	2.972	
BAIXA LIMIA	OU-1204	BARXÉS (OU-1202) - COUSO	4.629	
BAIXA LIMIA	OU-1205	MUGUEIMES (OU-1202) - CALVOS DE RANDÍN (OU-302)	10.002	
BAIXA LIMIA	OU-1206	LOBIOS - VEREDO (OU-1255)	14.530	
BAIXA LIMIA	OU-1207	OU-540 - A ILLA (OU-1209)	3.677	
BAIXA LIMIA	OU-1208	OU-1209 - LANTEMIL (O FOLÓN)	3.337	
BAIXA LIMIA	OU-1209	A TERRACHÁ (OU-1212) - OLELAS (POLA ILLA)	14.125	
BAIXA LIMIA	OU-1210	A TERRACHÁ (OU-1212) – QUEGUAS	7.671	
BAIXA LIMIA	OU-1211	MALLETA (OU-540) - A FEIRA VELLA (OU-1212)	1.882	
BAIXA LIMIA	OU-1212	BANDE (OU-540) - PORTUGAL	33.386	
BAIXA LIMIA	OU-1213	FACÓS (OU-1212) - PONTE PEDRIÑA (OU-540)	5.286	
BAIXA LIMIA	OU-1214	ALTO DAS MOTAS (OU-1215) - LOBEIRA (OU-1212)	8.161	
BAIXA LIMIA	OU-1215	PONTE CADÓS (OU-1212) - ALTO DAS MOTAS (OU-1212)	2.500	
BAIXA LIMIA	OU-1216	LOBEIRA (OU-1212) - GROU (OU- 1212)	13.007	
BAIXA LIMIA	OU-1251	NOGUEIROÁ (OU-1201) - ENCORO	210	
BAIXA LIMIA	OU-1252	RAMAL ÁS MAUS DE SALAS (OU-1205)	332	
BAIXA LIMIA	OU-1253	RAMAL PONTE DE NOGUEIROÁ (OU-1201)	713	
BAIXA LIMIA	OU-1254	MUGUEIMES (OU-1202) – ENCORO	1.085	
BAIXA LIMIA	OU-1255	REPARADE - ALBITE	4.343	
BAIXA LIMIA	OU-1256	RAMAL Á PORTAXE (OU-1202)	1.176	
BAIXA LIMIA	OU-1257	ACCESO Á HERDADIÑA (OU-504)	746	
*BAIXA LIMIA	OU-1260	TRAVESÍA DA TERRACHÁ (OU- 1212)	0	
BAIXA LIMIA	OU-1261	OU-1212 - A PEREIRA	3.320	
BAIXA LIMIA	OU-1262	RAMAL A BOUZADRAGO (OU- 1261)	1.048	
BAIXA LIMIA	OU-1263	PARADA DO MONTE (OU-1216) - A FRAGA	3.921	

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

*BAIXA LIMIA	OU-1264	TRAVESÍA DE BANDE (OU-540)	0	
BAIXA LIMIA	OU-1265	ACCESO A SANTA COMBA (OU-540)	498	
BAIXA LIMIA	OU-1266	RAMAL Á GRANXA (OU-1215)	431	
		Total Comarca da Baixa Limia		170.643
N.º de estradas	260	Lonxitude total das estradas provinciais.....	1.840.071	

*estrada cedida en 2011.

** estrada incorporada en 2011.

2º.- Remitirlle este acordo ó Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva, conforme co artigo 6.b) da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia.

3º.- Publicar este acordo no BOP, para xeral coñecemento.

13º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA, POLO PROCEDEMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA, PARA EXECUCIÓN DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DA RÚA REI DE VIANA, NO MUNICIPIO DE LEIRO.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame e por unanimidade dos vinte e catro (24) deputados provinciais presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar definitivamente o expediente expropiatorio de taxación conxunta para a execución da obra de “ACONDICIONAMENTO DA RÚA REI DE VIANA”, no municipio de Leiro, de conformidade co “Proxecto de Ordenación do Medio Rural ” do concello de Leiro, aprobado definitivamente o 27 de febreiro de 2003.

2º.- Declara-la necesidade de ocupación, con carácter de urxencia, dos bens e dereitos afectados pola devandita expropiación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

N.º PARCELA EXPTE.	REFERENCIA CATASTRAL	TIPO PARCELA	PROPIETARIO	M² EXPROP.
1	2114620NG792150001JQ	SOLO DE NÚCLEO RURAL	CARMEN PEREZ FERNANDEZ	10,15
2	2114620NG792150001JQ	SOLO DE NÚCLEO RURAL	M ^a . BARILDE OTERO RODRÍGUEZ	147,25
3	2114622NG792150001SQ	SOLO DE NÚCLEO RURAL	DARÍA IGLESIAS ALEN y ELENA ROMERO IGLESIAS	36,00
4	2114621NG7921S0001EQ	SOLO DE NUCLEO RURAL	BENITO RIVERA LOPEZ	41,60

3º.- Notificarlles este acordo ós interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

14º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2012, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONTEDERRAMO.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Acorda-la modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2012, relativa ás obras municipais do concello de Montederramo, incorporando ó plan principal –en substitución da obra denominada “Reforma do alumeadado público no termo municipal”- a obra denominada “Pavimentación en Vilariño Frío” cun orzamento de execución de 41.300,00 € e incorporando ó plano complementario –en substitución da obra denominada “Pavimentación en Vilariño Frío” - a obra denominada “Mellora da pista de Marrubio a San Martiño” cun orzamento de execución de 41.300,00 €.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

15°.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2012, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS CUALEDRO E VILAMARÍN.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Acorda-la modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2012, relativa ás obras municipais dos concellos de Cualedro e Vilamarín, nos seguintes termos:

a) **No concello de Cualedro:** incorpórase plan principal –en substitución da obra denominada “Saneamento e depuración en Lucenza e Xironda”- a obra denominada “Saneamento e depuración en Lucenza e Xironda e mellora do abastecemento en Carzoá” cun orzamento de execución de 41.300,00 €, mantendo no plan complementario a obra denominada “Beirarrúas en San Martiño” cun orzamento de execución de 41.300,00 €

b) **No concello de Vilamarín:** incorpórase ó plan principal –en substitución da obra denominada “Asfaltado estrada Belquerine- A Pena”- a obra denominada “Mellora e embelecemento do acceso ó velorio municipal” cun orzamento de execución de 41.300,00 €, mantendo no plan complementario a obra denominada “Acondicionamento estrada Barrio-A Pica” cun orzamento de execución de 41.300,00 €.

16°.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O PLAN DE COOPERACIÓN DA XUNTA DE GALICIA COS CONCELLOS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Gómez Pérez, para que defenda o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, dá lectura á moción, co seguinte contido: *“Os concellos de Galicia contan desde hai anos cos chamados Programas de Cooperación, que cada ano convoca a Xunta de Galicia para a contratación de traballadores para a prestación de servizos durante períodos de entre 6 e 9 meses, nalgún caso máis.. Na orde aprobada inicialmente pola Consellería de Traballo para este ano, os Programas de*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

Cooperación contaban cun orzamento de 46 millóns de euros para todos os concellos de Galicia. A mediados de xuño, publicouse no DOG unha nova orde da Consellería de Traballo, pola que se reducía a achega económica á 12 millóns de euros, o que supón unha baixada do 75% con respecto ás previsións iniciais. O descenso está provocado polos recortes indiscriminados do goberno central, que reduce das partidas para a creación de emprego, que é onde non se debería recortar nunca. Os Programas de Cooperación, tal e como estaban inicialmente aprobados, permitirían a contratación de aproximadamente 3.000 persoas, o que supón que ese mesmo número de familias poderían dispor dun soldo durante parte do ano. Agora, serán como moito 700 os traballadores e traballadoras que poderán ser contratados polos concellos galegos dentro dos Programas de Cooperación. Pero é que, ademais, non só se prexudica de xeito directo a esas 2.300 familias que non poderán contar con ingresos este ano pola decisión de rebaixar nun 75% o orzamento dos Programas, senón que se atenta directamente contra o propio obxectivo da orde –que é a creación de emprego-. É tamén unha puñalada directa ós concellos, xa que moitos dependen directamente destes programas de cooperación para manter servizos que, doutro xeito, non poderían ofrecer. Por unha banda, porque os concellos non contan con cartos para poder afrontar-la contratación do persoal necesario para a continuación dos servizos; por outra, porque aínda que tiveran cartos para elo, a Lei de estabilidade orzamentaria imposta polo goberno central impídelles ós concellos facer novas contratacións. Polo tanto, este recorte, froito da política do goberno central, obrigará á maior parte dos concellos a suprimir servizos. As consecuencias negativas desta situación afectarán finalmente a toda á cidadanía, que non poderá contar con servizos que nalgún caso resultan fundamentais. Por elo, o Grupo Socialista somete á consideración do Pleno os seguintes acordos: rexeitar de xeito enérxico a decisión da Consellería de Traballo de reduci-lo orzamento para os Programas de Cooperación deste ano. Esixirlle á Consellería de Traballo a rectificación da orde, ampliando de xeito substancial as partidas económicas destinadas a estes programas. Crear desde a Deputación de Ourense, como están a facer noutras deputacións, un plan propio de cooperación cos concellos”. A moción está bastante ben explicada na exposición de motivos, pero engade que con ela xa quedan curtos, porque onte asistiron a cousas asombrosas. Falábase de que o anterior goberno central improvisaba, pero agora pasamos da improvisación á desolación, e é totalmente increíble que se poida facer tal chapuza en tan pouco tempo. Todos somos conscientes da situación económica na que estamos,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

pero non se poden facer este tipo de chapuzas cos estes plans de cooperación. Lembra unha reunión na que se falou deste tema onde el recibiu unha rifa por parte dun membro da Xunta de Galicia, e agora xa non é so que non se cumpra o anterior, senón que, a maiores, vaixe incumprir todo o que se dixo na reunión. Fala dos GRUMIR, e seguramente os que os teñan saben do que aconteceu no día de onte. Pregunta que se pode facer cando se lles dixo que a orde ía ir no mesmo sentido, e agora pasan de nove meses a seis meses e desde o mesmo goberno central limitaron as opcións. Pensa que isto é un sen sentido e os señores deputados do Grupo Popular, se lle queren a esta provincia, deben votar a favor da moción. Non cuestiona que haxa que facer algún tipo de axuste, pero tamén hai que dicir que estes fondos viñan da Unión Europea (80%), e agora a Xunta terá que explicar se eses fondos non chegan ou non son os que crían. A realidade e o dramatismo disto é que, á parte dos servizos que xa implican grandes problemas para os concellos, o Partido Popular ía dar exemplo cambiando todo. Agora non se pode falar de herdanzas porque xa pasaron máis de tres anos, e ó final o que se ve é que o fomento de emprego queda en nada, non se van poder facer contratos e todos sabemos o que isto implica nos concellos da nosa provincia. Cre que os deputados, como alcaldes, independentemente das siglas, deben votar a favor da moción.

D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do BNG, anuncia o voto a favor do seu grupo a esta moción, porque a consideran de actualidade e de relevancia, que afecta polo menos a noventa e un concellos da provincia. Imos cara unha especie de suicidio colectivo, provocado ou non, pero eficientemente levado a cabo polo Partido Popular tanto na Xunta como no goberno central e néganse a subscribir isto. Estamos falando de cuestións que lles afectan ás persoas e ós servizos que se prestan desde os concellos. Non sabe para qué tanto aparato e tanto papel, porque, como xa apuntou o portavoz socialista, se convocou unha reunión surrealista porque nin sequera os criterios estaban claros, para explicar que todo ía ser por medios telemáticos e despois houbo que esperar ata a última hora do último día para facer tódalas solicitudes de cooperación porque o sistema informático non funcionaba. Vendéuselles que había uns máximos e uns mínimos e que se ía prima-la coordinación entre concellos en agrupar programas e servizos e pregúntase onde está todo isto. Pensa que xa estaba todo decidido, e nunha noticia que saíu en La Región o domingo 29 de abril dise, respecto da liquidación do orzamento da Xunta, que a Xunta de Galicia deixou escapar 160 millóns para a promoción do emprego en 2011. Pensa que se chega a esta situación porque non se executa o orzamento e isto

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

é unha desidia da xestión política a cargo da Xunta, porque non executa o orzamento e agora hai que devolve-los fondos. O problema de fondo que subxace na supresión dos programas de cooperación cos concellos é porque a Xunta ten que cofinancia-la súa parte respecto dos fondos europeos, e como non ten diñeiro o máis fácil é eliminalos ou recortalos. O principal problema deste país é o paro e agora suprímese un programa que tentaba paliar este problema, porque estamos a falar duns 3.000 empregados en toda Galicia. Agora imos a mini jobs, traballos a media xornada ou xornadas reducidas, e deixamos de contratar a un montón de persoas que estaban no paro. A Xunta de Galicia estase a equivocar de plano nesta xestión e o BNG négase a ir nesa dirección, porque os concellos non teñen a culpa de determinadas xestións do equipo de goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, entende o descontento dos portavoces da oposición, pero non por iso deixa de ser responsable dada a situación na que estamos. Adianta que van votar en contra da moción, que lle parece oportunista e desleal, xa que cando non se goberna é moi fácil facer oposición. O goberno central ven de facer un axuste orzamentario no eido das políticas activas que afecta a tódalas comunidades autónomas de xeito lineal. Este reaxuste do goberno central, enmarcado dentro duns orzamentos elaborados baixo a premisa do necesario cumprimento do déficit, tamén repercute en Galicia. O goberno central vén de reaxustar 1.700 millóns de euros e en Galicia supón recibir preto de 140 millóns de euros menos. Eses 140 millóns de euros que deixa de percibir Galicia é por culpa de que non se souberon facer a tempo e agora este goberno ten que facelos. Malia isto, a Xunta de Galicia, dentro dos orzamentos destinados a Galicia e das súas competencias, manterá e priorizará as axudas cos servizos de protección civil e da seguridade ós que se fixo mención (GRUMIR, socorristas ...). Financiará igualmente con 12,3 millóns de euros a contratación de máis de 1.500 persoas desempregadas en Galicia e manterá o financiamento para as entidades de iniciativa social que traballan no eido da discapacidade e con colectivos en risco de exclusión social, blindando así o orzamento dirixido a estas organizacións, mostra da importancia que ten para este goberno a protección social. Non podemos esquecer que os fondos e os conceptos ós que se destinan estes fondos veñen determinados polo Estado, polo que a marxe de flexibilidade de cada comunidade é escasa ou nula. Estas axudas fináncianse a través dos fondos finalistas da Administración do Estado nunha porcentaxe do 100%, é dicir, na súa totalidade. Lembra que a Comunidade Autónoma non pode achegar nin solicitar fondos europeos, xa que se trata dun

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

programa plurirexional. A Xunta dálles prioridade ás persoas sen emprego e malia ó axuste orzamentario destinará para este fin 40,5 millóns de euros para a formación de persoas desempregadas, os chamados programas mixtos de formación e emprego. Dentro destes programas están os obradoiros de emprego dirixidos á formación de persoas desempregadas maiores de 25 anos con especiais dificultades de inserción laboral que darán emprego a máis de 1.300 persoas. Polo tanto, a Xunta de Galicia, nunha grave situación de crise como a actual, segue a desenvolver os seus programas e incluso a poñer en marcha novos, como o FORCON, dirixido ós mozos menores de 30 anos, que combinan formación con emprego. Con respecto ó terceiro punto da moción, di que no Plan Ourense 92 xa se adiantou que esta casa vai elaborar un plan de emprego cun orzamento aproximado de 1.200.000 euros, que será consecuencia do recente protocolo de actuacións que asinou o presidente da Xunta cos presidentes das catro deputacións provinciais. Ese plan estase elaborando e no momento que estea máis ou menos concretado e dotado economicamente, os grupos políticos serán convenientemente informados.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, sorpréndelle que se tache esta moción de oportunista, cando o oportunismo é o que practica o Partido Popular como cando non gobernaban na Xunta e con determinado asunto apareceron con pancartas e outra serie de cousas. Non se pode tachar de oportunista a moción porque o mesmo que se di nela tamén o di e o pensa o Grupo Popular, pero tócalles defender aínda que non o crean. Levamos moito tempo de crise e cando gobernaba o Partido Socialista a actitude do Partido Popular con respecto ó paro era demagóxica e indecente, pero agora pasaron de dicirlle á xente que lle ían resolver-lo problema a poñerllo peor. O Partido Popular non se pode escudar na herdanza, porque os cidadáns votáronos para que lles resolvesen os problemas que non están a resolver, ó contrario, estanse agravando. Eses mesmos programas de cooperación existían co goberno do Partido Socialista e non se suprimiron nin nunca se fixo esta chapuza. Nin o Grupo Socialista nin el mesmo dixeron que ían acabar co paro en 45 días. Pensa que é indecente ter á xente sen sabe-lo que vai pasar e ó mellor non é que non se poida dotar orzamentariamente co 20%, o que ocorre é que se pecha o orzamento no mes de setembro. Non entende como o Grupo Popular non apoia esta moción e vanlles ter que explicar ós cidadáns por qué non apoian algo que os ía beneficiar.

D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do Grupo do BNG, cando falamos de programas de cooperación estamos a falar de programas e servizos que son de interese xeral.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

Falábase dos empregos que se podían crear, obras e servizos, axuda no fogar, etcétera, ou sexa, todo aquilo que é beneficioso para a comunidade veciñal. Dos datos da liquidación que saen no DOG conclúese que entre os 140 millóns menos do goberno central máis os 160 devoltos dan un total de 300 millóns menos para fomento de emprego, cando en Galicia a taxa de paro é desmedida e desbocada desde hai dous anos, por enriba da media do Estado, con cen parados por día. Había un programa de cooperación institucional dos concellos coa Xunta de Galicia, que é a que ten os medios económicos para distribuír, e o problema que nos ocupa é que este programa se elimina. Convida a tódolos presentes a que manexen os datos do paro da EPA, que son os únicos fiables e que autoriza a Unión Europea, e detrás de cada un deses datos hai unha realidade, que é a que todos coñecemos. A Xunta deixa sen executar, nesta liquidación do orzamento vía DOG, 841 millóns de euros en investimento produtivo e só destina 12 de cada 100 euros a investimento produtivo, o resto é de gasto improdutivo, para a súa propia estrutura. O BNG négase a participar nisto. O grupo de goberno que dirixe a Xunta é incapaz de executar uns orzamentos elaborados. Reitera o apoio á moción do Grupo Socialista, porque cren que é oportuna, evidente e consecuente.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, repite que isto é unha consecuencia directa dun axuste que fai o goberno central. A situación económica na que estamos obriga a tomar decisións dolorosas como sabemos todos. Falou de oportunismo e deslealdade porque non se fala o mesmo cando se goberna que cando se está na oposición. Pensa que este tipo de decisións ninguén as fai querendo, e senón que lle pregunten ó anterior presidente que conxelou as pensións e fixo o maior recorte de soldo ós funcionarios. En canto á non execución dos orzamentos da que falou o Sr. Jarón, di que a culpa de moitos dos problemas da execución orzamentaria da Xunta de Galicia téñena os concellos e moitos dos fondos europeos non se poden investir porque non podemos achega-la porcentaxe que nos corresponde, e isto non só lle pasa á Xunta de Galicia senón que lles pasa a tódalas administracións. Segundo a oposición non se pode recortar en nada porque todo é intocable, entón pídelles que digan eles en qué se pode recortar. Tamén di que votar a favor da moción non serviría para nada, polo menos nos dous primeiros apartados, e en canto ó terceiro punto, reitera que o Sr. presidente lles dará traslado do plan de emprego desta Deputación e espera e desexa que sirva para aliviar esta redución de subvencións que temos da Xunta de Galicia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, le unha noticia que di: A Xunta defende o interese público de rescata-la fundación Cela con 400 mil euros. Non se pode falar de recortes e despois facer este tipo de cousas. Non se lle pode acusar de oportunista por traer a este Pleno unha moción que responde ós intereses dos cidadáns. Ve ben que se vaia facer ese plan de emprego, pero nunha deputación, preto de aquí, xa hai un plan cofinanciado co 80% con fondos europeos, non sabe se serán capaces de conseguilo obxectivo, pero de tódolos xeitos espera que ese plan que se faga sexa igualitario para tódolos concellos. Reitera que non se lles pode tachar de oportunistas cando o único que están intentando é dicirlle á Xunta de Galicia que está a face-las cousas moi mal. Só pide que se expliquen as cousas debidamente para que os concellos poidan ter claro o que poden facer.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, e ó obte-lo voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), a moción queda rexeitada.

17º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA CONTRA OS RECORTES EN EDUCACIÓN E A DIMINUCIÓN DE AULAS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Gómez Pérez, para que defenda o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que ó mellor tamén lle din que esta moción é oportunista, pero de pouco vale que se digan as cousas se non se quere crer nelas. Adianta que esta moción si é extemporánea, porque os datos dos que dispoñía eran menores dos que hai a día de hoxe, e nalgún medio xa se di que a Xunta lle quita a Ourense 35 aulas escolares, tantas como no resto de Galicia. Na exposición de motivos fálase do recorte que imos sufrir na educación en xeral, pero en particular esta provincia é a máis afectada e atacada brutalmente por este goberno da Xunta do Partido Popular. No ano 2009 o actual conselleiro de Educación asinou cos sindicatos un acordo que establecía que no ensino primario poderían realizarse agrupamentos de alumnos en centros sempre que o número total non superase os 14 e foran do mesmo ciclo, sendo de 12 se se trataba de ciclos distintos. Este acordo salvagardaba un elemental principio de equivalencia. A docencia simultánea a alumnos de diversos cursos e ciclos esixe máis esforzo para o docente e supón prestar menos atención para o alumnado. Por iso é razoable equilibrar con menos alumnos por aula pero para o curso 2012-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

2013 este equilibrio ráchase. Serán ó redor de 20 alumnos os que deban atender estes profesores, agrupando desde os 3 ós 12 anos, desde a máis tenra infancia ata a adolescencia. Este feito producirá efectos territoriais nefastos, pois afectará sobre todo ós centros educativos situados nas zonas sometidas a un proceso de despoboamento máis implacable, que sen dúbida esta acción favorecerá. Sabemos que esta cuestión afectará en Galicia de xeito máis brutal á provincia de Ourense. Algunhas estimacións, posto que o segredo e o escurantismo (agora empezan a saír á luz algúns datos) da Xunta de Galicia é total, afirman que poderá afectar a 200 mestres de primaria e a máis de 100 centros e aulas en Galicia. Pero estas aulas e estes centros son de concellos como Vilariño de Conso, Carballeda de Avia, Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Rubiá, Cenlle, e un longo etcétera. É curioso que mentres se produce este ataque frontal ó ensino público, no ensino privado non diminúe nada, seguramente nestes días vexámo-las achegas que se lle van facer a algún colexio desta provincia. O Grupo Socialista quere manifesta-lo seu rexeitamento total ó cambio de criterios por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para aumenta-la ratio de alumnos por aula. Manifesta-lo rexeitamento total ó peche de aulas e unidades que van provocar estes cambios. Trasladarlles este acordo a tódolos concellos afectados da provincia. Darlles traslado destes acordos ó presidente da Xunta de Galicia e ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria. O portavoz do Grupo Popular dicía na moción anterior que aínda que se aprobase non ía servir para nada, pero se se aproba esta vai servir para que, se hai que recortar que eses recortes lle afecten a esta provincia o mínimo posible ou cando menos como as outras, porque esta provincia necesita dos colexios e dos seus servizos. Dispón dunha relación de concellos afectados e das prazas que se van suprimir nesta provincia. Pensa que se pechan os colexios do rural, os xulgados, os cuarteis da Garda Civil ou outros servizos similares a esta provincia só lle queda desaparecer. Díciase que a solución para os plans de cooperación era que se agrupasen os concellos, pero nin agrupándonos podemos te-los traballadores que se nos ían dar, moito menos neste asunto porque os colexios no rural son fundamentais. Pide que, aínda que só sexa por esta provincia, se apoie esta moción porque é o máis xusto.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG, adianta que van votar a favor da moción, pero propoñendo unha emenda de adición dos seguintes acordos: 1º.- A Deputación Provincial de Ourense insta ó goberno galego a non aplica-lo Real decreto lexislativo 14/2012, aprobado polo goberno do Estado, decreto que supón unha invasión clara de competencias

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

galegas en materia educativa e que rebaixa de xeito considerable a calidade educativa e a que inicie as accións legais pertinentes para recorrelas ante o Tribunal Constitucional. 2º.- A Deputación insta á Xunta de Galicia a revogar tódalas decisións e actuacións que como consecuencia da aplicación de recortes en materia educativa, provocan o agrupamento do alumnado e a supresión de prazas e aulas nos centros educativos ourensáns, así como aquelas que reducen as prestacións complementarias, como o transporte e o comedor escolar. 3º.- A Deputación insta á Xunta de Galicia a habilita-las medidas orzamentarias precisas para mante-la actividade da fundación preescolar na casa, que presta un servizo esencial para as crianzas e familias, nomeadamente nos concellos do rural. Con respecto ó argumento para apoia-la moción di que a redución de profesorado e de unidades educativas que vimos presenciando ó longo dos últimos anos na provincia de Ourense, é un deterioro do ensino público que en moitos casos coincide co financiamento de novas unidades en colexios privados concertados no entorno no que se reducen prazas no ensino público. Xa o dixeron noutras ocasións, pero non se cansarán de repetir: existe unha estratexia claramente deseñada que primeiro consiste en degradar e fomenta-lo mal funcionamento dos servizos públicos, para despois desmantelalos, suprimilos ou privatizalos. Non obstante, o que se produciu nestes últimos días de curso en Ourense é especialmente grave polo volume de prazas de profesorado e unidades que se suprimen (levamos contabilizadas ó redor de 40 aulas que non funcionarán para o vindeiro curso e a supresión de ó redor de 80 postos de traballo). Sen ningunha interlocución previa por parte da Xefatura Territorial de Ourense e cunha simple comunicación telefónica, ducias de centros públicos da provincia están coñecendo a supresión para o vindeiro curso escolar de prazas docentes e mesmo de unidades. Casos esferpénticos nos que se pecha a escola infantil e os nenos e nenas teñen que botar fóra da casa desde as 8,45 horas que soben ó autobús para acudir ó centro e do que non regresarán ata as 17.00 h. (nenos de 3 e 5 anos). Centros que perden profesores de educación primaria; centros que perden os especialistas de inglés, música ou Educación Física. Hai un caso sangrante que ten 18 alumnos desde 3 anos, ata polo menos un de cada curso, verase na obriga de telos a todos xuntos na mesma aula. O que aínda é máis grave é que despois deses reagrupamentos por enriba elimínase profesorado. En definitiva, medidas que con toda seguridade atentan contra dereitos fundamentais da infancia. Por non falarmos da denegación da axuda económica ó programa Preescolar na Casa por parte da Xunta de Galicia e que por ese motivo se verá abocado a desaparecer (un programa que cunha

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

subvención de 400.000 euros atende a máis de 4.000 familias cada curso, moi lonxe do case millón de euros que perciben outras fundacións como a Camilo José Cela, por certo a menos visitada do país). O programa Preescolar na Casa, é pioneiro no desenvolvemento de espazos educativos centrados na orientación ás familias, coa misión de difundir unha cultura da infancia e reforza-la competencia educativa familiar. Este programa foi creado en Galicia e moitos países de Europa tomárono como modelo. As familias con nenos e nenas en idades comprendidas entre 0-3 anos, nenos e nenas galegos (nomeadamente do rural) van quedar sen este servizo despois de máis de 35 anos, grazas ás políticas de desmantelamento da Xunta de Galiza. Estes son os efectos da política neoliberal do PP, presidida por unha concepción, mercantilista e privatizadora, que baixo o pretexto da crise económica, e dunha suposta austeridade, está a provocar recortes para atende-las necesidades educativas máis elementais no ensino público e que se notan con toda virulencia nestes momentos. Pregúntase onde queda a igualdade de oportunidades para tódolos nenos e nenas independentemente da condición social e das familias; onde queda a igualdade de oportunidades dos nenos e nenas do rural con respecto ós das cidades e onde queda o ensino público de calidade que debería primar nunha sociedade avanzada. Para o BNG, a entidade deste novo recorte, así como a súa aplicación xeneralizada en diversas comarcas e concellos da provincia de Ourense supón o golpe definitivo ó futuro desta. Un retroceso nos servizos educativos que nos leva 50 ou 60 anos atrás, a aquelas escolas unitarias cun só mestre para tódolos niveis, volverán estar presentes nos nosos concellos e comarcas. Xa non teremos que ir visita-lo Museo Pedagóxico de Galicia para ver como era aquel ensino en branco e negro. O PP vólveo sacar do museo para aplicárllelo ós nosos nenos e nenas, eliminando profesorado especializado, discriminando ó alumnado do rural en etapas tan fundamentais para a súa formación e provocando unha situación que pode ser irreversible no que atinxe ó suposto intento de manter poboación e actividade económica na provincia de Ourense. En definitiva, consolidando unha tendencia que desde o BNG veñen denunciando hai tempo de destrución dos servizos públicos, nomeadamente no rural. Quere preguntarlles ós dirixentes do Partido Popular, se están dispostos a apoiar estas medidas que o único que fan é afogar cada vez máis a provincia de Ourense; se están conformes con construír xeriátricos no que antes eran colexios públicos, sen cuestionarse en que vai rematar todo isto. Non cre que aínda non se deron conta de que onde hai nenos e nenas hai futuro.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, non vai contesta-lo discurso tan catastrofista do Sr. Rodríguez Puga porque aínda ten autoestima polo país. É fácil facer oposición, sobre todos nos tempos que corren. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria di que as informacións difundidas por determinadas organizacións sindicais e por algúns partidos políticos de que os agrupamentos de alumnos de diferente idade en centros de infantil e primaria para o curso 2012-2013 se van facer con unidades de 20 alumnos non son certas. Neste sentido, e despois dunha análise exhaustiva das circunstancias dos centros e facendo un considerable esforzo, malia a situación económica que padecemos, a Consellería anuncia que o criterio a aplicar para agrupamentos, será o de non pasa-los 18 alumnos por aula. En calquera caso, o departamento educativo da Xunta de Galicia garante que se contará co número de unidades necesario para preserva-la calidade do ensino en tódolos colexios de Galicia. A Consellería quere lembrar tamén que este tipo de criterio vense aplicando, polo menos, polos tres últimos gobernos da Xunta e non se trata de ningunha medida excepcional. Tódolos anos, dependendo das necesidades de cada centro, prodúcese un número determinado de agrupamentos e desagrupamentos de alumnos, nomeadamente nos colexios de infantil e primaria do rural. Tendo en conta esas necesidades, asígnaselle a cada centro o profesorado necesario de acordo co catálogo. Polo tanto a Consellería ratifica que de cara ó vindeiro curso, non se vai producir ningunha modificación, nin se van facer agrupamentos que non sexan os debidos. Cómpre sinalar que os agrupamentos poden aumentar de ano en ano naqueles concellos onde a natalidade ten baixado de xeito máis acusado, de feito, hai centros que non reciben alumnos desde hai dous anos. De manterse situacións como a dalgún centro con oito alumnos entre seis e doce anos, sen agrupalos, suporía ter un aula para cada un, unha situación que sería inasumible. De feito, grazas ós agrupamentos, moitos centros garanten a súa continuidade sen ter que adoptar medidas máis rigorosas. A súa responsabilidade como grupo esíxelles votar en contra da moción, porque isto non é un capricho e se a oposición sabe arranxar isto doutro xeito pide que llo digan.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, aínda que vai valer de pouco, porque o Grupo Popular rexeita a moción, o Grupo Socialista acepta a emenda de adición do BNG. Fálase de que os sindicatos e os partidos políticos están alarmando á sociedade, pero hoxe sae unha noticia de que a xunta de persoal docente de Ourense, que agrupa a federacións de ensino, UGT, CCOO, CIG, etcétera, din que este é o ataque máis grave

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

que nunca sufriu a nosa provincia no eido educativo, que deixa ós nenos en condicións de terceira división e ós pais abocados a abandona-lo medio rural. Aquí acusouse ó portavoz do BNG de catastrofista, pero o ministro Montoro, segundo unha deputada de Coalición Canaria, dixo “que se funda este país que xa o levantaremos nos”. O Partido Popular é capaz de deixar caer a este país con tal de chegar ó goberno. Non é fácil estar na oposición o difícil é saber estar e arrima-lo ombro cando o hai que facer. O Sr. Álvarez Dobaño leu unha chuleta que lle pasan, pero el sofre ó conselleiro tódolos días, iso que presume que é da súa vila, cando non o viu por alí. Hai tempo para todo menos para educarse na educación. Non sabe cando o conselleiro ten tempo para facer un plan de educación. Como pai, e non como portavoz do Grupo Socialista, di que foi a unha reunión e saíu de alí que lle daban ganas non sabe de que, porque falan das ratios primeiro dicindo 18, despois 20, despois baixan a 12, volver subir a 22, pregúntase en qué quedamos, porque a realidade é que os profesores do rural non saben nin onde van acabar este ano. Isto non responde só a recortes, responde a un desastre de goberno e un desastre de conselleiro. En Baltar vai quedar un profesor só para non sabe cantos nenos, se queda. A esta provincia estánlle dando un recorte brutal en educación e nestes días veremos como se implementan certas subvencións a colexios privados. Pensa que ó grupo de goberno non lle custaba nada instar para que se retomen certas cuestións cando falamos da nosa provincia.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG, estamos aquí para falar da calidade do ensino e non de cifras e para evita-lo fracaso escolar. A Comunidade Europea di que "recorta-los orzamentos de educación é unha medida corta de miras e debería se-lo último recurso", o Partido Popular fai oídos xordos, atendendo a intereses espurios e fomentando así o fracaso escolar que a propia Comunidade Europea lles recomenda combater. Non poden entender como o presidente da Deputación non se ten posicionado ó lado da cidadanía, en contra desta nova agresión á provincia, neste caso ó ensino. O barómetro nacional sobre o Sistema Educativo (maio 2012) di que: a situación no ensino empeorou desde o ano 2000 e que, estamos na cola dos países da UE. As últimas sondaxes falan dun 29% de fracaso escolar, moi superior á media europea -só nos supera Portugal-. Quedamos moi lonxe do 7% que existe en Suecia, por exemplo. Esta media foi incrementándose malia que hai menos estudantes debido ó descenso demográfico. O fracaso escolar en Galicia provoca grandes desaxustes na transición da escola ó mercado laboral. As cifras son alarmantes e á pregunta de cómo evolucionará o fracaso e o abandono escolar nos próximos 5 anos, o 63,15% dos profesores enquisados

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

respondeu que aumentará. Preguntados sobre qué accións serían convenientes para evita-lo fracaso escolar, as accións máis destacadas polos profesores e mesmo apuntadas como decisivas son a da redución da ratio de alumnos por aula, fomenta-lo apoio e reforzo que moitos alumnos necesitan e o aumento da atención personalizada ós estudantes. Xusto o contrario do que fan os gobernantes do Partido Popular. O grupo de goberno coñece ben o rural ourensán, e como dixo algún dos seus compañeiros, “os nosos nenos non son salvaxes”. Tamén dixo que se se ten que enfrontar ó partido que o fará. O grupo de goberno, co seu presidente á fronte, van seguir apoiando agresións desta magnitude, por parte da Xunta de Galicia, e non defenden á provincia de Ourense e ós seus concellos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, isto sempre é o mesmo, aproveitar todo para facer demagogia. Teñen que da-lo datos claros e concretos e non deixalos caer, e se saben como soluciona-los problemas o que teñen que facer é dicir como, dando solucións viables, técnicas e económicas. Este tema debería discutirse no Parlamento de Galicia que para iso están alí os nosos representantes. Reitera o voto en contra da moción así como á emenda que formula o BNG, entre outras cousas porque nun punto da emenda se solicita insumisión para non cumprir cun Real decreto lei. No bipartito, no ano 2005, había un 23% de fracaso escolar e cando marcharon deixárono no 26% e agora non chega ó 21%. Galicia ten unha media de 9,7 alumnos por profesor, sendo con Cantabria e Asturias unha das tes comunidades autónomas con este índice máis baixo, cando a media de España é 11,4.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que ó mellor o que inflúe no fracaso escolar son cuestións ideolóxicas e orzamentarias. A realidade é que na Coruña están creadas 42 unidades e pechadas 56; creadas en Lugo 15 e pechan 28; creadas en Ourense 2 e pechan 37. Pregúntalle ó deputado provincial e alcalde de Xinzo (porque é un dos que sae na lista) se está de acordo que no seu concello se peche unha unidade de primaria que se chama Rosalía de Castro. Suprímense mestres de primaria en Castrelo de Miño, Cenlle, Cualedro, Entrimo, A Merca, Oímbra, Riós, Rubiá, Vilamartín de Valdeorras, Vilar de Barrio, Xunqueira de Ambía; desaparecen especialistas en pedagogía terapéutica en Amoeiro, Bande, Inmaculada Concepción, Ourense, Rairiz de Veiga, Vilardevós. Di que oíndo ó Grupo Popular e en relación cunha asociación que se nomeou noutro punto da orde do día, quen vai quedar Turuleco e el. O Grupo Socialista non lles pide insumisión senón que lles pide que non teñan

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

submisión, porque a submisión que estamos soportando na provincia excede en moito o que podemos soportar.

O Sr. **presidente** di que ten que defender, aínda que se defende só, ó conselleiro de Educación don Jesús Vázquez Abad que leva con moito orgullo ser de Ribadavia. Non sabe se se lembran todos do nome e os apelidos da que era titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no bipartito e o seu labor. Os datos non son bos pero son obrigados polo momento económico financeiro. Respecto ós datos que se deron manifesta que tamén é bo avalialos tendo en conta o número de concellos que ten cada provincia. Na Coruña péchanse 56 e hai 94 concellos (59,57% de concellos afectados); en Pontevedra péchanse 35 e son 62 concellos (56,45% de concellos afectados); en Lugo péchanse 28 e son 67 concellos (41,79% de concellos afectados); e en Ourense péchanse 37 e hai 92 concellos (40,21 % de concellos afectados).

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista coa emenda de adición formulada polo BNG, e ó obte-lo voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (13), a moción queda rexeitada.

18º.- DACIÓN DE CONTA Ó PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE MARZO DE 2012 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 5º DE OUTUBRO E 3º DE DECEMBRO DE 2011, E 2º DE XANEIRO E 1º DE FEBREIRO DE 2012.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), dáselle conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de marzo de 2012 e dos seguintes adicionais: 5º de outubro e 3º de decembro de 2011 e 2º de xaneiro e 1º de febreiro de 2012.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

19º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE MARZO DE 2012 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 1º DE FEBREIRO DE 2012.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de marzo de 2012 e dos seguintes adicionais: 1º de febreiro de 2012.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

20º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Trala unánime declaración da súa urxencia, por non figurar na orde do día, tratáronse os seguintes asuntos:

20A.- MOCIÓN DO BNG SOBRE AS CONSECUCIAS DA APLICACIÓN DO RD 16/2012 NO TRANSPORTE SANITARIO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRADA DE OURENSE

O Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Jardón Pedras, para que defenda o contido da moción.

D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do Grupo do BNG, pregunta se se vai somete-la urxencia a votación.

O **Sr. presidente** contesta que se ningún deputado solicita que se vote a urxencia dáse por entendido que é aceptada por unanimidade.

Continúa o **Sr. Jardón Pedras** e considera que a moción que presentan é importante e de suma relevancia social e dálle lectura, co seguinte contido: *“En febreiro de 2011 publícase o Decreto 11/2011, do 20 de xaneiro, polo que se modificaba o Decreto 42/1998, do 15 de xaneiro, que regula o transporte sanitario. O goberno galego xustificaba a publicación pola necesidade de coordinación entre o transporte sanitario urxente, programado e intercentros, a incorporación de normativa para ambulancias todoterreo e defini-la capacitación técnica do persoal que atende o transporte sanitario. Pero o BNG alertaba de que suporía recortes nas prestacións e, efectivamente, vimos como desaparecerían quendas nocturnas de transporte sanitario urxente. Nos próximos días entran en vigor as medidas recollidas no RD 16/2012 que incorporan copagos no transporte sanitario programado. En numerosas ocasións nestes dous meses desde a súa publicación, o BNG ten reclamado ó goberno galego que non asuma os recortes impostos que supoñen unha inxerencia nas competencias galegas e que prexudican*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

especialmente ás e ós doentes galegos. Pero o goberno galego non asume a defensa das súas competencias nin a dos dereitos das e dos doentes. Malia que o día se achega, a cidadanía galega segue sen coñecer as condicións nas que porán en marcha estas medidas referidas ao transporte sanitario, claramente disuasorias, que terán unha repercusión directa na saúde das persoas afectadas pero tamén económica e de emprego nas empresas que realizan o servizo de transporte ao diminuír o número de viaxes programadas, non porque non se precisen senón porque as/os doentes non os poderán pagar. A Área de xestión integrada de Ourense é a maior de Galiza en territorio, cunha poboación moi diseminada e envellecida, con rendas baixas procedentes de pensións contributivas, que precisa en moitas ocasións de mobilizar doentes con transporte sanitario e que coa implantación desta medida verán deteriorada gravemente a asistencia sanitaria que precisan. É por iso que, o Grupo Provincial do BNG insta ó Pleno da deputación a adopción dos seguintes acordos: 1º.- A Deputación Provincial insta á Xunta de Galiza a que repoñan todos os servizos e prestacións recortados como consecuencia da aplicación do Decreto 11/2011 e a que se repoñan os servizos eliminados e/ou recortados na cobertura do transporte urxente durante as 24 horas. 2º.- A Deputación Provincial insta á Xunta de Galiza a que a aplicación do Real Decreto lei 16/2012 ó servizo de transporte programado non urxente non signifique ningún recorte nos servizos e prestacións que ven tendo a cidadanía, así como ao mantemento da gratuidade deste servizo tanto para as persoas que xa están a facer uso del como daquelas outras que o poidan facer, logo da prescrición correspondente, no futuro”.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, anuncia o voto favorable á moción do BNG e quérese anticipar ás declaracións ou afirmacións que vai face-lo portavoz do Grupo Popular. Quérelle preguntar ó Sr. Álvarez Dobaño se a actitude de Feijóo respecto da reforma sanitaria é froito do ambiente de pre-campaña ou se trata dunha postura clara. Lembra que hai unhas semanas o presidente Feijoo dixo que ía ser sensible e consecuente coa nosa demografía, coa dispersión xeográfica e coas patoloxías ó aplica-las restricións en política sanitaria impostas desde Madrid. Tamén dixo que ía ser responsable, algo que é unha contradición, é dicir pura demagogia. Pregúntase se as persoas que teñen que acudir de xeito periódico a diálise, quimioterapia, radioterapia ou rehabilitación, poden confiar en Núñez Feijoo. Supoñen que despois de que ó presidente da Xunta non lle tremese o pulso á hora de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

aplicar múltiples recortes en servizos públicos e non lle está a tremer nas últimas semanas, falar agora de confianza e sensibilidade é moito pedir. Ó Partido Socialista preocúpalle a situación insostible na que poden queda-los enfermos crónicos, que son os afectados por este novo recorte. Comparten a inquedanza dos/as pacientes ourensáns que se teñen que desprazar para recibir atención especializada. Entenden a intranquilidade de moitas destas persoas que van ter que padece-la carga psicolóxica dos recortes. O custo aproximado deste tipo de desprazamentos -supón que no caso de provincias como a de Ourense será máis elevado- é de 60 euros paciente/día cando se trata de desprazamentos en taxi e cando se trata de desprazamentos en ambulancia é de 150 euros viaxe/día. Estas son cifras aproximadas que se poden ver incrementadas debido ó alto grao de dispersión xeográfica. Para o Partido Socialista o preocupante destas cifras é que o paciente terá que asumir entre o 10% e o 60% do custo do transporte debido ó copago anunciado, en función do nivel de renda, seguíndose os criterios que se seguen no copago farmacéutico. Isto significa que moitos destes enfermos crónicos terán que asumir custos mensuais que oscilan entre os 600 e os 800 euros, algo que é inasumible. Esta é a política do Partido Popular, castigar ó enfermo en época de crise. Unha vez máis a provincia de Ourense vai ser unha das máis castigadas de España, tendo en conta que se caracteriza, como todos sabemos, por ter unha poboación envellecida, con rendas inferiores á media nacional e por ter ós cidadáns que utilizan este tipo de transporte periódico verdadeiras dificultades de mobilidade con medios propios que lles van impedir acceder á sanidade especializada. Hai que ter en conta ademais que, segundo as previsións do Sistema Nacional de Saúde, no que se refire ó transporte sanitario non urxente, non se poderá recupera-la contía aboada polos desprazamentos, como si pode ocorrer co copago farmacéutico. O copago establécese tendo en conta o custo real do servizo, rebaixas cero. A moción nacionalista e os acordos que se propoñen nela teñen que facerlles reflexionar ós alcaldes do Partido Popular, ó presidente da Deputación e ó goberno de Feijoo, porque hai que ter en conta que non se pode castigar unha vez máis á poboación do medio rural, posto que terán que aboar un custo maior canto máis lonxe vivan. Este tipo de medidas incrementarán a desigualdade, o desequilibrio territorial e social do que tanto se fala nos últimos tempos e hai que engadir ademais o feito de que estes enfermos crónicos terán que pagar polo transporte programado; van ter que asumir tamén o custo dunha parte importante dos medicamentos, e vai ser moi complicado asumir todos estes gastos. Imaxina que o portavoz do Grupo Popular ten a argumentación axeitada para explicar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

onde queda a universalidade da sanidade, a súa equidade, a súa gratuidade, ante este tipo de políticas do Partido Popular que priman a eficiencia económica en detrimento da sanidade pública.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, vai intentar non ser tan previsible como a Sra. Morenza. Con respecto ó transporte urxente di que o 061, no marco dun plan de mellora, fixo unha análise de utilización horaria dos recursos dispoñibles, e levouse a cabo unha reorganización das horas contratadas de ambulancias asistenciais, de acordo con indicadores de utilización. O servizo mantén os seus recoñecidos niveis de calidade, moi ben valorados polos cidadáns. En canto ó transporte sanitario non urxente (RDL 16/2012) di que a Xunta de Galicia asumirá as medidas consensuadas no Consello Interterritorial e que se aproben en normativa estatal, adaptándose á situación financeira actual e á realidade socio-demográfica galega. A propia Xunta de Galicia entende que este é un momento complicado para a economía española e, por ende, para as autonomías, polo que comparte a preocupación e o compromiso do Ministerio e do resto das comunidades autónomas da necesidade de aplicar medidas para garanti-la sustentabilidade do sistema. Queren mante-la equidade do sistema sanitario público, polo que neste momento se debe apelar á solidariedade mediante unha achega maior por parte dos que máis teñen. O Real decreto 1030/2006, que aprobou o goberno Socialista, establecía a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, pero non aclara as diferenzas entre transporte urxente e non urxente nin establece un criterio común para tódalas comunidades autónomas, para establece-la achega dos usuarios. Trátase de harmoniza-lo concepto, defini-los importes máximos de financiamento e as achegas dos usuarios, que pague máis quen máis ten. Anuncia que van votar en contra da moción e resumindo di que non hai nada establecido, senón que será unha comisión de prestacións sanitarias a que decidirá, analizando as distintas patoloxías, cales entran dentro do transporte non urxente, e aprobarase mediante orde do Ministerio.

D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do Grupo do BNG, di que ultimamente só se escoitan palabras máxicas, recortes, reaxuste, préstamo, rescate, intervención, todo en función do que estamos a falar e nunca se falou tanto disto como agora. Chamárono do Plan de prevención do cancro, un plan pioneiro en Galicia, e dixéronlle que xa non van ir ós concellos, senón que se van recolle-las mulleres en autobús para traelas ó CHOU. A realidade é que unha persoa que necesite un tratamento de quimioterapia, rehabilitación ou calquera outra

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

necesidade, vai ter que custear ela mesma o transporte (ambulancia). Tamén pode pasar que precisen unha ambulancia de urxencia e o 061 non estea operativo, como sucedeu en Marín ou na Costa da Morte, senón que está en paro técnico durante 12 horas pola noite. Os deputados do Partido Popular non están acertados na solución dos problemas, o BNG prefire falar de cooperación e non de confrontación e está a favor do diálogo para atoparlles solucións ós problemas. A realidade existe e con diálogo pódese chegar a outro tipo de propostas. Na exposición de motivos da moción non se refire só ó apartado da saúde, senón que ten que ver co emprego, porque con esta medida pódese chegar a un recorte de emprego de ó redor do 35%, segundo cálculos dos profesionais do sector.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, o Sr. Álvarez Dobaño dixo que pagarán máis os que máis teñen, e iso é o lóxico e o normal, pero é que ata o de agora as persoas que acudían a quimioterapia, diálise, etcétera, non pagaban nada, e agora van ter que pagar igual que co gasto farmacéutico. Co Partido Popular todo é cuestión de sumar e seguir. Desde a bancada da oposición non é fácil falar día tras día de recortes e ver como os deputados do Grupo Popular non apoian ningunha das iniciativas construtivas que se fan desde a oposición, simplemente porque están nun partido político e deberían ser un pouco máis flexibles. O Sr. Álvarez Dobaño dixo que non hai nada establecido e iso está por ver, porque estas cousas xa son moi previsibles e Ana Mato sabe moito disto.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, en relación coas preguntas que lle fixo a Sra. Morenza sobre o Sr. Feijóo, respóndelle que esas preguntas pódennas facer directamente ó Sr. Feijoo no Parlamento que para iso teñen alí representantes. Reitera que os deputados da oposición poden facer achegas en positivo cando queiran e como queiran. Tamén reitera que facer oposición é fácil, pero sen diñeiro non é fácil gobernar. Hai pouco houbo un proceso electoral en Andalucía e o Partido Socialista dicía que había outra maneira de facer política, pero cando chegaron fixeron o que fixeron e ségueno facendo. Aínda estamos á espera do que determine a orde que desenvolva as taxas e supostos de pagamento por transporte sanitario e, cando exista a dita normativa, avaliarase e decidirse a súa aplicación en función da marxe que deixe a lexislación básica. Se ben aínda está por definir que achega fará o usuario, nun prazo aproximado de seis meses publicárase a orde ministerial que recolla os acordos acadados no Consello Interterritorial para o transporte sanitario non urxente suxeito a prescrición facultativa por razóns clínicas. Asegura que a Xunta de Galicia será sensible e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

consecuente coas características propias da xeografía galega, como a dispersión e polo tipo de doenza para as que se requira transporte sanitario. En calquera caso, polo momento non se produciu ningún cambio nas ambulancias. Esta Deputación presentou proxectos ben fundados e ben elaborados polos técnicos desta casa, e o anterior goberno Socialista dixo que todos estaban mal sen poñer ningún reparo técnico e os únicos que estaban ben eran os de Lugo, non sabe por que razóns, foron 31 millóns de euros para Lugo e cero para Ourense. Para finalizar quere felicitar ó presidente do goberno de España porque acaba de conseguir que o préstamo para o rescate da banca sexa directamente ós bancos.

D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do Grupo do BNG, di que non pasa nada porque os deputados do Grupo Popular discrepen co seu propio partido. Aquí nomeouse a palabra insumisión (que non lle gusta porque é obxector de conciencia), pero se mediante un Decreto do goberno non se fomentase determinada insumisión fiscal, porque leva 20 días de vixencia e hai 115 solicitudes, ó mellor o diñeiro do fraude que se fomenta se podería utilizar noutras actuacións. A escusa da situación económica na que estamos acábase, igual que o final de *Cien años de Soledad* non estamos condenados eternamente por situacións ou comportamentos dos protagonistas, neste caso dos nosos gobernantes.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, e ó obte-lo voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), a moción queda rexeitada.

20B.- APROBACIÓN DEFINITIVA DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS E DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE.-

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia de data 28 de xuño de 2012.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, anuncia que o seu grupo vai votar a favor da proposta, pero ten unha dúbida en relación cunha noticia que saíu de que as mancomunidades ían desaparecer e pregunta se tamén vai pasa-lo mesmo cos consorcios.

O **Sr. presidente** di que esa noticia saíu pero aínda non se sabe nada nin se modificou ningunha normativa. Evidentemente o consorcio unha vez recibido o informe da Dirección Xeral de Administración Local e despois da súa aprobación por este Pleno, vai no camiño que ten que ir.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar definitivamente os estatutos do Consorcio de Augas de Valdeorras, co seguinte contido:

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-

1. Os presentes Estatutos regulan a organización e funcionamento do Consorcio de Augas de Valdeorras, integrado polos concellos do Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, A Rúa, Rubiá, A Veiga e Vilamartín de Valdeorras, a Deputación Provincial de Ourense e o ente público empresarial Augas de Galicia.

2. O Consorcio de Augas de Valdeorras constitúese por tempo indefinido, sen prexuízo da posibilidade da súa disolución conforme co previsto no Título VI dos presentes estatutos.

3. Trala modificación previa dos estatutos, a través dos trámites previstos na lexislación de réxime local, poderanse incorporar ó consorcio outras administracións ou entidades públicas, así como entidades privadas sen ánimo de lucro.

Artigo 2º.-

1. O Consorcio de Augas de Valdeorras servirá con obxectividade os intereses públicos que lle estean encomendados, e actuará de acordo cos principios de eficacia, descentralización, desconcentración e coordinación, con submisión plena á Lei e ó Dereito.

2. O Consorcio de Augas de Valdeorras goza de personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, podendo adquirir, reivindicar, administrar, allear e gravar bens de toda clase; outorgar escrituras, documentos e contratos; establecer, conceder e explotar obras e servizos vinculados ós seus fins; obrigarse e exercer toda clase de accións administrativas e xudiciais.

Artigo 3º.-

O Consorcio de Augas de Valdeorras é unha entidade local de natureza institucional e base asociativa. Rexerase polos presentes estatutos, e pola lexislación de réxime local que resulte de aplicación a este tipo de entidades.

Artigo 4º.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

1. O Consorcio de Augas de Valdeorras terá como obxecto principal a ordenación e xestión, por delegación dos concellos que o integran, dun servizo intermunicipal de depuración de augas residuais, que comprenderá o exercicio de tódalas competencias municipais na materia para a totalidade dos termos municipais de referencia.

Para estes efectos, o ámbito material do servizo abarcará a depuración de tódalas augas residuais que se vertan ás actuais infraestruturas municipais de depuración a través das correspondentes redes públicas de saneamento, así como a depuración das augas residuais que se reciban nas fosas sépticas de titularidade municipal, así como a depuración das augas residuais que se xestionen a través das infraestruturas que, no exercicio das competencias delegadas, poida crea-lo Consorcio no futuro.

Entenderanse comprendidas, no ámbito funcional da delegación, ademais da totalidade das competencias de ordenación e xestión dos servizos municipais de depuración de residuais, as competencias municipais que a lexislación vixente lles atribúa en materia de policía de vertidos de augas ás infraestruturas de depuración, incluíndo o exercicio de tódalas facultades de vixilancia, inspección e control, o exercicio de accións administrativas de reposición da legalidade e o exercicio da potestade sancionadora.

As competencias de xestión tributaria e recadación do coeficiente de vertido terán carácter de competencias propias do Consorcio.

A delegación das competencias municipais de ordenación e xestión da depuración de augas residuais e de policía administrativa en materia de vertidos de augas residuais enténdese conferida en virtude da aprobación dos presentes estatutos, podendo ser revogada unicamente a través dos seguintes actos:

- a) Mediante a separación do Consorcio dos concellos que o integran, que esixirá, para a súa validez e eficacia, a tramitación da correspondente modificación estatutaria.
- b) Mediante unha modificación estatutaria co dito obxecto, aínda que non implique a separación de ningún dos concellos consorciados.

2. En virtude da delegación das competencias municipais de depuración de augas residuais, quedarán transferidos ó Consorcio os medios materiais actualmente adscritos ós servizos municipais existentes.

A efectividade do dito traspaso producirase na data de constitución do Consorcio, quedando os bens de dominio público municipal adscritos de modo automático ó Consorcio,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

sen prexuízo da correspondente acta de adscrición, que será asinada polo presidente do Consorcio e polos alcaldes dos concellos consorciados.

3. O Consorcio subrogarase nos contratos administrativos de xestión dos servizos públicos municipais de depuración de augas residuais en vigor na fecha da súa constitución, con efectos da dita data.

4. Complementariamente co obxecto principal sinalado no apartado anterior, o Consorcio poderá asumir por delegación o exercicio de calquera competencia municipal relacionada cos servizos de abastecemento e saneamento, para todos ou algúns dos concellos consorciados, nos termos que sinalan os oportunos acordos de delegación. Igualmente, poderá asumir encomendas de xestión dos concellos consorciados para a realización de calquera actuación de carácter material relacionada cos ditos servizos.

Así mesmo, o Consorcio poderá asumir a delegación de competencias e as encomendas de xestión que, en materias relacionadas cos servizos do ciclo hidráulico, lle confiran a Xunta de Galicia, Augas de Galicia ou a Deputación Provincial de Ourense.

5. O control do exercicio das competencias municipais delegadas e, se é o caso, das encomendas de xestión conferidas, exercerase polos concellos mediante a súa participación nos órganos de goberno do Consorcio, nos termos previstos nos presentes estatutos.

6. Os actos e acordos ditados polos órganos do Consorcio no exercicio das competencias delegadas ou para a realización das encomendas de xestión conferidas serán executivos e executorios, conforme co disposto na lexislación de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. Para o cumprimento dos seus fins, e no ámbito definido no apartado 1 do presente artigo, o Consorcio gozará das potestades administrativas recollidas no artigo 6 da Lei de administración local de Galicia, coas particularidades recollidas no artigo 6.2 da dita lei.

8. O Consorcio poderá exercer a iniciativa pública para o exercicio de actividades económicas relacionadas cos servizos municipais relativos ó ciclo hidráulico, trala súa autorización previa pola Asemblea do Consorcio conforme cos trámites previstos na lexislación de réxime local, e sempre que o exercicio das ditas actividades contribúa á satisfacción de fins de interese xeral no ámbito funcional do Consorcio ou a un mellor financiamento dos servizos consorciados.

Artigo 5º.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

O Consorcio de Augas de Valdeorras terá a súa sede social na Casa do Río Cigüeño, sita na Rúa da Veguiña, n.º 6, do Concello do Barco de Valdeorras.

Sen prexuízo do mantemento da sede social, habilítase como domicilio para os efectos de notificacións e trámites administrativos a Secretaría Xeral da Deputación Provincial de Ourense, sita no Pazo Provincial, Rúa do Progreso n.º 32, 32003 Ourense, para o suposto de que as funcións de secretaría e intervención do Consorcio se desenvolvan polos servizos de asistencia ás entidades locais da Deputación Provincial. No caso de que as funcións reservadas a habilitados estatais se desenvolva mediante outro sistema, a Presidencia do Consorcio habilitará como domicilio para os efectos de notificacións o do lugar de traballo do funcionario que desempeñe as funcións de secretaría.

A modificación da sede social requirirá a modificación dos presentes estatutos, conforme coa lexislación vixente no momento da súa aprobación. Non obstante o anterior, e no suposto de que a lexislación de réxime local así o permitise no futuro, poderase modifica-la sede social mediante acordo da Asemblea do Consorcio, sen necesidade de proceder á modificación dos estatutos.

En todo caso, os acordos de modificación da sede social deberán, para a súa efectividade, ser obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

TÍTULO II

Organización e funcionamento

Artigo 6º.-

1. O Consorcio de Augas de Valdeorras está integrado polos seguintes órganos de goberno:
 - a) A Asemblea
 - b) A Comisión Executiva
 - c) O presidente y, se é o caso, os vicepresidentes que este designe.
 - d) A Comisión Especial de Contas prevista na lexislación reguladora das facendas locais.
2. A Asemblea poderá crear órganos complementarios dos anteriores, con funcións de informe, consulta ou seguimento.

Artigo 7º.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

1. A asemblea estará integrada polos alcaldes dos concellos consorciados, o presidente da Deputación Provincial de Ourense e o presidente de Augas de Galicia. Todos eles, poderán delega-la súa representación conforme coa normativa aplicable en cada caso.

Cada concello disporá dun voto na Asemblea, que será emitido polo seu representante.

O representante de Augas de Galicia e o representante da Deputación Provincial de Ourense disporán, cada un deles, dun número de votos equivalente ó número de concellos consorciados, debendo, en todo caso, emitir de forma unitaria o dito voto ponderado.

En ningún caso se admitirá a delegación do voto entre os representantes e as entidades consorciadas.

2. A Asemblea rexerese, en canto ás súas normas de funcionamento, polo disposto nos presentes estatutos e nos acordos que adopte a propia Asemblea ó respecto e, supletoriamente, polo establecido na lexislación de réxime local para o pleno dos concellos.

3. A primeira sesión constitutiva da Asemblea celebrarase no prazo dun mes desde da publicación dos estatutos no Diario Oficial de Galicia. Unha vez constituído o Consorcio, celebrará sesión constitutiva para cada novo mandato municipal, no prazo dun mes desde a renovación de tódolos concellos consorciados. As sesións ordinarias terán lugar cada seis meses, sen prexuízo da posibilidade de celebrar sesións extraordinarias ou extraordinarias urxentes nos mesmos supostos previstos na lexislación de réxime local para o pleno dos concellos.

4. A Comisión Executiva estará integrada por un número impar de membros, incluído o seu presidente. O número de integrantes da Comisión determinarase por acordo da Asemblea na sesión constitutiva ó inicio de cada mandato, cun mínimo de tres e un máximo de sete. Presidiraa o presidente do Consorcio. O resto de membros da Comisión serán designados pola Asemblea de entre os seus membros na mesma sesión constitutiva, mediante acordo adoptado por maioría absoluta en primeira votación e simple na segunda. A Comisión rexerese, en canto ás súas normas de funcionamento, polo disposto nos presentes estatutos e nos acordos que a Asemblea poida adoptar ó respecto, e supletoriamente polo establecido na lexislación de réxime local para a xunta de goberno. En todo caso, deberá celebrar sesión ordinaria cunha periodicidade mínima bimensual.

5. A Comisión Especial de Contas estará integrada por tres membros, incluído o seu presidente. A presidencia da Comisión corresponderalle ó presidente do Consorcio. O resto dos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

seus membros serán designados pola Asemblea en cada sesión constitutiva, mediante acordo adoptado por maioría absoluta en primeira votación e simple na segunda. A Comisión rexerese, en canto á súas normas de funcionamento, polo disposto nos presentes estatutos e nos acordos que a Asemblea poida adoptar ó respecto, e supletoriamente polo establecido na lexislación de réxime local para as comisións informativas. As súas atribucións serán as previstas na lexislación reguladora das facendas locais.

6. O presidente do Consorcio será elixido pola Asemblea en cada sesión constitutiva, mediante acordo adoptado por maioría absoluta en primeira votación e simple na segunda. Nos supostos en que a Presidencia quede vacante antes da extinción dun mandato, a elección do novo presidente terá lugar en sesión extraordinaria convocada para o efecto no prazo de vinte días desde a fecha na que se produciu a vacante.

7. O presidente do Consorcio designará dous vicepresidentes que o substituirán en caso de vacante, ausencia e enfermidade, e que poderán ademais exercer-las funcións que aquel lles delegue.

8. O presidente do Consorcio poderá ser destituído a través de moción de censura. A moción de censura rexerese polo disposto na lexislación de réxime electoral para a moción de censura dos alcaldes.

9. A destitución dos vocais da Comisión Executiva levarase a efecto, igualmente, polos trámites establecidos na lexislación de réxime electoral para a moción de censura dos alcaldes.

Artigo 8º

1. Correspóndenlle á Asemblea as seguintes atribucións:

- a) O control e fiscalización do resto de órganos de goberno do consorcio.
- b) A aprobación de toda clase de ordenanzas e disposicións de carácter xeral.
- c) A aceptación das delegacións de competencias doutras administracións públicas.
- d) A determinación dos recursos propios de carácter tributario; a aprobación e modificación dos orzamentos e a aprobación das contas.
- e) A creación e supresión dos servizos públicos, así como a modificación do seu réxime de prestación ou forma de xestión.
- f) O exercicio da iniciativa pública para o desenvolvemento de actividades empresariais ou económicas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

- g) A adquisición de bens e dereitos, o seu alleamento e transacción, salvo cando o seu valor sexa inferior ó 20 % dos recursos ordinarios do último orzamento liquidado.
- h) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.
- i) A aprobación de plans e programas de investimento cuxo importe exceda do 10 % dos recursos ordinarios do último orzamento liquidado.
- j) A contratación de carácter público e privado do Consorcio, cando os contratos teñan un importe superior ó 20 % dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado, ou a súa duración exceda de catro anos.
- k) O recoñecemento extraxudicial de créditos, cando non exista dotación orzamentaria; a subscripción de operacións de crédito e a aprobación de acordos de quita e espera.
- l) A aprobación do cadro de persoal e a relación de postos de traballo.
- m) O exercicio de accións administrativas e xudiciais en materias da súa competencia.
- n) A aprobación inicial de calquera modificacións dos estatutos.
- o) A aprobación inicial da disolución do Consorcio.
- p) A elección e destitución do presidente do Consorcio; a elección e destitución dos membros da Comisión Executiva.

2. Mediante acordo adoptado por maioría absoluta, a Asemblea poderá delegar na Comisión Executiva o exercicio das competencias recollidas nas letras g), h), i) e j), sempre que o importe dos actos e contratos a que se refira a delegación non exceda do 30% dos ingresos ordinarios liquidados polo Consorcio no último exercicio económico.

Artigo 9º.-

- 1. Corresponden ó presidente do Consorcio as seguintes atribucións:
 - a) A representación legal do Consorcio
 - b) A presidencia de tódolos órganos colexiados do Consorcio
 - c) A xefatura superior do persoal do Consorcio. Enténdense excluídas, en todo caso, as seguintes atribucións, que lle corresponderán á Comisión Executiva: a selección, contratación e nomeamento de todo tipo de persoal; a adopción de medidas disciplinarias fronte ó persoal do Consorcio; e a fixación das condicións laborais do persoal, no non reservado á Asemblea.
 - d) A adxudicación de contratos administrativos menores

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012

- e) A adopción de actos ou medidas urxentes e inaprazables, dando conta inmediata ó órgano competente do Consorcio para a súa ratificación.
- f) A execución dos acordos da Asemblea e a Comisión Executiva.
- g) A designación dos vicepresidentes.
- h) Decidi-los empates con voto de calidade.
- i) Dirixir, inspeccionar e impulsa-los servizos e actuacións do Consorcio, con respecto ós acordos sobre os ditos servizos ou actuacións da Asemblea ou a Comisión Executiva.
- j) Exerce-las competencias que lle delegue a Comisión Executiva.

2. O presidente do Consorcio poderá delega-lo exercicio das súas atribucións propias, en todo ou en parte, nos vicepresidentes.

3. Os vicepresidentes substitúen ó presidente no exercicio das súas funcións pola súa orde de nomeamento, nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade. A súa función de suplencia non se estenderá ás competencias cuxo exercicio se delegase noutro vicepresidente.

Artigo 10º.-

1. Correspóndenlle á Comisión Executiva tódalas atribucións que, conforme cos presentes estatutos, non sexan competencia nin do presidente nin da Asemblea.

2. En todo caso, a Comisión Executiva poderá delegar no presidente calquera das súas atribucións propias.

Artigo 11º.-

1. Os representantes das entidades consorciadas perderán a súa condición de tales ó cesar no cargo que conforme co artigo 7.1 dos presentes estatutos determina a dita representación.

2. Os membros do Consorcio estarán suxeitos ó mesmo estatuto que os concelleiros, gozando de idénticos dereitos económicos e de información, e atopándose suxeitos ó mesmo réxime de responsabilidade e incompatibilidades, sen prexuízo do que lles corresponda en virtude dos cargos que exerzan nas entidades consorciadas.

Título III**Do persoal ó servizo do Consorcio****Artigo 12º.-**

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

1. O Consorcio poderá contar con persoal propio, nos termos previstos no estatuto básico do empregado público e na lexislación de réxime local.

2. O persoal dos concellos consorciados poderá prestar servizos ó Consorcio con carácter voluntario e con respecto ós requisitos e condicións establecidos na lexislación de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Artigo 13º.-

As funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal serán desempeñadas por este tipo de funcionarios mediante os sistemas de provisión de postos establecidos na súa lexislación reguladora.

En todo caso, o Consorcio poderá solicita-la exención do deber de mantemento dos ditos postos, e á asunción do exercicio das ditas funcións polos servizos de asistencia da Deputación Provincial de Ourense.

Título IV

Da facenda e patrimonio do Consorcio

Artigo 14º.-

1. A facenda do Consorcio integrarase polos seguintes recursos económicos:
 - a) O coeficiente de vertido ós sistemas públicos de depuración de augas residuais xestionados polo Consorcio, nos termos previstos na Lei de augas de Galicia.
 - b) As achegas das entidades consorciadas.
 - c) Os ingresos de dereito privado, entendendo por tales os froitos, rendas e xuros dos bens e dereitos patrimoniais de que sexa titular o Consorcio, así como os ingresos procedentes do seu alleamento, e os ingresos resultantes do exercicio de actividades económicas.
 - d) As herdanzas, legados e doazóns.
 - e) Taxas e prezos públicos pola prestación de servizos ou realización de actividades en réxime de Dereito público.
 - f) As contribucións especiais que podan establecerse para a execución de obras ou o establecemento, ampliación ou mellora de servizos públicos.
 - g) Subvencións e outros ingresos de dereito público.
 - h) O produto das operacións de crédito
 - i) O produto das multas ou sancións que poida impoñe-lo Consorcio.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

j) Calquera outro non previsto nestes estatutos, sempre que sexan aplicables conforme coa lexislación vixente.

2. Seranlles de aplicación ós recursos económicos do Consorcio las normas establecidas na lexislación reguladora das facendas locais. Ademais, e no suposto de que as achegas de Augas de Galicia sexan maioritarias, será de aplicación preferente a normativa de réxime financeiro, económico e orzamentario da administración da Comunidade Autónoma.

Artigo 15º.-

1. Con carácter xeral, a xestión do Consorcio procurará como obxectivo o financiamento do servizo intermunicipal de depuración de augas residuais con cargo ó coeficiente de vertido previsto na lexislación de augas de Galicia. Se é o caso, o déficit de explotación existente será financiado con achegas das entidades consorciadas, conforme co seguinte cadro:

Augas de Galicia: 75 %

Deputación de Ourense: 25 %

2. A mesma regra será de aplicación ó financiamento do resto de servizos que poida presta-lo consorcio por delegación dos concellos, debendo por tanto procurarse o seu financiamento con cargo á correspondentes taxas, prezos públicos e, de se-lo caso, contribucións especiais, financiándose o déficit de explotación con achegas das entidades consorciadas nos termos que sinalen os acordos de delegación ou, no seu defecto, as bases de execución do orzamento do Consorcio.

3. No caso de exercicio de funcións ou prestación de servizos que non poidan legalmente ser financiados mediante taxas, prezos públicos ou, se é o caso, contribucións especiais, os gastos correspondentes serán financiados polas entidades consorciadas na proporción que establezan os oportunos acordos de delegación ou, no seu defecto, as bases de execución do orzamento do Consorcio.

4. A xestión do Consorcio procurará como obxectivo a redución ó mínimo dos gastos xerais de funcionamento administrativo do Consorcio. Para tal efecto, a Deputación Provincial de Ourense prestará asistencia integral para garanti-lo normal funcionamento burocrático da administración consorcial, sen prexuízo da valoración económica da dita prestación para os efectos de distribución de achegas para os ditos gastos xerais entre as administracións consorciadas, no caso de que fosen necesarias.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

Como excepción á regra anterior, a prestación de asistencia provincial para o exercicio das competencias de xestión tributaria e recadación, ou o exercicio delegado das ditas funcións pola administración provincial, estará suxeita ás taxas ou prezos públicos que, con carácter xeral, teña establecidas a Deputación Provincial para os ditos servizos.

5. A regulación das achegas das entidades consorciadas nas bases de execución de cada orzamento, cando proceda, acomodarse ás seguintes regras ou criterios xerais.

- As achegas municipais destinadas ó sostemento de gastos xerais do funcionamento do Consorcio poderán alcanzar ata un 33 % dos ditos gastos, debendo cubrirse o resto mediante achegas da Deputación de Ourense e Augas de Galicia. O importe das achegas de cada concello determinarase mediante o emprego de criterios demográficos, orzamentarios ou outros de carácter obxectivo que permitan determina-la capacidade económica de cada municipio ou o impacto da prestación do servizo en cada termo municipal sobre o seu custo conxunto. Para o cálculo das achegas que correspondan á Deputación de Ourense, deducirase o valor dos servizos de asistencia que preste ó Consorcio para o seu funcionamento administrativo.
- As achegas para o financiamento de servizos nos que só participen algúns concellos consorciados repartiranse exclusivamente entre estes. A participación de Augas de Galicia ou a Deputación de Ourense no financiamento destes gastos terá carácter voluntario.
- Para o cálculo das achegas das entidades consorciadas poderán terse en conta as achegas en especie realizadas, tales como cesión de terreos, equipamentos ou prestación de servizos con medios propios de cada administración.

6. As bases de execución dos orzamentos regularán os prazos en que deben pagarse as achegas das entidades consorciadas. O impago nos ditos prazos habilitará á Comisión Executiva para solicitarlle á Comunidade Autónoma ou ó Estado a solicita-la retención das cantidades endebedadas con cargo á participación dos municipios ou da provincia de Ourense nos ingresos autonómicos ou estatais.

Artigo 16º.-

1. O patrimonio do Consorcio estará integrado polos bens, dereitos e accións que lle correspondan como titular.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

2. O Consorcio poderá ademais ser cesionario de bens ou dereitos municipais ou doutras administracións públicas que se lle adscriban. O réxime de uso de tales bens e dereitos rexerase polo establecido no título de cesión e pola normativa que resulte de aplicación.

3. O patrimonio consorcial será obxecto de distribución entre as entidades consorciadas en caso de disolución do Consorcio, conforme coa liquidación que en su caso se aprobe. En todo caso, os bens de dominio público municipais reverteranlles ós concellos respectivos.

Título V

Da separación e adhesión de membros do Consorcio

Artigo 17º.-

1. A adhesión e separación de membros do Consorcio tramitarase, en tódolos casos, como unha modificación dos estatutos.

2. Os membros do Consorcio poderán separarse trala solicitude dirixida á Asemblea. A solicitude deberá presentarse cunha antelación mínima dun ano á data de efectividade da separación. O expediente de separación deberá incluí-la correspondente liquidación, na que se fará consta-la débeda da entidade que se separa e o prazo e modo do seu pagamento.

Os membros do Consorcio que se separen antes da súa disolución non terán dereito, como regra xeral, a participar no reparto do patrimonio consorcial. Non obstante o anterior, o acordo de separación adoptado polo Consorcio poderá recoñecer ese dereito en relación con bens ou servizos sitos no territorio dos municipios disidentes, debendo prever, en todo caso, os mecanismos de compensación precisos para que no se produzan prexuízos patrimoniais a ningunha das partes.

Non será de aplicación a dita regra ós bens de dominio público de titularidade das entidades consorciadas que fosen adscritos ó Consorcio, os cales reverterán en todo caso á ditas entidades.

3. A adhesión de novos membros requirirá solicitude expresa por parte da entidade interesada. No acordo de adhesión, a Asemblea poderá preve-la esixencia do pago dunha achega extraordinaria pola nova entidade, como requisito para recoñecerlle o dereito a participar do patrimonio consorcial en igualdade de condicións co resto de membros do Consorcio.

Artigo 18º.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

As entidades consorciadas poderán renunciar a participar en determinados servizos ou actividades do Consorcio, sen necesidade de separarse da entidade consorcial. A falta de participación en determinados servizos ou actividades unicamente os eximirá das obrigacións económicas vinculadas ós ditos servizos, privándoos, correlativamente, dos dereitos económicos correspondentes e do dereito a voto na Asemblea nos asuntos relacionados coas ditas actividades e servizos.

Exceptúase do disposto no parágrafo anterior o servizo de depuración de augas residuais, cuxa delegación, outorgada a través da aprobación dos presentes estatutos, só poderá ser revogada mediante a súa modificación ou a separación do concello interesado.

Título VI

Da disolución do Consorcio

Artigo 19º

1. O Consorcio poderá disolverse en calquera momento, en virtude de calquera das causas previstas na lexislación vixente, a través do procedemento previsto na Lei de administración local de Galicia.

2. Unha vez incoado o expediente de disolución por acordo da Asemblea, a Comisión Executiva elaborará, no prazo de tres meses, unha proposta de disolución e liquidación, incluíndo as disposicións relativas ó destino que se lle ha de dar ó persoal e á distribución do patrimonio. A dita proposta someterase a aprobación inicial pola Asemblea, dando comezo ó procedemento de aprobación da disolución. Ata tanto non se aprobe definitivamente o acordo de disolución e liquidación e se publique no Diario Oficial de Galicia, o Consorcio manterá a súa personalidade xurídica.

3. O acordo de disolución poderá apoderar a un o a varios vogais da Asemblea para a execución das operacións liquidatorias necesarias trala disolución do Consorcio, ou delega ou encomendarlle a súa xestión á Deputación Provincial. En ambos casos, os xestores da liquidación, unha vez executada esta de modo completo, deberán render contas das actuacións levadas a cabo ante unha comisión integrada polos representantes legais das entidades consorciadas.

Artigo 20º.-

A distribución do patrimonio levarase a cabo en proporción ás achegas establecidas, sen prexuízo do dereito preferente dos municipios onde se localicen os inmobles ou instalacións

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

permanentes para optar á súa adxudicación, sempre que se garanta a proporcionalidade no reparto, se é o caso, mediante o establecemento das compensacións económicas precisas.

Disposición Final.-

Os presentes estatutos entrarán en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, sempre que transcorresen os prazos previstos no artigo 70 da Lei reguladora das bases do réxime local.

2º.- Aprobala participación da Deputación Provincial no dito Consorcio, designando como representante legal na súa Asemblea ó presidente da Deputación Provincial, conforme co previsto nos ditos estatutos.

21º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que vai formular seguidamente rogos e preguntas, para a súa atención e resposta por parte da Presidencia:

- Fai un rogo con espírito construtivo para que se sinalice a estrada de Pena Corneira, que é da Deputación.
- Pregunta cando se lles van facilita-la facturas da “*redecoración*” do despacho da Presidencia, xa que hai días que están solicitadas e aínda non lles chegaron.
- Pregúntalle á Presidencia qué coñece do investimento, ó parecer para Nova Manzaneda, duns sete millóns de euros para a Estación de Manzaneda, xa que nas fotografías da prensa non aparece o Sr. presidente e si aparecen outros políticos. De todos modos quere felicitar á Xunta de Galicia se esta noticia é certa.
- Non sabe se o Sr. presidente é tenente de alcalde ou só concelleiro de Esgos, e en relación con este concello pregunta por qué na adecuación do camiño que une a C-536 e o paralelo existente pola parte norte á altura da residencia de persoas maiores, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, a Xunta de Galicia, e o propio Concello de Esgos, non figura a Deputación Provincial de Ourense, xa que segundo a información da que dispón a Deputación puxo 120.000 euros para este camiño. Pregunta tamén cal foi o financiamento final deste camiño.
- Continuando co Concello de Esgos, pregúntalle ó presidente se coñece o parque biosaudable que lle mostra nunhas fotografías para que se vexa o estado no que está. Ó parecer, a Deputación achegou 180.000 euros para este parque e pensa que se isto é así, este sería o parque biosaudable

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

máis caro do mundo, xa que os aparellos poden custar uns 20.000 euros e o resto sería para a adecuación do parque, cousa que lle parece excesiva e máis nestes momentos.

- Respecto ó *aplausómetro* en relación cunha charla que presentou o Sr. presidente en Santiago acompañado de moitos funcionarios desta Deputación, di que pediu información por escrito sobre o permiso que tiñan estes funcionarios para asistir (vacacións, asuntos propios ...) e contestóuselles que eses funcionarios ían recupera-las horas en horario de tarde (cando se lles di todo o contrario para poder ver expedientes). Pide unha relación deses funcionarios e pregunta cando se recuperaron esas horas, xa que lle parecería moi grave e preocupante que non se recuperasen esas horas, porque se “*paralizou*” a administración para que esas persoas se desprazasen a Santiago. Entende que os funcionarios fosen á presentación do Plan estratéxico da Deputación, pero non a outras cuestións.

O **Sr. presidente** responde o seguinte:

En canto a que se sinalice a estrada de Leiro a Pena Corneira, toma nota do rogo e trasladarallo á Área de Infraestruturas para os trámites pertinentes.

En relación coas facturas da redecoración do despacho do presidente e da sala de xuntas di que descoñece que non se lle entregasen. O 12 de xuño o portavoz do PSOE pediu unha copia de 70 documentos, e ten coñecemento de que ó día da data xa se lle entregou copia de 55, pero o luns entregaráselle o resto da documentación.

Con respecto á “Nova Manzaneda” e ás fotos ás que aludiu o portavoz do Grupo Socialista, manifesta que as persoas que apareceron nelas son os accionistas de Meisa, porque a Deputación, neste momento, non é accionista. Se se produce algunha boa nova con respecto á estación de Manzaneda a Deputación estará apoiando e sabe que tiveron lugar moitas reunións para reflota-la estación e que vaia adiante, interese que compartimos todos. Queda coa felicitación que fixo o portavoz á Xunta de Galicia, que é importante salientala.

Di que en Esgos é simplemente un concelleiro, e en canto ás preguntas relacionadas con ese Concello responde o seguinte: en primeiro lugar, con respecto á se a Deputación aparece nunha determinada sinalización, manifesta que se informará de se tiña que aparecer ou non, e se así fose aparecerá e se non tiña que aparecer xa non aparece. Di que lle estraña moito que a Deputación achegase 180.000 para un parque biosaudable, porque sería o parque máis caro non só do mundo, senón do universo enteiro; preguntará por este tema, pero durante a súa xestión non ten coñecemento dese tipo de actuación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

En canto ó aplausómetro ó que fixo referencia, di que foi invitado por Nova Economía Forum (a segunda vez en dous anos en Santiago, no Hostal dos Reis Católicos) para falar do futuro das deputacións. No pasado Pleno fíxose extensiva a invitación a tódolos deputados para que puidesen participar, porque se ía falar da Deputación. Pensa que é bo que se invite ós presidentes das institucións para falar de si mesmas e do seu futuro. Este mesmo mes organizouse unha xornada de debate sobre o futuro das provincias, á que tamén estaban invitados tódolos deputados, pero como non apareceu é lóxico que agora pregunte porque terá algunha dúbida. Non ten ningunha dúbida de que toda a xente que foi, funcionarios desta casa ou non, estaban convenientemente autorizados e recuperaron o tempo (tempo que o portavoz do Grupo Socialista considera perdido).

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, pregunta en primeiro lugar se a Presidencia coñece obras de actuación da brigada de Vías e Obras na estrada 525, termo municipal de Trasmiras, núcleo de Abavides, fronte á vivenda familiar dun concelleiro do Partido Popular. En segundo lugar pregunta se é competencia da Deputación este tipo de actuacións. Dille á Presidencia que se quere lle pasa a información gráfica da que dispón.

O **Sr. presidente** responde que si lle gustaría que lle pasase a información gráfica e información máis precisa para poder responderlle convenientemente as súas preguntas.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que a información que solicita é se son competencia da Deputación Provincial actuacións deste tipo e se a Presidencia as coñece.

O **Sr. presidente** di que lle están mostrando unhas fotos que as está vendo por primeira vez, ten que fiarse do que lle di a señora deputada, por iso pide maior concreción na información, para poder supervisa-los datos e responder convenientemente.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, anuncia que vai facer tres preguntas. A primeira pregunta é se seguen criterios obxectivos baseados en aspectos como a densidade do tráfico cando se levan a cabo tarefas de conservación de estradas ó longo en ancho da provincia. En segundo lugar, e en relación coas vías provinciais, di que nesta época do ano a maleza é evidente e hai moitas queixas dos veciños que din que as brigadas non van rozar. Pregunta se hai un plan de actuacións fixado ou se actúa de xeito aleatorio neste tipo de actuación. A terceira pregunta é por qué se investiron 3.525 euros nun elevador do Museo da Música, cando este edificio está practicamente en desuso e se considera que isto é austeridade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

O **Sr. presidente**, responde que en canto os criterios obxectivos para tarefas de conservación de estradas, di que as actuacións que se desenvolven na Área de Infraestruturas se basea nese tipo de criterios. Esta semana asistimos á presentación da memoria de estradas, de tráfico e de velocidades, que tivo lugar no Centro Cultural e se lle deu cumprida información a tódolos políticos antes da súa presentación. En canto a se é aleatorio ou non o funcionamento das brigadas, di que estas actuacións responden a unha programación absolutamente transparente, que se fai desde a Área de Infraestruturas tendo en conta as peticións dos concellos e en función da urxencia das necesidades. En canto ós 3.525 euros do *rubidoiro* do Museo da Música, di que se informará adecuadamente, pero non descarta que a instalación deste ascensor se colocase por seguridade no traballo e sempre tendo en conta o proxecto de construción ou adaptación do local.

D.^a Mónica Vázquez Blanco, do Grupo Socialista, quere saber se o Sr. presidente vai reprobala conduta do Sr. presidente da Xunta de Galicia, Sr. Núñez Feijoo, pois hai tres días, o pasado martes día 26, no Pleno do Parlamento de Galicia adoptouse o seguinte acordo por tódalas forzas políticas: *O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a rexeita-la proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial prevista no seu informe, principios para unha nova demarcación xudicial no que se refire á supresión de partidos xudiciais por prexudicar directamente á administración de xustiza e ós seus usuarios en Galicia*. Este é o texto íntegro do acordo, exactamente o contrario do que votou o Grupo Popular aquí o día 31 de maio nunha moción do Grupo Socialista, para apoia-la non supresión dos partidos xudiciais da provincia de Ourense. Cre a cidadanía merece unha resposta e quere saber tamén se isto é un novo pulso Sr. Núñez Feijoo *versus* Sr. Baltar Blanco.

O **Sr. presidente** responde que en absoluto vai reprobar ó Sr. Núñez Feijoo, e quere dicir que cando o Grupo Popular se posicionou neste Pleno tampouco recibiu ningunha reprobación por parte do Sr. Núñez Feijoo.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG, pide, en primeiro lugar, se se lles pode facer chegar unha copia do convenio marco co presidente da Xunta, para saber en que consiste esa cooperación entre a Deputación e a Xunta e en que termos está. En segundo lugar, di que aquí se falou dun plan de emprego dun millón e pico de euros, pide se se lles pode explicar para saber como vai ser e en que termos está.

O **Sr. presidente** responde que o 20 de xuño, en Santiago de Compostela e co presidente da Xunta, asinou un Protocolo Xeral de Colaboración entre a Xunta de Galicia e as catro

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de xuño de 2012
--

deputacións provinciais de Galicia. Nese protocolo xeral inclúense unha serie de posibles convenios que implican achegas económicas da Xunta de Galicia ás deputacións. Ó día de hoxe aínda non se asinou ningún deles, pero deuse o prazo dun mes e no momento que se lle fagan chegar compartiraos cos grupos políticos. E en relación co Plan de emprego di que é consecuencia directa dun deses convenios.

D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do BNG, nas comisións se falou de que o Plan de Servizos Sociais ía estar avanzado para este pleno. Á vista de que non se tratou, pregunta para cando vai estar listo e se os grupos van ter acceso a esa proposta. En canto ó Servizo de Teleasistencia, comentouse que por parte dos servizos técnicos se estaba a facer unha especie de depuración do sistema; pregunta como está ese proceso e se volve haber operatividade para novas solicitudes.

O **Sr. presidente** responde que por primeira vez na historia se ía aprobar un Plan de Servizos Sociais, que é unha das accións previstas no Plan Ourense 92. No cronograma establecíanse os meses de xuño ou xullo, xa que non sabían se daría tempo de traelo a este pleno. Anuncia que este asunto se tratará no pleno do mes de xullo, que será o venres día 27, e terase a oportunidade velo nas comisións do xoves 19 de xullo. Antes desa data ten previsto facer unha presentación para que poidan comezar a facer achegas para enriquece-lo texto, dentro do compoñente económico que forma parte deste plan. Cinco días antes do pleno tamén haberá xunta de portavoces na que se poderá pulir algún aspecto e espera que os técnicos, que están estudando tódalas posibilidades adaptadas á nova realidade, teñan elaborado o documento canto antes. En canto ó Servizo de Teleasistencia di que lles vai pedir un informe ós responsables para que aclaren eses termos, porque neste momento non ten información sobre ese tema.

E, ás 15:05 horas do citado día vinte e nove de xuño do ano dous mil doce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,